

Elena Cabrejas

As paisaxes culturais de montaña en Galicia: coñecemento e xestión en parques eólicos



Santiago de Compostela 2010



CSIC
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

CAPA 25

Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio

As paisaxes culturais de montaña en Galicia: coñecemento e xestión en parques eólicos

Elena Cabrejas



CSIC

Laboratorio de Patrimonio
Consejo Superior de Investigaciones Científicas

Data de edición: setembro 2010

CAPA 25

Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio

Consello de Redacción

César Parcero-Oubiña, LaPa - CSIC (director)
David Barreiro, LaPa - CSIC (secretario)
Yolanda Álvarez González, Terra Arqueos S.L.
Lois Armada, LaPa - CSIC
María Luz Endere, Universidad Nacional del Centro de la Provincia de Buenos Aires - UNICEN
Silvia Fernández Cacho, Instituto Andaluz de Patrimonio
César González-Pérez, LaPa - CSIC
Ignasi Grau Mira, Universidad de Alicante
Pilar Prieto, Universidade de Santiago de Compostela

Consello Asesor

Jesús Bermúdez Sánchez, Comunidad de Madrid
Rebeca Blanco-Rotea, LaPa – CSIC
Manuela Costa-Casais, LaPa – CSIC
Fidel Méndez Fernández, Past S.L.N.E.
Maria Conceição Lopes, CEAUCP, Universidade de Coimbra
Elías López-Romero, LaPa – CSIC
Dorothy Noyes, The Ohio State University
Eugenio Rodríguez Puentes, Xunta de Galicia

Edita

Laboratorio de Patrimonio (LaPa)
Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Enderezo de contacto

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela

Teléfono +34 981 547053
Fax +34 981 547104

E-mail E-mail lapa@iegps.csic.es
Web www.iegps.csic.es/lapa

Depósito Legal: C 3287-2010

ISSN: 1579-5349

TÁBOA DE CONTIDO

Nota da autora	5
Presentación.....	6
Revisión histórica: a evolución nos procesos de Avaliación e Corrección do Impacto	
Arqueolóxico	7
Impacto Arqueolóxico como instrumento para a xestión do Patrimonio	7
Camiños paralelos: desenvolvemento do LAr e dos procesos de Avaliación e Corrección do Impacto Arqueolóxico	8
As ferramentas administrativas para a protección do Patrimonio Cultural.....	10
Bases Metodolóxicas	12
Catro notas do Proxecto Marco de Corrección do Impacto Arqueolóxico da Rede de Gasificación de Galicia	13
Proxecto Marco de Avaliación do Impacto Arqueolóxico do Plan Eólico de Galicia	13
Metodoloxía específica para a diagnose e corrección do Impacto Arqueolóxico.....	14
A diagnose e tipificación do impacto arqueolóxico.....	14
Criterios para o plantexamento das medidas correctoras	16
A Corrección do Impacto Arqueolóxico	17
A construción dun Parque Eólico. Exposición e descrición dos datos	19
Análise e compoñentes dun Parque Eólico	19
Cuantificación dos datos manexados e Síntese de Resultados	22
Cuantificacións e análise de datos.....	22
Exposición de Datos e Resultados dos PE realizados polo LAr	22
Análise e Crítica dos datos	51
Comparación entre Avaliación e Corrección.....	51
Comparación entre Proxecto e Memoria	52
Grado de cumprimento do Plan Global de Medidas Correctoras	53
Cuantificación e análise dos xacementos documentados na CIArq	54
Resultados concretos das áreas cauteladas	55
Os ámbitos de protección eólica. Plans de conservación e revalorización dos P.E. de Codesas, Fonsagrada e Fonteavía-Bidueiros	56
Conclusións.....	57
Referencias	58
Táboas.....	61
Catálogo	63
Figuras	119

Ficha Técnica

Autoría do texto

Elena Cabrejas

Coordenación dos traballos e supervisión do texto

David Barreiro

referencias

Baseado no Traballo de Investigación do Terceiro Ciclo (Bienio 2001-2002) realizado pola autora no Departamento de Historia I, Universidade de Santiago de Compostela, baixo a dirección do Prof. Felipe Criado Boado

financiamento

Financiamento da edición: Laboratorio de Patrimonio

CAPA 25

As paisaxes culturais de montaña en Galicia: coñecemento e xestión en parques eólico

Elena Cabrejas Domínguez

Laboratorio de Patrimonio (LaPa)

Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Primeira edición

Resumo

Preséntase unha síntese dos traballos de Corrección de Impacto Arqueolóxico en proxectos de construción de Parques Eólicos, realizados dende o ano 1996 polo reconvertido grupo de investigación que deu lugar ao actual Laboratorio de Patrimonio. Este traballo ten coma orixe o Traballo de Investigación de Terceiro Ciclo presentado pola autora no ano 2002, retomado e actualizado máis tarde ate abarcar os primeiros meses do 2008 con novos proxectos e recentes conclusións que de seguro que no momento da súa publicación estarán xa amplamente superados. Pese a elo, deste documento poderá extraerse unha boa perspectiva das paisaxes culturais de montaña en Galicia, dos elementos patrimoniais que as configuran e de como se compatibiliza ou establece a súa relación co desenvolvemento das novas infraestruturas.

Abstract

This texts consist fo a synthesis of the works of Archaeological Impact Assessment in wind farms projects executed since 1996 by the research unit today known as The Heritage Laboratory. This monograph has its origins in a Doctorate Dissertation presented by the author in 2002. It has been reviewed and updated to include projects developed up to the beginning of 2008. The aim of this document is to provide with an overview of the cultural landscapes of Galician uplands, of the heritage elements that characterize them and of how the working processes aimed to assess and alleviate the impact of wind farms development on them.

Palabras Chave

Control e seguemento arqueolóxico, Corrección de impacto arqueolóxico, Avaliación de Impacto Arqueolóxico, Evaluación de Impacto Ambiental, Parque eólico, Paisaxes Culturais

Keywords

Archaeological Monitoring, Archaeological Impact Correction, Archaeological Impact Assessment, Enviromental Impact Assessment, Wind farm, Cultural Landscapes

NOTA DA AUTORA

O lector que afronte este traballo haberá de facelo cunha mirada crítica pero comprensiva e considerada respecto ás circunstancias da súa composición. Non hai que esquecer que se trata basicamente dun Traballo de Investigación de Terceiro Ciclo elaborado e presentado no ano 2002. Diversas circunstancias imposibilitaron a súa publicación nun tempo prudencial respecto ao remate do traballo, polo que, pasado o tempo e valorando a necesidade de difundir os datos analizados pola súa significatividade, estratexia e praxe analítica, decidín retomalo tendo claro que o traballo precisaba cando menos dunha actualización da cuantificación dos datos referidos e, probablemente, da análise dos datos e as conclusións finais, tarefa que se fixo entre finais do ano 2007 e principios do 2008. Porén, considerouse que intervir en demasía no texto orixinal non só plantexaba o risco de mudar os contidos e o sentido primixenio, xa que é evidente que a día de hoxe contamos con novas experiencias, bibliografía actualizada, e en definitiva con outra perspectiva que supera en boa medida a visión inxenua que o texto orixinal plantexa, senón que retardaría aínda máis a publicación do mesmo. É por estas e por outras razóns que o presente traballo pode ser amplamente cuestionado, máis aínda cando no momento da súa publicación os seus contidos estarán xa cumpridamente superados. Pese a iso, deste documento poderá extraerse unha síntese de procedementos e resultados da Corrección do Impacto sobre o Patrimonio Cultural na construción de parques eólicos e, concretamente, unha boa perspectiva das paisaxes culturais de montaña en Galicia e de como se concilia a relación entre elementos patrimoniais e desenvolvemento de novas infraestruturas.

PRESENTACIÓN

O traballo que a continuación se presenta tenta amosar unha síntese dos diferentes traballos de Corrección de Impacto Arqueolóxico en proxectos de construción de Parques Eólicos realizados baixo o control e seguimento arqueolóxico do Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe (LAr en adiante) do IEGPS (CSIC- Xunta de Galicia) e a súa unidade asociada Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe (LPPP en adiante) do IIT (USC). Ó mesmo tempo, tenta realizar unha análise crítica da información xenerada, unha valoración correcta do alcance e significación destes proxectos, e asimesmo de contextualizar os resultados. O produto agora presentado ten orixe no meu propio Traballo de Investigación de Terceiro ciclo, tutelado polo Prof Dr. Felipe Criado Boado, e presentado no ano 2002 baixo o título de “A Arqueoloxía no plano eólico de Galicia: Estudos de corrección do impacto”. Porén, os cambios que se veñen producindo de xeito máis ou menos substanciais segundo os casos, experimentados nos proxectos de corrección de impacto arqueolóxico na construción de parques eólicos entre os anos 2002 e 2007, produciron a necesidade de retomar e actualizar o traballo orixinal, presentando os sucesivos proxectos e extraendo novas conclusións.

O LAr e LPPP¹ levan xa varios anos traballando no campo da Avaliación e Corrección de Impacto Arqueolóxico (ElArq e CIArq) de Obras Públicas de grande envergadura, procurando aunar práctica administrativa e teoría arqueolóxica. Atrás queda toda unha longa serie de actuacións en multitude de proxectos que deron como resultado a elaboración e perfeccionamento duns criterios teóricos, prácticos, metodolóxicos, en definitiva, duns criterios de xestión do Patrimonio Cultural que servirán indubidablemente como guía de procedementos para traballos futuros. Dende maio de 1995, o LAr ven efectuando traballos de prospección arqueolóxica destinados á realización de estudos de Avaliación de Impacto Arqueolóxico dunha serie de proxectos de construción, englobados dentro do Plan Eólico Estratáxico da Xunta de Galicia (*Proxecto Marco de Avaliación e Corrección do Impacto Arqueolóxico do Plan Eólico Estratáxico de Galicia*, presentado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o 22 de xullo de 1996) e xestionados por GESTENGA (Gestión Enerxética de Galicia, S.A.) ata agosto de 2000. Os obxectivos fixados no Proxecto Marco e a posterior evolución das bases metodolóxicas respondían ás necesidades dunha estratexia integradora e a unha

evolución lóxica en función das necesidades xurdidas.

Concretamente, a Corrección de Impacto Arqueolóxico poderíase definir como o programa de traballo mediante o cal se establecen mecanismos de control para resolver os riscos ou agresións sobre o Patrimonio Cultural durante a fase de construción dun proxecto de obra. A súa finalidade é múltiple, pois por un lado debe controlar que se adoptan as medidas correctoras especificadas na Declaración de Efectos Ambientais, por outro debe inspeccionar as obras e sobre todo as remocións de terras para prever a aparición de incidencias arqueolóxicas non previstas, adoptar sobre a marcha as cautelas oportunas para saír ó paso destes impactos imprevistos, e por último, debe poñer en práctica tódalas accións oportunas, previstas ou non, para correxir, paliar, mitigar ou compensar o impacto arqueolóxico.

Por iso, unha iniciativa como a que nos ocupa resulta debedora en grande medida dos iniciais esforzos encamiñados á homoxeneización de criterios e á sistematización metodolóxica. Por outra banda, tamén se evidencia que esta iniciativa supón un intento de rentabilizar a información xenerada durante a realización dos traballos de prospección e inventario, así como da posterior valoración dos bens inventariados.

Pola súa banda, afrontar estes traballos desde o mundo universitario permitía á súa vez axudar ó desenvolvemento da investigación aplicada que tantas lagoas presentaba, e superar o tradicional distanciamento co enfoque académico centrado estritamente na investigación.

O traballo que se presenta a continuación organiza os seus contidos seguindo unha secuencia lóxica. En primeiro lugar, preséntase unha evolución histórica dos procesos de Avaliación e Corrección de Impacto, das ferramentas de xestión do Patrimonio arqueolóxico e do papel xogado polo LAr neste laborioso panorama. A segunda parte céntrase naquelas cuestións de base metodolóxica que servirán para fundamentar, organizar e orientar o desenvolvemento dos traballos. Por fin un terceiro bloque presenta e analiza as compoñentes dun Parque Eólico e amosa unha síntese dos traballos de construción empregados no presente estudo; neste último apartado trátanse os proxectos independentemente facendo especial fincapé no diagnóstico do impacto e adopción de medidas correctoras necesarias para solventar as incidencias xurdidas durante a fase de seguimento das obras, facendo consecuentemente un balance do número de entidades tratadas. A continuación realízase unha análise e crítica dos datos anteriormente expostos, na que tratan de abarcarse problemáticas con ópticas ben diferentes e, como remate, presentáranse as conclusións extraídas do propio traballo e do procedemento de CIArq.

¹ Anteriormente Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe do departamento de Historia I da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago e logo Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais do IIT da USC.

REVISIÓN HISTÓRICA: A EVOLUCIÓN NOS PROCESOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DO IMPACTO ARQUEOLÓXICO

Si votamos unha ollada rápida a un pasado non moi lonxano podemos ver un claro desenvolvemento no campo da Arqueoloxía, unha disciplina que partiu dun ámbito exclusivamente académico para, en poucos anos, constituírse en catro sectores necesarios (necesario na acepción do *que forzosa e inevitablemente ha de ser ou suceder*) a saber: a arqueoloxía académica, a arqueoloxía divulgativa, a arqueoloxía pública e a arqueoloxía comercial ou contractual (Criado 1996). Sen afondar máis nestas diferenzas, dicir tan só que este desenvolvemento acabou derivando nun conflito entre a chamada *arqueoloxía de investigación* e a *arqueoloxía de xestión*. Penso sin embargo que resulta evidente que a correcta xestión do Patrimonio Cultural cobra sentido a través da colaboración e integración destas dúas vertentes. Si é posible concebir as disciplinas históricas e a xestión do Patrimonio histórico como práctica valorativa (que recolle os datos históricos e os reintroduce nun contexto de uso actual dentro do cal adoptan novos valores) e empresa de coñecemento, poderíase reorientar a coordinación entre investigación e xestión dese Patrimonio.

Agora ben, falar de Patrimonio Cultural e, concretamente, de Arqueoloxía no contexto das Obras públicas, supón incorporala á esfera do plantexamento ambiental e, consecuentemente, ó ámbito da ordenación do territorio. Trátase neste caso da arqueoloxía aplicada, preventiva ou de xestión, desenvolvida fundamentalmente no marco das obras públicas, que se caracteriza por responder a unha necesidade derivada do desenvolvemento das políticas de planeamento ou de infraestruturas e que, polo tanto, é allea na súa orixe ós considerandos científicos propios da disciplina (Llavori 1998). Incorporar a arqueoloxía nestes plans supón recoñecer que pertence a unha denominada política cultural que desenvolve a administración, nos seus diferentes niveis e que, ó formar parte da paisaxe e do territorio é imprescindible tela en conta na toma de decisións sobre o espazo sobre o que se asenta e ó que pertence. A arqueoloxía é incómoda en tanto que *ocupa* un lugar físico obxecto de intereses diversos. Por eso, a súa xestión debe vincularse a aquelas fases de planeamento e organización, por unha banda o máis xerais posibles dende o punto de vista administrativo e territorial e, por outra, o máis precoces en canto ó desenvolvemento temporal dos proxectos que a implican. Dito doutra forma, a xestión idónea do patrimonio arqueolóxico debería ser aquela que incorporase a arqueoloxía como ente activo na esfera da planificación do territorio, e que establecese os criterios fundamentais para poder decidir que é o que hai ou merece ser conservado (enténdase esto nunha situación extrema) e qué se pode destruír (no senso de escavar ou executar as pertinentes medidas de corrección). É precisamente por este camiño, polo que corren paralelos os procedementos de Avaliación e Correc-

ción de Impacto Arqueolóxico, que ben levados non teñen por qué xenerar conflito entre preservación do patrimonio arqueolóxico e política de obras públicas e desenvolvemento.

Impacto Arqueolóxico como instrumento para a xestión do Patrimonio

Inevitablemente, o desenvolvemento económico xenera unha alteración significativa do medio ambiente que, como se deixou ver máis arriba, é produto da historia e da acción humana e, polo tanto atópase cargado de *sentido histórico*. Nesa alteración ocupan un lugar relevante os efectos negativos sobre os elementos que constitúen o Patrimonio Cultural e, en concreto, o Patrimonio Arqueolóxico. Os efectos directos ou indirectos da acción humana actual sobre ese Patrimonio pódese denominar impacto arqueolóxico, orixe de arduos debates entre as posturas que enfrontan crecemento económico e conservación da memoria cultural. Ademais, engádese unha agravante e é que os bens que constitúen ese Patrimonio son, por natureza, limitados e non renovables.

As avaliaciós e declaracións de Impacto Ambiental son unha das ferramentas máis eficaces para minimizar os efectos negativos da acción humana sobre o medio. Á súa vez, segundo a normativa vixente na meirande parte dos países europeos, unha das dimensións que deben cubrir as avaliaciós e declaracións de Impacto Ambiental é precisamente o **impacto arqueolóxico**. A pesares da importancia do impacto arqueolóxico e do emprego destas ferramentas descritas, o seu tratamento e resolución é difícil e dista moito de ser satisfactoria pois o seu procedemento efectivo adolece de serias dificultades prácticas.

En primeiro lugar compre diferenciar entre Estudo de Impacto Arqueolóxico e Avaliación de Impacto Arqueolóxico. É necesario facer esta matización posto que un e outro interactúan e poden chegar a confundirse, máxime si temos en conta que, en sentido xeral, entendemos por Avaliación todo aquel proceso que ten como finalidade mesma avaliar o impacto arqueolóxico e que culmina polo tanto no correspondente apartado da *Declaración de Impacto Ambiental*. En realidade, a utilización do termo **Avaliación de Impacto** Arqueolóxico debería entenderse como o procedemento administrativo polo que, apoiándose no **Estudo de Impacto** Arqueolóxico presentado polo promotor ou titular dun proxecto, o organismo competente (en Galicia, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural) decide sobre a viabilidade arqueolóxica dun determinado proxecto e informa ó órgano competente en materia de avaliación ambiental (en Galicia, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental).

Pero tanto ou máis importante que realizar os estudos de impacto arqueolóxico é reclamar que se cumpran as súas consecuencias. Isto só se pode garantir mediante o deseño e aplicación dun *plan de execución de medidas correctoras*, que deberá ir de-

finido no Informe de Impacto Arqueolóxico, que terá que contar con un orzamento específico para a súa realización dentro do proxecto de obra, e que deberá ser supervisado pola autoridade arqueolóxica de forma que se garante o seu cumprimento e normal desenvolvemento. A esta segunda fase de traballo pódesele denominar **Corrección de Impacto Arqueolóxico**. O seu desenvolvemento é unha labor constante e multifacética posto que por un lado se debe controlar que se adopten as medidas correctoras previstas na Avaliación de Impacto Arqueolóxico e por outro se deben inspeccionar as obras, especialmente as remocións de terras, co fin de documentar incidencias arqueolóxicas non previstas e adoptar sobre a marcha as cautelas oportunas para salir ó paso (a corrección debe incorporar un *Plan de Seguimento* das obras). Por último, debe poñer en práctica tódalas accións oportunas, previstas ou non, para corrixir, paliar, mitigar ou compensar o impacto arqueolóxico (o que se fará mediante un *Plan de Intervencións* arqueolóxicas deseñadas especificamente con esta intención: controles, sondaxes, escavacións, mostraxes, revalorizacións,...). En definitiva e de maneira simplista, en materia arqueolóxica, a corrección de impacto só pode adoptar dúas formas básicas; ou ben a conservación do elemento arqueolóxico mediante a modificación do proxecto de obra ou ben a súa documentación mediante a súa *destrución* con metodoloxía arqueolóxica.

Camiños paralelos: desenvolvemento do LAr e dos procesos de Avaliación e Corrección do Impacto Arqueolóxico

Posto que este traballo bebe directamente dos procedementos e resultados xenerados polos traballos que o LAr ven realizando no marco de proxectos de Avaliación e Corrección do Impacto Arqueolóxico da construción de Obras Públicas, trátase de introducir a continuación unha serie de plantexamentos que foron acompañando a evolución deste Grupo. Dende o ano 1991 en que a Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, solicitou á Universidade de Santiago a dirección e coordinación dos proxectos de control do Impacto Arqueolóxico das grandes Obras Públicas (Oleoduto Coruña-Vigo proxectado por CLH, a Rede de Gasificación de Galicia proxectada por ENAGAS e as Autovías de Enlace coa Meseta polo MOPT) que se iban levar a cabo durante os anos seguintes no territorio galego, ven desenvolvéndose todo un denso e intrincado proceso de xeneración de metodoloxías e procedementos para facer fronte a estes traballos e ás necesidades que con eles foron xurdindo. Felipe Criado, naquel momento membro do Departamento de Historia I da USC, asume este encargo, plantexándose o reto de deseñar un programa de traballo unitario e integrador capaz de dar resposta á tan inxente problemática arqueolóxica. E foi precisamente ese o xermen do Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe, que posterior-

mente pasaría a integrar o Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais (en adiante LAFC) do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da USC. Evidentemente, non cabe dúbida de que o ano 91 supuxo un marcado punto de inflexión respecto ó traballo realizado con anterioridade, especialmente, a nivel da nosa Comunidade Autónoma.

Pero un papel especial en todo este proceso de maduración foi o exercido polos traballos de Avaliación e Corrección do Impacto Arqueolóxico da construción da Rede de Gasificación de Galicia. En realidade nunca ata o momento abordárase un traballo de tal magnitude, o que fixo necesario plantexar unha estratexia de partida que, evidente e lóxicamente foi desenvolvéndose de maneira paralela ás actuacións, e foi dando lugar á creación dun modelo de traballo sempre aberto a novas revisións.

Evidentemente, e pasada unha década, os resultados metodolóxicos do LAFC son froito de tódolos traballos e proxectos consecuencia das grandes obras antes citadas, ás que habería que engadir os que atinxen ó Plan Eólico de Galicia e a outros moitos proxectos menores e variados como avaliacións de minicentrales, redes eléctricas, etc. E polo tanto, como froito dun longo proceso de revisión, son elemento constituinte dun Proxecto de I+D para o desenvolvemento dunha metodoloxía de xestión sostible do impacto arqueolóxico ocasionado polo deseño e construción de Parques Eólicos (financiado pola Secretaría de I+D da Xunta de Galicia con cargo á convocatoria de proxectos do Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico do ano 2000). E foi precisamente pasada unha década, cando o LAFC puido plantexarse o obxectivo de definir os procedementos para a xestión integral do Impacto Arqueolóxico, que serviran como modelo e pudesan contribuir ó deseño dunha metodoloxía xeral para o seu tratamento, labor que se plasma claramente nunha publicación do ano 2002².

Deste xeito, e dende un principio, o argumento fundamental para corrixir e mitigar o impacto arqueolóxico das Obras Públicas antes citadas defende a “integración da actuación arqueolóxica de carácter técnico e patrimonial dentro dun proceso de construción de coñecemento arqueolóxico” (Criado 1992a: iv). Isto quere decir que, no caso presentado por este tipo de obras, a intervención sobre o patrimonio acaba sendo algo necesario e inevitable na meirande parte dos casos, pero non se debe esquecer que esta intervención debe servir como fonte que posibilite a investigación sobre ese patrimonio. Precisamente, a investigación orientada á xeneración de coñecemento arqueolóxico, a partir evidentemente dos resultados prácticos dos traballos realizados, foi seguindo a liña trazada pola denominada **Arqueoloxía**

² Amado Reino X., Barreiro Martínez D., Criado Boado F. e Martínez López M.C. 2002. *Especificaciones para una gestión integral del Impacto desde la Arqueología del Paisaje*. Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio, 26. Santiago de Compostela: LPPP

da Paisaxe. Esta corrente científica nace na década de 1980 no seo de novas alternativas que teñen como obxectivo fundamental superar a perspectiva espacial determinista dominante na Arqueoloxía Espacial (esta observación non pretende en absoluto difuminar a fundamental aportación da Arqueoloxía Espacial procesual á investigación sobre prehistoria e arqueoloxía) xurdida na década de 1960 no ámbito da New Archaeology anglosaxona. Producto dos máis recentes plantexamentos postprocesuais e a raíz dos distintos obxectivos de investigación, a Arqueoloxía da Paisaxe acabou por presentar multitude de enfoques que amosan diferentes formas de entender a paisaxe como obxecto de estudo.

Como se apuntou máis arriba, a corrente de investigación seguida polo LAFC formouse ó amparo deste complexo contexto no que navega a Arqueoloxía da Paisaxe. Concretamente, o noso LAFC optou por unha determinada perspectiva sobre a práctica arqueolóxica e o seu obxecto de estudo. Os termos básicos que poderían definir esta corrente son: **Arqueoloxía**, entendida como aquela “disciplina ou práctica cognoscitiva que intenta interpretar a través do rexistro arqueolóxico a integración da Cultura Material dentro dos procesos socioculturais de construción da Realidade” (Criado 1995: 8); **Rexistro Arqueolóxico** como o rexistro das “formas producidas (elementos móbiles e inmóbiles) pola acción social pretérita e que amosan a orientación específica do contexto sociocultural (ou pensamento) cara a realidade circundante (ou mundo)” (Criado 1992a:iv), considerando ademais que na súa formación interveñen tres instancias distintas, unha social (pretérita) que produce as formas orixinais, outra física (ou ambiental) que afecta a esas formas unha vez producidas, e outra socioinstitucional (ou contemporánea) que fainas accesibles mediante a práctica interpretativa dun determinado contexto socio-institucional; e **Paisaxe**, concepto no que se trata de proxectar unha nova dimensión entendendo a realidade espacial como unha realidade eminentemente social construída culturalmente, existindo unha estreita relación estrutural entre pensamento, subsistencia, organización social e concepción-utilización do medio ambiente, de xeito que o concepto *espacio* é substituído polo de *paisaxe*. Á súa vez, éste último é concebido como a obxectificación de prácticas sociais de carácter material e imaxinario, e estaría constituído por unha triple dimensión: en canto entorno físico (sobre o que os homes realizan as súas actividades), en canto entorno social (ou medio construído polo ser humano no que se producen as relacións entre individuos e grupos), e en canto entorno simbólico (ou medio pensado que ofrece a base para comprender a apropiación humana da natureza), (Criado 1996b: 17).

Os plantexamentos básicos desta liña de investigación son o punto de partida para o desenvolvemento dos traballos de Avaliación de Impacto Arqueolóxico (EIAr en adiante) en Obras Públicas. Isto débese a que ambos ámbitos de actuación comparten puntos de encontro no tocante ós obxectivos prioritarios, ás características, problemática e plantexamentos metodolóxicos. En primeiro lugar, a problemática que presentan os proxectos de investigación de Arqueoloxía da Paisaxe e os de EIAr é

moi similar xa que nos dous é fundamental o estudo de territorios amplos e da distribución de xacementos arqueolóxicos nos mesmos; por outra banda, e como xa se apuntou, ambos traballan co mesmo tipo de entidades, constituídas non só polos xacementos convencionais senón tamén por aqueles puntos que aparentemente non parecen presentar significación arqueolóxica; en terceiro lugar, e dende o punto de vista práctico, nos dous tipos de actuacións é necesario tratar con elementos na súa meirande parte de natureza invisible para poder establecer consecuencias ou previsións arqueolóxicas; e finalmente, dende unha perspectiva metodolóxica, ambas descansan fundamentalmente sobre prospeccións territoriais e sobre o tratamento de información de carácter arqueo-xeográfico. Este paralelismo fixo posible que un programa de investigación en Arqueoloxía da Paisaxe aportase os plantexamentos, a metodoloxía, as convencións, os modelos interpretativos e incluso os criterios de acción práctica necesarios para, en primeiro lugar, solventar a problemática arqueolóxica e patrimonial plantexada pola construción das obras e, nun segundo lugar, non menos importante, desenvolver un traballo de investigación empregando o rexistro arqueolóxico xenerado nas actuacións de avaliación e corrección de impacto arqueolóxico desas obras.

Nesta dinámica presentada, para acadar a síntese entre o control das obras e o estudo das paisaxes do pasado, a estratexia de traballo adoptada considerou unha serie de orientacións metodolóxicas concretas co fin de desenvolver tres grandes temas de base teórico-práctica nos que centrar a investigación, a saber: a **Arqueoloxía Ambiental** (permite analizar as condicións paleoecolóxicas e paleoambientais das zonas afectadas ó tempo que considera as propias condicións ambientais dos xacementos establecendo unha analoxía débil do patrón distributivo destas entidades coa paisaxe rural tradicional, que permite definir unha serie de regularidades de emprazamento e distribución do poboamento nas diferentes épocas), a **Arqueoloxía do Emprazamento** (o estudo e análise do patrón de emprazamento dos xacementos baséase nunha descrición exhaustiva das características da localización puntual dos mesmos, o cal terá unha importancia fundamental na configuración de modelos predictivos de localización que deron moi bos resultados na estimación sobre a existencia de xacementos de natureza invisible) e a **Arqueoloxía Rural** (que se centra no estudo da xenealoxía arqueolóxica e na evolución histórica dos elementos da paisaxe rural tradicional de Galicia: terrazas de cultivo, antigas vías de comunicación, utilizacións do monte, etc., gracias á grande riqueza informativa coa que aínda contamos pero que nas últimas décadas se atopa en vías de desaparición). Esta triple orientación é en realidade a base teórico-práctica da estratexia de investigación en Arqueoloxía da Paisaxe e, realmente de toda a estratexia de traballo desenvolvida, co fin de ampliar o coñecemento sobre as paisaxes arqueolóxicas galegas e, sobre todo, aproveitar, dende o punto de vista científico, a grande oportunidade que nos foi brindada no marco da Avaliación e Corrección do Impacto Arqueolóxico.

Con este obxectivo de rentabilizar en termos de coñecemento arqueolóxico o proxecto a desenvolver, o LAFC estableceu unha serie de prioridades de estudo en función das características das obras e do estado da investigación arqueolóxica galega, referidos ós modelos de variabilidade diacrónica na distribución dos grupos sociais, á definición da dinámica e distribución do poboamento, á distribución e morfoloxía dos xacementos habitacionais de natureza non visible,... (Criado 1992a: 41-43; Criado, Amado e Martínez 1998: 20-22).

Por outra banda, os traballos de Avaliación e Corrección de Impacto Arqueolóxico de Obras Públicas desenvolvidos dende o ano 1991, e as grandes demandas que estas obras xeneraban, puxeron de manifesto un problema que máis ben cedo que tarde había de saír á luz: a necesidade de adoptar unha estratexia de traballo que combinase tanto a proxección investigadora (investigación en sentido estricto) como a orientación patrimonial (esixencias da Administración do Patrimonio). A solución non se fixo esperar. Veu da man da revisión crítica sobre a propia natureza da Arqueoloxía e a súa situación presente, revisión que puxo a primeira pedra na reconstrución e creación dun proxecto de unidade de acción baseado na conciliación de ambas vertentes, proxecto no que *grosso modo* a Arqueoloxía debería reformular teoría e método para adaptarse ás novas demandas da xestión e rentabilización do Patrimonio arqueolóxico.

Gracias á consolidación dos principios teóricos anteriormente descritos e á especial experiencia aportada polos traballos de Avaliación e Corrección do Impacto Arqueolóxico da Rede de Gasificación de Galicia, que tanta repercusión tiveron no desenvolvemento dos procedementos de traballo, acadarase unha madurez de criterios que queda plasmada de maneira efectiva na presentación do *Proxecto Marco de Avaliación de Impacto Arqueolóxico do Plan Eólico de Galicia* presentado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en xullo de 1996, que será propiamente un dos temas que nos ocupe neste traballo.

Un último paso ven dado pola integración do grupo no ano 2002 no Consejo Superior de Investigaciones Científicas a través do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, que provocou a creación de dúas unidades asociadas; por un lado o Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe do IEGPS (CSIC-Xunta de Galicia) e por outro o Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe que permanece vencellado á USC e que pasou a integrar ademais a outros grupos interrelacionados coas estratexias e a investigación arqueolóxica como son a unidade de antropoloxía histórica co Prof. Dr. Marco G. Quintela ou a de paleoambiente co Prof. Dr. Antonio Martínez Cortizas, que permitiu por exemplo a colaboración no tratamento e análise de mostras na corrección do impacto arqueolóxico da construción do Corredor do Morrazo ou en proxectos como o de Arte Rupestre do Plan Galego, Nacional e Emergence. Pola súa banda, o Lar conta tamén coa unidade de Análise Territorial, que mediante o manexo de tecnoloxía GIS permitiu introducir novas ferramentas para a análise, estudo e a xestión do impacto arqueolóxico.

Todos estes cambios permitiron un enfoque máis multidisciplinar e marcaron sen dúbida un novo rumbo.

As ferramentas administrativas para a protección do Patrimonio Cultural

Tanto no ordenamento xurídico español como nos seus desenvolvementos autonómicos, o Patrimonio Cultural está considerado como un *ben de interés público* e é competencia da Administración Pública a función tutelar na conservación e xestión do mesmo; na práctica tradúcese en que a meirande parte das accións sobre o PC teñen que ser autorizadas pola Administración competente que, ademais, pode establecer as cautelas que estime oportunas para orientar esa acción.

Penso que non é necesario sinalar que, sen dúbida, os procedementos que máis repercusión e efectividade teñen sobre a protección do Patrimonio Cultural son os que atañen á lexislación ou, o que é o mesmo, á aprobación de leis e decretos específicos sobre a protección do patrimonio.

A lexislación española está fortemente impregnada das teorías defendidas pola corrente doctrinal italiana, de unificar nun mesmo bloque de dereitos a consecución dun medio ambiente adecuado e o disfrute do patrimonio histórico, integrando estes preceptos nos artigos 44, 45 e 46 da propia Constitución. Nembargantes, a realidade foi ben distinta, pois acabou dando lugar a ordenamentos xurídicos e organismos administrativos diferentes que, se ben tiñan elementos comúns, tendían a distanciarse. A separación dos órdenes xurídicos e administrativos conlevou unha serie de limitacións na xestión do patrimonio arqueolóxico, problemática que focalizáremos na Lei 16/85 do Patrimonio Histórico Español. Por outra banda, a LPHE sinala claramente a obrigación de someter toda obra que se desexa realizar nunha zona arqueolóxica á previa autorización da administración competente, aínda que a protección e tratamento deste tipo de bens mantíñase aínda pouco e mal desenvolvido. A este respecto, a necesidade de coordinación coa administración maniféstase especialmente no ámbito das Avaliacións de Impacto Ambiental (EIA)³.

³ As EIA naceron nos EEUU no 1969 como resposta á puxante consciencia sobre o control das actividades humanas que poidesen perxudicar á conservación do medio ambiente. Tal control había de ser exercido polos organismos públicos e privados, mediante a obtención previa da información real e completa sobre os efectos das actividades proxectadas no entorno social e natural (Rubio 1990: 44). O plantexamento sobre a función da EIA debe dirixirse a coñecer as consecuencias que poden derivarse das accións humanas tanto sobre o medio natural como sobre o xénero humano e as súas creacións.

En España, a normativa sobre a EIA ten o seu inmediato precedente na Directiva 85/337 da CEE e desenvolveuse mediante o RDL 1302/86 de Impacto Ambiental e o seu regulamento aprobado por RDL 1311/88. Esta regulación estatal veuse complementada con outra, destinada a cubrir e clarificar aspectos de cada Comunidade Autónoma. A obligatoriedade, boa aceptación e capacidade de adaptación da EIA convértena no único instrumento de protección e prevención de efectos indeseados sobre o medio ambiente natural e o patrimonio cultural, especialmente e voltando ó tema que nos ocupa, como salvaguarda dos bens de carácter arqueolóxico. O matiz ven da man dos problemas que suscita ter que limitarse á realización de traballos técnicos puntuais en ausencia dun programa de consenso, en definitiva, que o obxectivo da EIA debería ser, e así se demanda, o de aplicarse nun nivel integrador, de plans, políticas e programas globais. Aínda así, non deixa de ser un bo instrumento de salvagarda dos valores naturais e culturais. Indo un paso máis alá, poderíase incluso apuntar á Avaliación Ambiental Estratéxica como o novo campo de acción no que fortalecer os mecanismos de prevención e planificación fronte á improvisación e fragmentación.

Neste senso cabería relatar os produtos desta evolución lexislativa e facer unha diferenciación entre a lexislación xeral en materia de Patrimonio Cultural e a que se restrinxen ós procesos de Avaliación e Corrección do Impacto xenerado pola construción de obras, fundamentalmente de carácter público, aunque en moitos casos é evidente que se solapan indisolublemente⁴:

1. Lexislación Estatal:

- Lei 16/1985, de 25 de xunio, do Patrimonio Histórico Español.
- Decreto 111/1986, de 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/85, de 25 de xunio, do Patrimonio Histórico Español.
- Sentencia 17/1991, de 31 de xaneiro, do Tribunal Constitucional, dos recursos interpostos por Galicia, Cataluña e País Vasco contra determinados preceptos da Lei 16/85.
- Real Decreto 1131/88, de 30 de setembro, polo que se aproba o regulamento de execución do Real Decreto lexislativo 1302/86, de 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Real Decreto 64/1994, de 21 de xaneiro, polo que se modifica o R.D. 111/1986, de 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/85, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

⁴ A seguinte relación lexislativa está extraída dun documento básico realizado por Eugenio Rodríguez para o Curso de Especialización en Xestión Arqueolóxica do Patrimonio Cultural, celebrado no ano 2001 e organizado polo LAFC.

2. Lexislación de Galicia

- Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia.
- Decreto 430/1991, do 30 de decembro, polo que se regula a tramitación para a declaración de bens de interese cultural de Galicia e se crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.
- Resolución do 14 de maio de 1991 da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. Normas Subsidiarias e Complementarias de planeamento urbanístico das catro provincias galegas⁵.
- Decreto 63/92, do 19 de febreiro, polo que se reestrutura a composición e funcionamento das comisións do Patrimonio Histórico Galego.
- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 3/96, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 1/1997, do 24 de marzo, do suelo de Galicia.

A máis recente, e tal vez unha das máis importantes aportacións lexislativas, é a da *Avaliación Estratéxica da Sostibilidade* que se presenta como resposta á necesidade de incorporar nos plans e programas elaborados dende a Administración Pública un elemento de análise e valoración dos posibles efectos sobre o entorno. Fundamentada na Directiva 2001/42/CE relativa a avaliación dos efectos que determinados plans e programas teñen sobre o entorno, a Lei 9/2006 sobre avaliación dos efectos que determinados plans e programas teñen sobre o medio ambiente determina o procedemento para a Avaliación Ambiental Estratéxica como un instrumento de prevención que permite validar estratéxicamente os procesos de elaboración e decisión de plans e programas dende a súa fase inicial, cando tódalas alternativas son aínda posibles, e prestándolle unha especial atención á participación pública e ás consul-

⁵ Respecto á aprobación das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento das catro provincias cabe mencionar que tiveron unha grande repercusión na protección do patrimonio cultural de Galicia, xa que por un lado, ademais de fixar criterios para a inclusión dos bens do P.C. no planeamento urbanístico, publica un inventario deste patrimonio que a partir do ano 95 vaise incluír directamente baixo o réxime xurídico da Lei 8/95 do patrimonio cultural de Galicia, e por outro lado fixa un ámbito ou entorno de protección ó redor destes elementos (50 m para etnográficos, 100 m para a arquitectura relixiosa, civil e militar e 200 m para os restos arqueolóxicos) onde as obras están suxeitas ó informe previo e vinculante das Comisións provinciais do Patrimonio Histórico.

tas con autoridades e organizacións representativas en cada campo de actuación.⁶

Respecto ás ferramentas administrativas das que se dispón nos procesos de Avaliación e Corrección de Impacto Arqueolóxico veremos que, as directrices da Administración do Patrimonio Cultural (DXPC) son relativamente claras a este respecto: cada elemento do Patrimonio Cultural posúe un *entorno de protección* (como vimos máis arriba) que é o ámbito competencial de aquela. Este entorno pode ser específico ou xenérico. A definición **específica** ven dada por dúas posibles situacións: a protección especial da que gozan os BICs (Bens de Interés Cultural) e, as *Normas de Planeamento* do concello no que se atopa a entidade (se ten as súas propias normas é posible que os bens inventariados contén cunha protección específica). A definición **xenérica** do entorno de protección atópase establecida nas *Normas Subsidiarias* (tamén vistas máis arriba onde se establecen os ámbitos de protección segundo o tipo de elemento).

BASES METODOLÓXICAS

As circunstancias de mercado tenden a producir unha realidade desmembrada de estratexias de poder e intereses subxectivos e individuais enfrontados. Esta característica, xenera consecuentemente efectos sobre tódalas prácticas sociais e produce unha lóxica de mercado que se basea na confrontación de intereses. Os avatares da Arqueoloxía (tanto teórica como práctica) son, ó igual que as vicisitudes das obras públicas, só dous bos exemplos da efectividade desta estratexia de poder. Nestes contextos, manter criterios homoxéneos e aplicar (no caso de instancias adicadas ó traballo arqueolóxico, sexan empresas, grupos ou individuos) os mesmos procedementos de avaliación e corrección de impacto arqueolóxico, podería chegar a ser un proxecto utópico. Polo tanto, ¿cal é a solución para poder manter unha certa unidade de criterio e acción?

En moitos casos poderíase dicir que o enriquecedor sería que esta unidade fose substituída pola pluralidade de opcións. Nembargantes, estos valores non son aplicables ó Patrimonio e ó rexistro arqueolóxico porque, por un lado, a súa condición de ben de interese público impón exercer unha **tutela pública** sobre eles, e por outro, as súas características constituintes (o rexistro non preexiste ó traballo arqueolóxico senón que é o produto deste) impoñen a **prioridade das metodoloxías e convencións do rexistro** no traballo arqueolóxico.

Se nos situamos agora noutro plano, entendemos que a **Avaliación** tamén pode ser definida (Criado 1996) como a fase da *Cadena Valorativa* (modelo específico de xestión integral) que transforma ó *rexistro arqueolóxico* en *Patrimonio Arqueolóxico*. Sin embargo, a avaliación tamén engloba a tódalas accións que actúan sobre o Patrimonio Arqueolóxico e que son susceptibles de xenerar efectos sobre él. Así pois, depende duns criterios e condicións que reúnen non só as circunstancias inherentes ó Patrimonio arqueolóxico (ie: valoración arqueolóxica, situación patrimonial e valoración patrimonial), senón tamén as circunstancias que interactúan con ese Patrimonio.

Visto o anterior, entendemos que a sistematización dos procesos de Avaliación de Impacto debe dar resposta por un lado ós problemas derivados das características específicas do Patrimonio Arqueolóxico galego e por outro á propia problemática plantexada pola interacción da Arqueoloxía coas disciplinas técnicas implicadas nos proxectos de construción. De feito, cada vez é maior a demanda pedindo que resolvamos problemas prácticos derivados da xestión social do Patrimonio Cultural. Poder dar unha resposta a esta demanda, implica dar un xiro e adoptar unha *nova actitude* que se concreta no que foi denominado como **reconversión tecnolóxica** da Arqueoloxía, é dicir, transformar a Arqueoloxía nun saber-para-facer cousas que se poidan aplicar a problemas prácticos, se orienten cara a súa resolución e se materialice nunha oferta de servizos concreta (Barreiro e Villoch 1997). Ó mesmo tempo, esta reconversión implica ser capaz de: *planter* problemas, *definir* os factores que neles converxen, *analizar* os recursos dispoñibles, *avaliar* sobre criterios, coñecementos e procedementos consensuables, establecer *diagnoses* e *aplicar* abanos de solucións.

Polo tanto e como xa se apuntou, esta proposta supón un auténtico cambio de rumbo pois significa modificar o método e os obxectivos cos que tradicionalmente se abordaba o traballo arqueolóxico, reciclado agora procedementos e estratexias de xestión adaptadas ás novas necesidades.

Aínda que o tema concreto deste traballo é o da Corrección de Impacto Arqueolóxico en Parques Eólicos, antes de entrar na exposición e análise da súa metodoloxía, sería aconsellable comezar por unha serie de precedentes que amosarán con maior claridade a evolución e consecución dos plantexamentos que nos ocupan.

En primeiro lugar mencionar que, sen dúbida unha das guías que rixe e orienta un programa de Control e Corrección é a existencia do denominado *Proxecto Marco*; un proxecto xenérico que establece o marco para realizar as diferentes actuacións implicadas pola problemática considerada e que, unha vez desenvolvido, pode servir como guía de acción práctica en calquera actuación. Nembargantes, aínda hai un segundo grupo de razóns que xustifican a necesidade dun Proxecto Marco. Hoxe en día non queda nengunha dúbida que, a aplicación da tutela pública sobre o Patrimonio só se pode reconducir a través dunha xestión integral do Patrimonio Arqueolóxico, xestión que se concreta en programas

⁶ Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. *Avaliación Ambiental Estratéxica*. http://aae.medioambiente.xunta.es/template_aea.jsp?sessio_nid=AB9673E68DB105CC4416BCC048EB89F?page=avaliacion.jsp [maio 2007]

que por un lado plantexan e propoñen ferramentas de protección e conservación dos bens arqueolóxicos, por outro orientanse cara a rentabilización deses bens como valor cultural e, por último, só se poden vehicular na medida en que se configuren como instrumentos que movilizan, constrúen e xestionan coñecemento. Posto que os bens arqueolóxicos só existen na medida en que se coñecen, a dimensión cognitiva (mellor que a investigación) que se concreta na avaliación patrimonial e na valoración da significación histórica deses bens, debe ser un dos xalóns fundamentais dos programas de xestión integral do Patrimonio Arqueolóxico. A definición de programas de xestión integral debe basearse na interrelación das catro funcións básicas que se poden acometer en relación co Patrimonio Arqueolóxico para protexelo e significalo a tódolos niveis: **catalogación, avaliación, intervención e diseminación-rentabilización**. Á súa vez, o modelo teórico para articular eses programas pode ser ofrecido polo que denominamos **cadena valorativa** (Criado 1996a).

O Proxecto Marco serve fundamentalmente para construír, consensuar e especificar a priori a metodoloxía de traballo e rexistro, e para simplificar polo tanto o proceso de solicitude de autorización de cada unha das actuacións concretas nas que se resolve a globalidade do programa.

Tal e como se dixo ó principio deste documento, a asunción por parte do LAFC dos traballos de avaliación e corrección do impacto arqueolóxico da Rede de Gasificación de Galicia, supuxo un antes e un despois na manobra de avance da nosa metodoloxía. E é precisamente por esta razón que me parece interesante comezar expoñendo unha notas do *Proxecto Marco do Plan de Control e Corrección do Impacto Arqueolóxico da Construción da Rede de Gasificación de Galicia*, que tutelou o elenco desas actuacións; esta exposición servirános por un lado de base ilustrativa dos criterios de organización nun momento inicial determinado e, por outro, de ferramenta de comparación respecto ó *Proxecto Marco de Avaliación de Impacto Arqueolóxico do Plan Eólico de Galicia* que foi redactado con posterioridade e aprendendo das experiencias do anterior.

As consideracións que se conteñen a continuación baséanse polo tanto nestas experiencias iniciais e na previsión de incidencias arqueolóxicas derivadas dos *Estudos de Impacto Arqueolóxico* das mesmas.

Catro notas do Proxecto Marco de Corrección do Impacto Arqueolóxico da Rede de Gasificación de Galicia

En termos xerais, a articulación do modelo de xestión concibe a reconstrución arqueolóxica como o resultado da adición e aplicación de prácticas valorativas sucesivas a modo de cadea interpretativa (*Identificación, Valoración arqueolóxica, Avaliación e Revalorización*). Ademais, a concreción práctica desta cadea englobaríase en catro funcións básicas que

serían: a *Catalogación*, a *Valoración*, a *Intervención* e a *Rentabilización*.

En función da experiencia previa do noso grupo, así como dos criterios aplicados pola Administración galega en materia de Patrimonio Arqueolóxico, un programa integral de corrección de impacto arqueolóxico (CIArq no sucesivo), debe englobar fundamentalmente catro tipos de accións complementarias e sucesivas:

- prospección previa ou AVALIACIÓN DE IMPACTO ARQUEOLÓXICO dos proxectos;
- SEGUIMIENTO DA CONSTRUCCIÓN E CONTROL ARQUEOLÓXICO da mesma (concebida esta última como a supervisión do cumprimento das medidas correctoras propostas);
- ACTUACIÓNS ESPECIAIS para documentar, avaliar e mitigar os impactos sobre xacementos arqueolóxicos afectados polas obras;
- e ESCAVACIÓNS ARQUEOLÓXICAS EN EXTENSIÓN como medida final para correxir o impacto cando este sexa de magnitude grave e natureza inevitable.

Como se poderá ver, estes catro puntos básicos seguirán marcando os parámetros elementais de organización en posteriores actuacións e traballos de corrección, aínda que, por suposto, veránse completados e superados en función das novas necesidades.

Proxecto Marco de Avaliación do Impacto Arqueolóxico do Plan Eólico de Galicia

Como se menciona na presentación, o *Proxecto Marco de Avaliación de Impacto Arqueolóxico do Plan Eólico de Galicia* foi presentado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en xullo de 1996. Dende entón e ata agora funcionou como matriz teórica e metodolóxica que orientou os sucesivos estudos de impacto e traballos na construción de parques eólicos que o noso Grupo ven realizando dende aquela sen interrupción⁷.

O Proxecto Marco xurde do convenio, con data 1 de febreiro de 1995, firmado entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e Gestión Energética de Galicia, S.A. (GESTENGA) para colaborar na elaboración de *Estudos de avaliación de impacto ambiental*. A USC será a encargada da realización dos Estudos de Impacto Ambiental dos Plans Eólicos xestionados por GESTENGA, regulados polo Goberno Autónomo Galego (decreto 205/1995, de 6 de xullo de 1995) e promovidos por diferentes em-

⁷ A publicación do Proxecto Marco como volume nº 5 da serie CAPA en decembro do ano 2000, presentaba como obxectivo xeral ofrecer un modelo para a realización dos estudos de avaliación de impacto arqueolóxico da construción dos diferentes parques que compoñen o Plan Eólico Estratexico de Galicia.

presas tanto nacionais como extranxeiras. No citado convenio establécese tamén que, os Estudos de Avaliación de Impacto Ambiental serán desenvolvidos por un equipo da USC, do departamento de Edafoloxía e Química Agrícola da Facultade de Bioloxía, baixo a dirección do Prof. Dr. Felipe Macías Vázquez. Éste, co fin de realizar unha análise e tratamento integral do Impacto Ambiental, solicita a colaboración do Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe do departamento de Historia I da Facultade de Xeografía e Historia, dirixido polo Prof. Dr. Felipe Criado Boado, para en concreto, levar a cabo os estudos de Avaliación de Impacto Arqueolóxico (EIArq).

Por outra banda, en virtude do decreto 205/1995, do 6 de xullo, que regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma Galega, foron aprobados de partida diversos Plans Eólicos Estratexicos.

O tempo apremiaba e ante esta previsión de traballos, parecía oportuna a elaboración dun Proxecto Marco, establecéndose uns **obxectivos** principios que foron:

- Permitir que se poida manter unha perspectiva globalizadora sobre o Impacto Arqueolóxico do Plan Eólico de Galicia (fragmentado en proxectos singulares moi distintos e inconexos).
- Ofrecer un modelo homoxéneo para realizar a EIArq dos diferentes Parques que conforman o PEE de Galicia.
- Presentar un modelo unitario e criterios homoxéneos para deseñar a estratexia de Corrección dese Impacto.
- Manter uns criterios homoxéneos para sistematizar o rexistro arqueolóxico xerado mediante estes proxectos. Isto implica utilizar un modelo da información semellante en tódolos casos.
- Crear as condicións que posibiliten rentabilizar a información anterior nun proceso de produción e acrecentamento do coñecemento arqueolóxico.
- Aproveitar a oportunidade de realizar a EIArq do PEE de Galicia para adquirir unha información e perspectiva que permita catalogar e caracterizar o Patrimonio Arqueolóxico dos Medios de Montaña de Galicia.
- Ó mesmo tempo poderase concretar a definición da problemática que a preservación e xestión dese Patrimonio Arqueolóxico presenta.
- A medida que se avance nos dous últimos obxectivos, será asemade posible definir a potencialidade dese Patrimonio Arqueolóxico como recurso cultural.

Metodoloxía específica para a diagnose e corrección do Impacto Arqueolóxico

Este modelo que a continuación se presenta é evidentemente o resultado dos traballos efectuados polo LAFC nestes últimos anos. Trátase en realidade dunha síntese que tentará centrarse nos procedementos de Corrección do Impacto Arqueolóxico, por ser éste o tema que agora nos ocupa. A intención é que esta exposición sirva como base para poder en-

tender a metodoloxía aplicada e madurada no seo dos traballos de control e corrección do impacto arqueolóxico producido pola construción de obras públicas e, por extensión, pola construción de Parques Eólicos.

A diagnose e tipificación do impacto arqueolóxico

No percorrido desta última década, os obstáculos que o LAFC foi atopando no camiño foron solventándose de tal forma que, na actualidade está a punto de publicarse unha das grandes apostas de cara á xestión integral do impacto arqueolóxico. Evidentemente, realizar unha proposta metodolóxica homoxénea non é nada doado. Os problemas cos que se atopa son de moi diversa natureza e van desde a heteroxeneidade das instancias implicadas (empresas, institucións para a conservación do Patrimonio, arqueólogos,...) ata o alto grado de subxectividade implícito nas sucesivas fases que compoñen a cadea valorativa, pasando polos ámbitos de desenvolvemento dos proxectos avaliados (programas, plans, actuacións ailladas) ou pola diversidade das entidades afectadas (xacementos, puntos e zonas arqueolóxicas, elementos etnográficos).

Exposta xa nos apartados anteriores a definición e implicacións do impacto, centraremonos agora na súa definición legal e práctica partindo da base da lexislación vixente en Galicia da cal poderían ser perfectamente extrapolables a outros contextos as súas aplicacións metodolóxicas.

En Galicia as directrices da Administración do Patrimonio Cultural establecen para cada elemento un entorno de protección (ver apartado 2.3.) en función de dous factores: a protección específica da que gozan os **BICs**; e as **Normas de Planeamento** do municipio no que se atope a entidade. No caso de que non se dé ningún destes factores o entorno de protección terá unha definición xenérica establecida nas **Normas Subsidiarias** (restos arqueolóxicos: 200 m; arquitectura relixiosa, civil e militar: 100 m; elementos etnográficos: 50 m).

Polo tanto, **existirá impacto** cando se produza algún tipo de obra ou afección dentro do entorno de protección dunha entidade. Á súa vez, unha obra ou proxecto pode producir múltiples afeccións sobre a entidade polo que, a diagnose de impacto será única pero terá que reflexar as diferentes afeccións e os diferentes momentos en que se producirán.

A análise do proxecto

De cara á realización dun estudo de impacto arqueolóxico é necesario proceder a definir unha serie de directrices e realizar unha minuciosa análise do proxecto que se vai a avaliar⁸. Nun primeiro lugar haberá que comezar por coñecer en qué nivel administra-

⁸ O organigrama que a continuación se expón reproduce o presentado en Barreiro 2000.

tivo se sitúa o proxecto (si forma parte dalgún plan, programa, política pública, etc.) e proceder a desglosalo nas súas diferentes fases de execución para identificar os axentes e factores susceptibles de producir unha afección sobre o medio arqueolóxico. A continuación, unha análise detallada das distintas compoñentes que conforman o proxecto permitirános profundizar máis e identificar con precisión axentes, factores de afección e accións (causa directa do impacto); polo tanto será necesario precisar a tecnoloxía que será utilizanda tendo en conta os equipamentos e instalacións e o tipo e cantidade de maquinaria que concurrirá nas obras e en sucesivas ampliacións ou modificacións, así como nas obras de mantemento e desmantelamento. E por último, e de forma máis concreta, abordaremos a análise das compoñentes dun proxecto manexando tres conceptos complementarios: axente ou compoñente físico e concreto, directo ou indirecto (infraestruturas, instalacións, maquinaria...) a causa do cal ten lugar a afección; factor de afección, que segundo o grado de modificación que efectúa sobre o medio podería clasificarse como: destrución ou alteración radical do medio, alteración que o arqueólogo deberá saber prever de antemán para determinar qué axentes e factores poden presentar unha afección potencial, e distorsión perceptual, que si ben non supón a destrución do medio nin a súa alteración, a percepción que o espectador ten do mesmo si se ve distorsionada considerablemente; e por último considéranse accións a aquelas actividades concretas que xeneran un efecto directo sobre o medio (escavacións, voladuras, préstamos, drenaxes, apisonado, formación de vertederos, áreas de recheo, terrapléns, obras de restitución, etc.).

A diagnose e estratexia de Corrección

Rematada a fase anterior e relacionando os datos co traballo de identificación, clasificación e valoración das entidades patrimoniais afectadas polo proxecto, é posible diagnosticar os impactos arqueolóxicos concretos. Nesta fase débense considerar non só as evidencias arqueolóxicas reais, senón tamén as valoracións hipotéticas, aquelas que fomentan unha sospeita razoable de que poden dar lugar a incidencias arqueolóxicas durante as obras. Convén ter sempre presente que o ideal é realizar o estudo na fase de planificación do proxecto e xestionar integralmente o impacto desde a súa fase inicial ata a conclusión das obras. No caso da diagnose do impacto sobre as entidades hipotéticas, mencionar que sempre vai ter un carácter estimativo, a expensas das incidencias que se revelen no transcurso das obras. Isto relaciónase directamente coa problemática específica que presentan aquelas entidades que non son descubertas ata o momento en que se ven afectadas directamente polas obras, cando precisamente será máis acuciante corregir ese impacto. Neste senso, estaremos falando de impacto *potencial*, no momento da avaliación, ou *efectivo*, no momento da execución, e de diferentes medidas contempladas na estratexia de corrección destinadas a evitar, mitigar ou compensar ese impacto.

Criterios de diagnose

Identificadas as accións que interveñen no impacto sobre unha entidade, estaremos en disposición de entrar na fase operacional da diagnose, establecendo uns parámetros obxectivos que terán en conta as circunstancias do grado de afección e do valor da entidade afectada e que funcionarán como guías:

- A **extensión/magnitude**; o primeiro termo, clasificable ademais como puntual (afección inferior ó 4%), parcial (entre o 4 e 20%), ampla (entre o 20 e o 60%) ou total (máis do 60%), refírese á superficie afectada polo proxecto en relación coa superficie abarcada polo entorno de protección da entidade, mentras que o segundo termo que completa ó anterior indícanos a relación proporcional entre a extensión da afección e a da entidade arqueolóxica en sí, restrinxíndose ó entorno inmediato da mesma.
- A **incidencia física**, é sen dúbida o ámbito fundamental de incidencia e fai referencia á intensidade da alteración sobre o patrimonio xenerada por efectos físicos que adoitan ter un carácter directo, inmediato, irreversible e irrecuperable. Asimesmo, en función do tipo de acción efectiva e do factor ó que se adscribe pódense determinar os distintos grados de incidencia física⁹: nula, baixa, media, alta e total.
- A **incidencia visual ou perceptual**, para a que serán manexadas distintas compoñentes da paisaxe pretérita e do proxecto, atendendo á *delimitación da cunca visual do proxecto* ou porción do territorio visible desde a zona onde se ubica a actuación, ó *inventario de entidades arqueolóxicas* englobadas na cunca visual do proxecto, á *caracterización das condicións de visibilidade de cada xacemento* definindo o tipo de dominio visual do entorno, á *caracterización das condicións de visualización* mediante a estimación e caracterización do potencial de visualización de cada xacemento incluíndo as compoñentes paisaxísticas significativas, e á *cuantificación dos datos* que permitirá determinar o grado de afección do proxecto sobre cada entidade seleccionando a que posúa un grado de afección maior.
- A **certidume**, ou estimación do risco de afección de determinadas accións sobre unha entidade patrimonial polo que é un criterio vinculado á diagnose na fase de planificación do proxecto. Resultará de especial relevancia a distancia da entidade ó lugar no que se desenvolverán as accións que xeneran a afección, tendo en conta ademais as conclusión derivadas da valoración da propia entidade. No caso de que o impacto sexa detectado na fase de corrección, trataríase de corroborar ou modificar as previsións anterior-

⁹ A estimación posúe un carácter subxectivo e depende en grande medida da información dispoñible sobre o tipo de proxecto.

res, ou de reflexar a situación actual si non existía previsión.

A diagnose

A conxugación dos valores obtidos na diagnose xunto coa valoración que se faga da propia entidade arqueolóxica (un valor dado simplemente de cara ó proceso de avaliación froito das súas características e situación patrimonial) concretarase na caracterización definitiva do impacto.

No Real Decreto 1131/88, os impactos ambientais clasifícanse en catro grados en función da reversibilidade do efecto e de si son precisas medidas correctoras para recuperar o factor afectado. Os criterios son os seguintes:

- Non afecta
- Compatible; a recuperación é inmediata tralo cese da actividade, sin ser necesarias ningún tipo de medidas correctoras.
- Moderado; non precisa medidas correctoras ou protectoras intensivas, pero a súa recuperación é máis lenta que no caso anterior.
- Severo; aquel que para a recuperación do medio afectado precisa das medidas correctoras e dun período de tempo dilatado para que estas se fagan efectivas.
- Crítico; a súa magnitude supera o umbral aceptable e non existe posibilidade de recuperación aínda adoptando as necesarias medidas correctoras.

É necesario distinguir entre diagnose en fase de planificación ou estudo de avaliación, onde o impacto é potencial sendo a estimación da certidume o eixo fundamental de estudo, e diagnose en fase de construción, onde na meirande parte dos casos o impacto é efectivo e a certidume tomará un valor definitivo e real mentras que a valoración do impacto variará en función das características da afección tomando como referencia os criterios de extensión e incidencia.

Criterios para o plantexamento das medidas correctoras

Dados os efectos irreversibles de moitas accións sobre o Patrimonio Cultural, da elección, deseño e aplicación das medidas correctoras¹⁰ necesarias, dependerá o futuro da entidade afectada ou, no peor dos casos, o coñecemento da mesma antes da súa desaparición definitiva.

¹⁰ A elección destas medidas depende asimesmo dunha serie de variables e condicionantes: características técnicas do proxecto, tipo do resto ou entidade impactada, grado de coñecemento do rexistro xeral da zona, densidade de xacementos e a súa distribución, tipo de impacto detectado, momento no que se detecta, conflitos entre instancias implicadas, recursos económicos e humanos e a propia experiencia do arqueólogo.

Evidentemente, a mellor forma de corrixir un impacto é evitar que este se produza. A **Corrección do Impacto Arqueolóxico** supón un intenso e complexo programa de traballo que debe comezar pola propia fase de deseño do proxecto para deste modo poder realizar todas aquelas modificacións que permitan evitar o máximo número de impactos. A medida que os traballos avancen todo o proceso de diagnose e corrección verase sometido a revisión de forma que poidan seguir solventándose as posibles incidencias e compensando dalgún modo as inevitables. Trátase en realidade dun proceso no que diagnose e corrección interactúan constantemente adaptándose ás necesidades de cada momento. As distintas fases polas que atravesará unha estratexia de corrección de Impacto (fase de deseño, f. de replanteo, f. de execución, seguimento da restitución dos terreos e vixilancia da explotación) deben ser previstas e ideadas no chamado *Plan Global*.

Grosso modo poderíamos definir as Medidas Correctoras como aqueles tipos de actuacións encamiñadas a solventar un impacto detectado, é dicir, todas aquelas disposicións de tipo normativo así como aquelas intervencións activas concretas que se consideran necesarias para *evitar, prever, mitigar, compensar* ou *restituír* os efectos negativos dun impacto, así como as posibles alternativas existentes ás condicións inicialmente previstas no proxecto. Á marxe destes proxectos, as medidas correctoras ideais son aquelas que teñen un carácter preventivo e que, xeralmente, se concretan en disposicións legais e se articulan a través das políticas de ordenación do chan e das figuras de planeamento. Dependendo do carácter das medidas a adoptar pódese establecer a seguinte clasificación:

- Medidas Preventivas ou Protectoras, ou actuacións que intentan evitar e prevenir a aparición dun impacto mediante a modificación dos elementos ou procesos da actividade proxectada. As principais medidas de prevención son as *cautelas arqueolóxicas* (áreas de exclusión permanente, cautelas efectivas de exclusión temporal e cautelas preventivas), as *senalizacións* dos restos ou entidades (xeralmente mediante balizado), as *modificacións na ubicación ou trazado proxectado* e as *labores de control arqueolóxico*.
- Medidas Paliativas, dirixidas a atenuar, corrixir ou modificar certas accións e efectos da execución do proxecto sobre distintos elementos patrimoniais con certo grado de recuperabilidade e sobre restos non coñecidos con anterioridade á execución. As principais estratexias son o *seguimento* arqueolóxico das obras (inspección dos terreos, recollida de materiais, actuacións especiais,...), os *traslados* ou reubicacións de elementos para evitar a súa destrución e o *cambio nas técnicas constructivas* tendentes a minimizar o impacto sin necesidade de intervención arqueolóxica.
- Medidas Compensatorias, para aqueles impactos inevitables consistentes na obtención da documentación necesaria para recompoñer idealmente o resto irreversiblemente afectado. Estas medidas poden ser clasificadas como *actuacións en superficie* (documentación gráfica, prospeccións,

recollida de materiais e prospeccións físico-químicas ou de resistividade eléctrica) e *intervencións* (limpeza de perfís, toma de mostras, gabias de avaliación, sondaxes manuais, escavación, acondicionamento e sinalización).

A Corrección do Impacto Arqueolóxico

En primeiro lugar hai que partir da base de que para a realización das Avaliacións de Impacto Arqueolóxico non existe un modelo estándar establecido e cada profesional emprega a metodoloxía que lle convén, sendo o único filtro ata o momento a Administración de Patrimonio que tal e como se prevé na lexislación galega é quen debe aprobar os proxectos de actuación arqueolóxica mediante a esixencia duns criterios mínimos. Evidentemente, os resultados son tan dispares que ás veces casi non existen puntos de coincidencia o cal non deixa de chamar clamorosamente a nosa atención.

O problema principal á hora de elaborar un proceso xeral de traballo de Corrección de Impacto Arqueolóxico (CIArq) é a diversidade que presentan os diferentes tipos de obras de construción, con características específicas diferentes (técnicas, espaciais, temporais, constructivas, etc.), que deberán ser tidas en conta no proceso de CIArq dado que este terá que acomodarse ás circunstancias concretas de cada un. A información básica xenerada xurde principalmente do propio traballo de campo e das fontes documentais consultadas, sufrindo a continuación un longo e complexo proceso de enriquecemento, sistematización e reelaboración que dará lugar a produtos concretos en diferentes momentos do desenvolvemento dos traballos.

Respecto ó traballo de campo destacar que, ó igual que no caso da Avaliación de Impacto, a Corrección de Impacto Arqueolóxico é unha práctica recente dentro de ámbito da arqueoloxía peninsular. Isto implica unha rápida adecuación ás necesidades e demandas dos traballos actuais o cal, xenera a necesidade de *reciclar* os métodos tradicionais de prospección e de traballo arqueolóxico en ferramentas ó servizo de novas necesidades que, á súa vez darán lugar a unha metodoloxía específica.

Un modelo de proceso de traballo en CIArq

Os seguintes apartados conteñen os principios aspectos que se deben ter en conta nun proceso de Corrección de Impacto. En realidade trátase dunha síntese das fases nas que se estrutura o proceso xeral de corrección. Moitas destas fases realízanse de modo simultáneo polo que a orde na que se presenta non é necesariamente cronolóxica.

Aínda que o traballo comenza coa solicitude da oferta, en realidade debería iniciarse con anterioridade realizando a Avaliación de impacto do mesmo e introducindo as modificacións necesarias para que ese impacto se reduza considerablemente, proporcionando un Plan de Medidas Correctoras que será a guía inicial do traballo de corrección de impacto

- **Elaboración da oferta:** solicitada a un arqueólogo profesional ou empresa de arqueoloxía por parte dun promotor que deberá aportar unha serie de datos básicos (características da obra, di-

mensións, prazos de execución, plan xeral de traballo, localización espacial, etc.); na oferta deberá constar a metodoloxía a empregar e un presuposto desglosado do traballo.

- **Elaboración do proxecto:** aceptada a oferta polo promotor, o arqueólogo procederá a elaborar o Proxecto de actuación arqueolóxica, para o que necesitará información precisa sobre as características técnicas e constructivas da obra. Realízase a súa análise e recabarase toda a información dispoñible sobre a área de traballo. O Plan de Medidas Correctoras contido no Estudo de Impacto proporcionará a base sobre a que elaborar o Proxecto de Corrección de Impacto Arqueolóxico xunto con todas as consideracións derivadas da análise realizada¹¹. Deberá ser establecida a metodoloxía de traballo máis adecuada e precisada a problemática arqueolóxica específica, detallándose o plan de traballo e o equipo humano e material para a súa realización. Finalmente, será presentado ante a administración de patrimonio acompañado dunha solicitude de autorización do arqueólogo director na que haberá que especificar o tipo de actuación de que se trata e o tempo de duración da mesma.
- **Primeira fase do traballo de gabinete:** en canto a administración de Patrimonio autorice a actuación, o director da mesma solicita a consulta do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos para completar o coñecemento do ámbito de traballo. Elaboraranse ademais tódalas táboas e documentos específicos de seguimento da obra, e confeccionaranse as diferentes copias de traballo das coleccións cartográficas utilizadas (nas que se reflexe a totalidade das entidades consideradas e se vaian incorporando novos elementos descubertos durante o traballo de campo, ós que se lle asignará un código de rexistro).
- **Revisión de cautelas:** é o primeiro traballo de campo que se realiza¹². O seu obxectivo é contrastar os contidos do Plan de Medidas Correctoras recollido no Proxecto de Corrección de Impacto e, en caso necesario, realizar novas previsións. É tamén o momento de realizar a sinalización de xacementos e elementos próximos á obra, obedecendo ás recomendacións do PMC. Froito desta primeira visita realizarase un informe específico de Revisión de Cautelas que será remitido á empresa promotora e á administración de patrimonio co fin de poñer ó día os diferentes

¹¹ Si é necesario se visitará a zona e se realizará unha primeira avaliación da problemática específica que poida presentar, especialmente necesaria naqueles casos que non foron precedidos dun Estudo de Impacto Arqueolóxico ou nos que o equipo encargado de acometer as labores de corrección non é o mesmo que realizou o estudo de impacto

¹² O comezo da actividade de campo debe ser notificado á Administración de Patrimonio mediante un oficio.

aspectos que xa de forma práctica terán que ser considerados.

- **Control do replanteo:** o replanteo, consistente na sinalización das áreas de afección da obra, é a primeira das accións que debe ser controlada en fase de obra. A súa revisión resulta crucial dado que é neste momento cando poden ser detectadas afeccións directas que por uns ou outros motivos non foron localizadas na avaliación¹³.
- **Control do movemento de terras:** as actividades fundamentais ó longo de todo o seguimento serán, o control intensivo dos movementos de terras no entorno inmediato dos elementos documentados previamente e, o seguimento arqueolóxico da construción acompañando á maquinaria no seu avance (principalmente a prospección dos terreos desbrozados e das entulleiras de terra xeneradas) co fin de documentar aqueles xacementos e indicios arqueolóxicos exhumados.
- **Realización de Intervencións puntuais:** a presenza de elementos arqueolóxicos na área de afección directa da obra pode dar lugar a intervencións puntuais de moi variada índole, dende os máis sinxelos traballos de limpeza e documentación ata as sondaxes ou escavacións destinadas a recuperar a meirande cantidade de información e documentar o contexto no que se inscriben os elementos. Estas intervencións son deseñadas en cada momento para cada lugar concreto xa que deben responder a uns obxectivos específicos e atender á problemática presentada en cada caso¹⁴.
- **Control da restitución e valados:** os traballos de seguimento finalizarán coas restitucións do terreo para o caso de conductiones lineais e obras que non supoñan unha alteración forte do entorno, e cos valados e obras de acondicionamento de pasos e accesos no caso dos proxectos de construción de vías de comunicación.
- **Sistematización da información:** simultaneamente ó traballo de campo realizarase a sistematización de toda a información obtida ó longo do traballo (reelaboración e informatización de fi-

chas de campo, tratamento, xestión e diagnóstico da cultura material, xestión de arquivos GPS, vaciado e tratamento de fotografías, elaboración da cartografía, etc.).

- **Elaboración de informes de resultados:** paralelamente as fases anteriores, é necesario realizar os documentos e informes pertinentes para poñer en coñecemento de tódalas instancias implicadas, ben de forma inmediata ou ben nos prazos establecidos, as eventualidades e achádegos que se produzan durante as obras. Estes informes serían os denominados: Revisión de Cautelas, Informes Puntuais, Informes Periódicos, Informe Valorativo e Memoria Técnica. Ademais, será necesario presentar na administración de patrimonio as fichas de catalogación dos novos xacementos e o acta de depósito definitivo dos materiais recuperados tras presentalos no Museo ou institución designada pola administración. Este último procedemento darán lugar ó peche do expediente¹⁵.

O fluxo de información na CIArq

Un traballo de Corrección de Impacto Arqueolóxico xenera moita e moi variada información fundamentalmente de tipo textual, tendo en conta que os documentos son elaborados a partir de fontes documentais escritas e referencias bibliográficas, do inventario de xacementos da administración, etc. e que o traballo trae consigo unha grande produción de fichas de localización e descrición, de valoracións e diagnoses de elementos, e de documentos de comunicación de incidencias, evolución e resultados dos traballos. A produción de información de tipo cartográfico, fotográfico, gráfico, etc., aínda que de menor cuantiosidade, é tamén de moita importancia.

A continuación considéranse os distintos tipos de información textual ou gráfica remitida pola empresa ó equipo arqueolóxico e os informes elaborados por éste último que teñen como destino ó promotor e á administración:

Procedentes da empresa

En primeiro lugar o promotor remite ó equipo arqueolóxico as *Características básicas do proxecto de construción*, aqueles datos imprescindibles (normalmente unha cartografía xeral e un breve informe cos datos básicos) para a realización da oferta. Aceptada a oferta, o promotor envía a *Memoria do proxecto de construción* (con información detallada

¹³ A detección de calquera nova incidencia dará lugar, coa maior brevidade posible, a un informe puntual que poña en coñecemento da empresa e da administración de patrimonio a súa existencia e onde se propoñan as medidas correctoras necesarias.

¹⁴ A metodoloxía de intervención en sondaxes ou escavacións recóllese en Parceró *et al* 1999 e a súa realización poderá levarse a cabo dentro do propio seguimento ou fora del (neste caso será necesario elaborar un proxecto independente que deberá cumprir tódolos requisitos considerados polo decreto regulador da actividade arqueolóxica, o seu desenvolvemento seguirá unha metodoloxía específica, os resultados serán presentados nun informe específico e requirirá duna memoria técnica)

¹⁵ Os prazos estipulados pola administración galega para entregar os resultados establécense a partir da data de finalización do traballo de campo que será debidamente comunicada á administración. O Informe Valorativo será entregado nun prazo de dez días, as fichas de catalogación de novos xacementos no prazo dun mes e a Memoria Técnica e o acta de depósito de materiais nos seis meses seguintes á finalización do traballo de campo.

de tódalas características técnicas e constructivas) e as cartografías de detalle, información que será integrada no proxecto de intervención arqueolóxica. Por último, manterá informado ó equipo de seguimento arqueolóxico das *Variantes do proxecto de construción*, é dicir, de calquer tipo de modificación que sufra o proxecto ou o plan de construción

Emitidos polo equipo arqueolóxico

Pola súa parte, o equipo arqueolóxico deberá realizar unha *Oferta*, a partir da información sobre as características básicas do proxecto e nela presentárase un presuposto desglosado do coste do seguimento arqueolóxico da construción empregando unha metodoloxía específica.

A continuación será emitido o *Proxecto de actuación arqueolóxica*, realizado mediante unha análise do proxecto de construción, da recopilación dos datos bibliográficos da zona e dos seu estudo xeográfico, e que será remitido ó promotor para a súa presentación na administración de patrimonio acompañado dunha solicitude de autorización para a realización do mesmo.

O seguinte documento, remitido ó promotor e á administración de patrimonio, é o informe de *Revisión de Cautelas*, resultado da primeira actuación de campo do equipo de seguimento arqueolóxico co fin de actualizar tódalas valoracións e medidas correctoras propostas no Estudo de Impacto, mediante a revisión das cautelas arqueolóxicas e a sinalización (si é o caso) daqueles elementos contemplados no Plan Global de Medidas Correctoras.

Seguidamente, os *Informes Puntuais* son o resultado da identificación de novos elementos, principalmente dentro da área de incidencia, que requirirán dunha diagnose de impacto, das correspondentes medidas correctoras e das cautelas necesarias para cada un dos lugares considerados; estos achádegos deberán ser postos en coñecemento da promotora e da administración de patrimonio mediante a remisión de informes puntuais que xeralmente se centrarán en cada elemento ou grupo concreto de elementos.

Nalgúns casos e segundo a magnitude da obra e o convenido no contrato, poden ser realizados tamén *Informes Periódicos* que darán conta dos traballos arqueolóxicos desenvolvidos nos intervalos establecidos.

Rematado o traballo de campo, e no prazo de dez días, será remitido á administración de patrimonio o denominado *Informe Valorativo*, que é o documento resume da intervención arqueolóxica e do seu desenvolvemento, no que se destacan as incidencias e elementos descubertos e as principais medidas correctoras realizadas.

Finalmente, a *Memoria Técnica* é o documento último no que se describe a totalidade da actuación arqueolóxica, dende os obxectivos e prazos de execución ata o inventario de materiais e catálogo de elementos, pasando por tódalas incidencias, diagnoses e execución de medidas correctoras realizadas; este documento estará acompañado de abundante información gráfica e cartográfica onde se reflexarán

tódolos elementos localizados e as áreas ou extremos a que se faga referencia no texto ou no catálogo da mencionada memoria.

Para poder dar peche ó expediente da actuación será necesario presentar na administración de patrimonio as *Fichas de catalogación* dos xacementos e novas entidades arqueolóxicas que haberán de ser elaboradas segundo os modelos normativizados para elo e no prazo dun mes a partir da finalización do traballo e, remitirle a copia da *Acta de Depósito de Materiais* arqueolóxicos localizados, entregada no momento do depósito polo Museo ou centro competente designado, para o que se otorga un prazo de seis meses.

A CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE EÓLICO. EXPOSICIÓN E DESCRICIÓN DOS DATOS

Análise e compoñentes dun Parque Eólico

De cara ó desenvolvemento dun proceso de avaliación o máis axustado posible, e unha correcta caracterización do impacto, convén definir de antemán os criterios que rixen as sucesivas operacións inmersas nese proceso.

Os contidos que se presentarán a continuación tentan amosar as características xenéricas que presentan os proxectos de construción dos Parques Eólicos, así como os seus efectos sobre o Patrimonio Arqueolóxico. En primeiro lugar será preciso definir o seu *ámbito de afección*, proceder a unha *análise xenérica das súas compoñentes* e, posteriormente, levar a cabo unha *identificación de accións* susceptibles de xenerar un impacto sobre os bens arqueolóxicos¹⁶.

Dado que polo momento non existe unha normativa xenérica que faga referencia á ordenación do chan no entorno dun Parque Eólico, somentes podemos afirmar que a súa superficie de ocupación se ve afectada pola extensión ou magnitude da propia obra e polas *Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Urbanístico* das catro provincias galegas que establecen que toda obra que se realice nun radio de 200 m medido dende o perímetro exterior dos xacementos arqueolóxicos debe pasar pola Comosión provincial de patrimonio Histórico para a súa autorización. Así postas as cousas, e

¹⁶ Esta secuencia está extraída de Criado, Villoch e Barreiro, 1998, e das orientacións metodolóxicas de Avaliación de Impacto Ambiental propostas por varios autores (Conesa 1995, Gómez 1994, Suárez 1989)

procurando algún criterio de caracterización, distinguiremos entón tres zonas ou **ámbitos de afección**:

- Zonas de **afección**, nas que será realizada a obra e que comprenden un espacio limitado por 50 m de radio; deben ser prospectadas de maneira intensiva e cando sexa posible mediante prospección de cobertura total.
- Zonas de **incidencia**, entre os 50 e os 200 m, nas que debe realizarse unha prospección intensiva de carácter selectivo¹⁷.
- Zonas de **mostraxe**, a partir dos 200 m, nas que se realizará unha prospección extensiva naqueles espacios en que sexa previsible a existencia de xacementos arqueolóxicos ou nas proximidades dos xa coñecidos.

Adentrándonos xa nas compoñentes que conforman un PE (ver Figura 1), podemos ver que existen catro tipos de elementos ben diferenciados:

Accesos e viais internos, nos que hai que distinguir entre o acceso principal que adoita aproveitar a infraestrutura viaria de uso público existente na zona e os viais internos ou accesos específicos ás liñas de aeroxeneradores, de comunicación entre aeroxeneradores e de acceso á subestación, xeralmente de uso exclusivo do parque, cunha anchura media duns 5 m e con taludes laterais e cuneta de desagüe, que xeralmente discurren en desmonte aberto en ladeira, en terraplén e evitando as trincherras, empregando materiais de desmonte para compensar os volumes (ver Figura 2).

Instalacións electromecánicas, nas que se poden diferenciar á súa vez catro tipos: cimentación de aeroxeneradores e torres anemométricas, aeroxeneradores, centros de transformación e canalizacións para cableado. Como paso inicial para a erección dos aeroxeneradores constrúese unha plataforma de tamaño variable, de planta rectangular ou cadrangular, cunhas dimensións máximas de 40 x 30 m ou 35 x 35 m (ver Figura 3). A zapata dos aeroxeneradores, de planta cadrada, ten variado moito en canto a dimensións nos últimos anos. Inicialmente, a zapata rondaba unhas dimensións de 8 m de lado e entre 2'50 e 6 m de profundidade aproximada, aínda que actualmente estas construcións realízanse mediante unha escavación duns 16 m de diámetro, uns 11 m de lado. Sobre esta base se constrúe un pedestal macizo de formigón, xeralmente de planta octogonal, dun mínimo de 3 m de lado e máis de 1 m de altura, no que se coloca o anclaxe do fuste do aeroxenerador. Pola súa parte, os aeroxeneradores están constituídos por: rotor (sistema de captación da enerxía), góndola (soporte dos elementos mecánicos do aeroxenerador), buxeiro (unión entre as palas e o eixo de fixación ó multiplicador), multiplicador (mantén a velocidade de rotación), xenerador (transforma

a enerxía mecánica en enerxía eléctrica), grupo hidráulico (suministra fluído a presión para o acondicionamento dos circuitos de freno) e torre (que soporta o aeroxenerador e na que a altura condiciona a cantidade de enerxía xenerada). Actualmente estanse a construír en Galicia aeroxeneradores de 80 m de altura, 120 m totais contando as pás. Nalgúns casos levan incorporados instrumentos de medición meteorolóxica en ausencia das torres meteorolóxicas (de cimentación constituída por un cubo de formigón de 2'40 m de lado por algo máis de 1'50 m de profundidade).

Unha segunda instalación son os centros de transformación onde se reúne a enerxía xenerada albergando entradas e saídas de liñas eléctricas, cabinas de protección e cabina de servizos auxiliares; son xeralmente edificios prefabricados de composición modular e estrutura de formigón e o seu tamaño varía segundo o tipo de aeroxenerador e o número de aeroxeneradores agrupados a cada un (xeralmente cunhas dimensións de 4 por 2'50 m e unha altura de 2'30 m para os de 5 máquinas, aínda que nalgúns casos cada unha pode levar incorporado o seu propio transformador) e poden ir ubicados na mesma zapata que o aeroxenerador ou inmediatamente o seu lado.

Por último as canalizacións para cableado que se realizarán mediante escavacións de profundidade e anchura necesaria para cada tipo de tensión e que serán recheadas con diferentes capas de materiais como areas, ladrillo e cinta sinalizadora: baixa tensión (660 v aprox.) que discorren entre cada aeroxenerador e o centro de control cunhas dimensións de 0'80 m de profundidade e 0'60 m de anchura; media tensión (20 kv aprox.) que discorren entre cada aeroxenerador e o centro de transformación correspondente cunhas dimensións de 1'10 m de profundidade e 0'60 m de anchura; e baixa e media tensión que interconectan os centros de transformación e a subestación cunhas dimensións de 1'30 m de profundidade e 0'60 m de anchura. Ademais, existe un tipo de canalización específico para a *rede de terras* en cada aeroxenerador (toma de terra), en torno ós que se escava unha gabiá de 1 m de profundidade e 0'40 m de anchura que se colmata con terra vexetal e material procedente da propia escavación ou préstamo (ver Figura 4).

O **edificio de explotación** alberga o centro de control do parque e a parte cuberta da *subestación* (punto de evacuación da enerxía eléctrica producida), que xeralmente están separados e teñen accesos distintos. Nel se realizan as tarefas de control e mando, ó tempo que se dispón dun lugar para reparacións, almacén e servizos administrativos. As súas dimensións, varían segundo a potencia conxunta das instalacións, pero normalmente acostuma a ter planta rectangular de 10 por 25 e 6 m de altura. Como obras complementarias para servizo desta instalación, adoitan construírse un *pozo de barrena* para abastecemento de auga e unha *fosa séptica* para depuración de residuos. Outro elemento importante deste edificio é a instalación duna *rede de terra* de características similares ás mencionadas para os aeroxeneradores. Nalgúns casos este recinto dispón de *peche exterior* con tela metálica.

¹⁷ Convén revisar a totalidade do terreo sempre e cando a vexetación o permita e as súas condicións topográficas, fundamentalmente as pendentes, non descarten de antemán a existencia dalgunha entidade arqueolóxica.

Por último, as **líñas eléctricas aéreas de evacuación** sirven para extraer e transportar a enerxía xenerada no parque cara a rede eléctrica xeral e acostuman ser obxecto de proxecto independente. Teñen o seu punto de partida na subestación do parque e o seu punto de chegada na subestación eléctrica ou nun tendido aéreo xa existente nas inmediacións. Leva simplemente unhas torres de sustentación cunha distancia variable segundo a configuración do terreo, e un cortalumes baixo as mesmas que varía en función da tensión soportada e do tipo de vexetación existente no trazado, aínda que en ningún caso excede de 40 m de anchura.

Como paso previo ó deseño definitivo dun PE ten lugar a instalación das torres de medición anemométrica que recollerán a información referente ás cualidades da zona de estudo.

As obras comencan normalmente pola habilitación do vial de acceso (ampliacións de pistas xa existentes, dalgún cruce ou en puntos especialmente estreitos), ou pola apertura de viais novos no caso de que non exista unha infraestrutura previa ou ésta non se adapte ás necesidades da obra. O seguinte paso é a apertura dos viais internos utilizados como pista de obra para acceder a cada aeroxenerador, torres anemométricas, centros de transformación, etc., que adoitan afectar ó terreo só de maneira superficial, sobre todo nas partes máis elevadas, removendo como moito a capa vexetal, ou realizándose unha escavación nos laterais a modo de cunetas de desagüe, mentras que nas zonas deprimidas xeralmente se procede a realizar un terraplén con materiais de desmonte. Son imprescindibles para poder proceder ás obras de cimentación das demais compoñentes, o que conleva tanto obras de escavación como voladuras do sustrato rocoso cando o chan non ten unha grande potencia, cousa que sucede na meirande parte dos casos. Respecto ás conducións subterráneas, poden ser realizadas dende o vial interno no caso de que ambos elementos discorran paralelos, ou directamente seguindo un trazado independente.

Realizado todo o anterior procédese á construción do edificio de explotación, que dada a súa extensión, normalmente demanda unha ampla superficie de chan.

Como xa se dixo máis arriba, as líñas de evacuación adoitan ser obxecto dun proxecto independente e a súa realización constitúe a última fase constructiva do parque.

Visto o ámbito de afección dos elementos que compoñen un PE e a cadencia das obras, poderemos a continuación a valorar os efectos previsibles que pode xenerar a construción dun PE, principalmente ocasionados por aquelas accións máis agresivas para o medio arqueolóxico: *as remocións de terras*. Isto non quere dicir que se poidan deixar de lado outras accións que, no caso que nos ocupa, presentan tamén un relativo risco para a integridade física do patrimonio arqueolóxico, como pode ser o caso de aqueles efectos producidos polo *tránsito de maquinaria* pola zona.

Tendo en conta que o vial de acceso adoita utilizar as infraestruturas existentes, e únicamente se

precisan remocións de terras en puntos concretos onde é necesario anchar un cruce ou parte do vial, resulta facilmente controlable a afección a xacementos arqueolóxicos de natureza visible. Os viais internos, nembargantes, supoñen unha importante remoción do terreo, xa que para a súa construción é necesario realizar desmonte (aínda que xeralmente é superficial) ou terraplén (segundo a configuración do terreo), afectando a unha banda duns 5 ou 6 m de ancho.

A cimentación das torres anemométricas¹⁸, aeroxeneradores e centros de transformación son as accións que necesitan maior remoción do terreo, xa que a profundidade necesaria para a erección das zapatas fai indispensable a escavación na roca natural do sustrato, sobre todo si temos en conta que as zonas elexidas para a construción dun PE presentan xeralmente chans de pouca potencia

Ademais, outros factores fundamentais que ocasionan grande remoción de terreo son as canalizacións para cableado, construídas e tapadas rapidamente con materiais específicos, que interconectan moi diferentes tipos de elementos e discorren por toda a zona abarcada polo parque. No caso das redes de terra requírese un especial coidado posto que poden ser tapadas con terra procedente de préstamos, poidendo afectar a elementos arqueolóxicos próximos.

En canto ó edificio de explotación, a súa construción significa a destrución total de calquer elemento arqueolóxico localizado no lugar do seu emplazamento, ó que hai que engadir as construcións complementarias arriba citadas, xeralmente non definidas no proxecto constructivo, que poden producir graves afeccións a elementos arqueolóxicos do entorno.

Para a construción das líñas de evacuación realízanse dous tipos de remocións diferentes, por unha banda a escavación para a cimentación das torres de sustentación, e por outra, o desbroce da superficie baixo elas para a apertura de cortalumes convencionais. A isto hai que engadir o tránsito de maquinaria á zona de instalación, que en moitos casos realízase monte a través debido á inexistencia de infraestruturas viarias.

¹⁸ A instalación das torres anemométricas en zonas estratexicas da área de estudo constitúe un factor que pode resultar agresivo, e que por ter lugar nas fases previas incluso ó deseño do proxecto non é tido en conta nos estudos de impacto. A pesares da escasa extensión de chan que ocupan, pode darse o caso de que a súa cimentación ou os cables de suxección afecten a elementos do patrimonio arqueolóxico existentes nas proximidades

Cuantificación dos datos manexados e Síntese de Resultados

Cuantificacións e análise de datos

Preséntase a continuación unha síntese de resultados relativa ós traballos de Corrección do Impacto Arqueolóxico da construción dunha serie de Parques Eólicos (PE en adiante) que conforman o Plan Eólico de Galicia levados a cabo polo Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais da Universidade de Santiago entre os anos 1996 e 2001. Nesta exposición tentarán recollerse todos aqueles elementos e datos relativos á interacción entre o Patrimonio Cultural, especialmente ó Patrimonio Arqueolóxico, e a execución da obra, tanto no relativo ás entidades arqueolóxicas documentadas e ás súas especiais peculiaridades, ás características da obra e das compoñentes que xeneran o impacto, como ós informes resultantes do proceso. Respecto ós elementos ou entidades arqueolóxicas que foron obxecto dos procesos de corrección mencionados (tanto os documentados previamente na fase de Avaliación, como os documentados a raíz das obras) e que se inclúen neste documento, atópanse rexistrados na nosa base de datos (SIA) e teñen asignado un código de identificación¹⁹.

O número de PE sobre o que se realizou este estudo fai un total de 42, aínda que nalgún caso un grupo de dous ou tres PE forman en realidade un proxecto unitario que tivo que ser desmembrado por cuestións técnicas e, fundamentalmente, trámites administrativos.

Posto que a análise das componentes dun PE xa foi exposta no apartado anterior, centrarémonos agora en casos concretos e resultados. Evidentemente relatar unha a unha as características específicas de cada proxecto sería unha labor inxente que ampliaría cuantiosamente o volume de información. Personalmente, penso que non é preciso afondar en certas compoñentes, que máis que proporcionarnos datos significativos acabarían repetindo información innecesaria para o tema que realmente nos interesa que é o da cuantificación e análise de resultados en relación co Patrimonio Cultural. O tipo de datos ós que me estou a referir son o caso dos aspectos xeográficos da zona de traballo (en realidade, o espazo no que se instala un PE debe reunir unha serie de condicións que se repiten *grosso modo* en tódolos

modelos) ou o das características técnicas de cada proxecto (dimensións de aeroxeneradores, de viais, gabias, etc. que ben poderían extrapolarse mediante un simple cálculo de promedios, tomando un número de casos ó chou dentro dunha selección na que se vexan representadas distintas magnitudes en canto a extensión física da área afectada e diferentes datas de execución). Evidentemente, este tipo de información será oportunamente reflexada pero, como digo, mediante un cálculo de valores medios.

A necesidade de realizar un seguimento continuado xustifícase perfectamente á marxe da EIArq e da Declaración de Impacto Ambiental (que marcan aquelas actuacións de corrección básicas e indispensables que deberán ser acometidas en fase de obra). O feito de que o seguimento se extenda a todo o proceso e non só a estas actuacións indicadas é debido a que o pleno control e corrección do impacto arqueolóxico non se podería satisfacer si non se realizara un seguimento directo e continuado da execución. En primeiro lugar, polas propias características do rexistro arqueolóxico galego (condicións de invisibilidade, etc.) e en segundo e consecuencia do anterior, porque unha Avaliación nunca será un procedemento que garantice completamente a identificación da totalidade dos impactos.

Como se verá a continuación, o ritmo de traballo no control e seguimento das obras de construción foi sempre constante e, moitas veces, acelerado, dada a simultaneidade de moitas execucións. Este mesmo ritmo foi o que marcou xa dende un principio a necesidade de redacción do correspondente Proxecto Marco. Ademais, o establecemento de criterios básicos de unidade e homoxeneidade na recollida e tratamento da información xenerada nestas actuacións tan fragmentadas e dispersas, fai posible a utilización dos datos para a reconstrución dun proceso de síntese de coñecemento arqueolóxico como o que nos atinxe.

Exposición de Datos e Resultados dos PE realizados polo LAR

Antes de entrar na exposición dos casos concretos analizados, comezaremos cunha breve introducción daqueles aspectos antes mencionados que son practicamente comúns a tódolos proxectos e dos que pode ser obtido un valor medio. Ademais, para a mellor comprensión dos datos, convén mencionar unha serie de puntualizacións.

En primeiro lugar, comentar que a execución deste tipo de proxectos só pode ser levada a cabo nun tipo de **espacios xeográficos** concretos, cunhas condicións topográficas e de orientación moi determinadas. Isto quere dicir que non calquer sitio é válido para a instalación dun Parque Eólico. Evidentemente é necesario que se trate dun lugar preferentemente elevado, aínda que neste senso as cotas de altitude poden ser moi variables dependendo de si nos atopamos nun área de litoral ou de interior, no que a búsqueda de elevacións prominentes faise máis necesaria. Esta situación está determinada evidentemente pola búsqueda do potencial eólico, posto que é o vento o verdadeiro factor determinante na elección da futura ubicación. Contamos xa polo

¹⁹ Os xacementos están encabezados pola abreviatura YA mentras que as estruturas de natureza indeterminada, os achádegos (conxuntos ou non) de materiais en superficie e os elementos etnográficos se referencian coa sigla PU, nambos casos seguidos dun código fundamentalmente numérico onde se aportan as cifras relativas a ano, mes, día, letra asignada ó arqueólogo que realiza a documentación e un último número de orde da documentación.

tanto con dous dos elementos que definen o emplatamento dun PE: os espazos elevados que ademais reciben a acción dos ventos dominantes. Existe unha terceira explicación que aínda que non é causa directa complementa ás anteriores; é por estas características descritas que estas zonas adoitan estar normalmente bastante distanciadas dos núcleos de poboación e aínda que sempre foron obxecto da actividade humana, a pesar da aparente dificultade que presentan, nas últimas décadas tenden a abandoarse progresivamente. Este factor axuda indirectamente a que estas zonas sexan elixidas por xenerar un menor impacto social. Pero ademais, a topografía da zona debe reunir unha serie de requisitos que permitan a instalación das infraestruturas necesarias. Así vemos que preferentemente son seleccionadas aquelas unidades de relieve que se dispoñen a modo de cordais principiais cunha orientación claramente definida que ademais poden completarse con dorsais de estribación en bandas sucesivas. Respecto ás características destas formacións cabe resaltar que conforman amplios espazos arrellanados en altura ou de suaves pendentes que fan moi sinxela a súa transitabilidade. Isto permite a disposición de viais aptos para maquinaria, a construción de grandes zapatas para os aeroxeneradores e mesmo as alineacións dos mesmos. Dito isto, penso que quedan bastante claras as pautas de selección do tipo de emplazamento apto para a instalación dun Parque Eólico no noso territorio.

En segundo lugar e xa respecto ás **infraestruturas e características** da construción sería tarefa laboriosa e repetitiva a de citar proxecto a proxecto as compoñentes e dimensións. Polo tanto e tal como se apuntou antes, optouse por realizar un cálculo de valores medios. Para esta análise foi seleccionada ó chou unha mostra de seis proxectos diferentes, na que se visen representados distintos anos e zonas da xeografía galega e diferentes proporcións respecto á superficie afectada. Os casos elixidos foron os Parques Eólicos de Paxareiras II-F (sept. 1996), Pena Luisa (sept. 1998), Caxado e Pena da Loba (xun. 1999), Coriscada II (xull. 1999) e Chantada (febr. 2000). Posto que as compoñentes dun PE son ben sabidas, atendendo ó exposto no apartado anterior, pasaremos directamente a tratar as dimensións e características que acompañan a estes elementos:

- **Viais;** nos casos analizados vemos que o ancho deste vial ou pista oscila entre os 4 e os 5 m e unicamente implica a retirada da capa superficial de terreo e a montaxe dun firme ou súbbase de entre 0'40 e 0'50 m²⁰. Xunto ós bordes laterais da pista prevéase construír cunetas de desagüe de entre 0'40 e 1 m de ancho e entre 0'20 e 0'50 m de profundidade.

²⁰ O ancho da pista é de 4 m en catro casos e de 5 m en dous deles. O resultado sería unha media de 4'33 m de ancho de pista. Parece obvio que tratar con cifras decimais nestos casos resulta un pouco ridículo, polo tanto opto por expoñer directamente os dous valores entre os que se move o resultado.

- **Gabia;** neste caso hai que mencionar dous datos, por un lado o ancho da gabia que pode oscilar entre 0'50 e 0'80 m e por outro, a súa profundidade que na meirande parte dos casos é de 1 m, aínda que na práctica veremos que pode variar en función das características específicas do terreo en determinados puntos ou do número de liñas-condutores (cable) que pretenda albergar. Tamén habería que diferenciar entre unha gabia principal (prof.= 1 m), unha gabia de cruce con viais existentes asfaltados (prof. = 1'30 m), e unha gabia de cruce con viais do parque e viais existentes non asfaltados (prof.= 1'40 m).
- **Cimentación dos aeroxeneradores;** para isto é necesario construír unha zapata, antes cadrangular cunhas dimensións de entre 11 e 13'5 m de lado e unha profundidade de entre 0'80 e 1'20 m, e actualmente circular de 16 m de diámetro..
- **Centros de transformación;** normalmente estes ocupan en planta unha superficie de 4x2'25 m.
- **Subestación;** o edificio de control ten en planta dimensións variables: 26 x 12 m en Pena Luisa, 18 x 10 m en Chantada, 10'3 x 6'5 m en Paxareiras II-F ou 20'5 x 14 m en Coriscada II, por poñer algúns exemplos.
- **Distancia entre aeroxeneradores;** tamén varía entre os 75 e os 150 m dependendo do tamaño dos aeroxeneradores; actualmente considérase que 150 m é a distancia mínima que deben manter.

Todos estes datos poden darnos xa unha idea do volume de terras que é necesario mover durante a construción. Pode que un dos aspectos máis significativos respecto á documentación de elementos do patrimonio arqueolóxico sexa sen dúbida a apertura das gabias. A este respecto poderíamos facer un cálculo dos metros cúbicos de terra movida en cada proxecto, sabendo que contamos coas dimensións da gabia en canto a anchura e profundidade, que sabemos a distancia entre aeroxeneradores e o número destes por PE. Nembargantes é un cálculo que non estimo oportuno realizar por dous motivos fundamentais: o primeiro é que calcular os metros cúbicos da terra da gabia non é representativo do grado potencial de rexistro afectado, pois como sabemos, estas zonas contan cunhas condicións edafolóxicas específicas nas que o horizonte orgánico A (de potencialidade arqueolóxica) está formado por un estrato de espesor mínimo a causa da forte erosión; en segundo lugar, aínda sabendo o número de aeroxeneradores por parque habería que pensar que en moitos casos estes dispóñense en distintas alineacións ou que a ubicación dalgún elemento pode variar pola especificidade do lugar de ubicación, ó igual que pode variar a profundidade da gabia, polo que calcular o volume de terra non sería nunca un dato real nin representativo. Tendo en conta estas precisións e recalando o tema das condicións edafolóxicas do terreo, parece evidente que o simple desbroce para a apertura dun vial pode ser tan dañino para o rexistro arqueolóxico como a apertura de gabias mencionadas.

Vistas algunhas das características e aspectos comúns que comparten os distintos Parques Eólicos instalados no noso territorio, centrámonos agora nos casos concretos obxecto deste estudo, para dar paso máis tarde a unha análise dos resultados relativos ó Patrimonio Arqueolóxico e Cultural. A continuación preséntase un listado dos proxectos tratados, obxecto da Corrección do Impacto Arqueolóxico realizada polo LAFC dende o ano 1996 e ata 2001.

O código do Proxecto é o que lle asigna o LAFC como referencia administrativa interna. A nivel da Administración, cada proxecto ten asignada unha clave de expediente administrativo que se inclúe na táboa anexa.

O director/a da actuación arqueolóxica que aquí figura é o responsable final do seguimento aínda que nalgúns casos e por diversos motivos pode darse a circunstancia dun cambio de titularidade en fases iniciais da actuación.

O período de realización está comprendido entre a data de inicio das obras e a data de entrega da Memoria Técnica/ Informe Final. Eléxese a data de comezo das obras e non a de aceptación da Oferta ou a de entrega do Proxecto porque entre o Proxecto e o inicio efectivo das obras pode comprenderse un dilatado período de tempo. Naqueles casos nos que non foi informado o inicio dos traballos arqueolóxicos nen enviado informe de Revisión de Cautelas, optouse por poñer as datas do Proxecto e do primeiro Informe Puntual emitido, entendendo que o inicio dos traballos está comprendido entre estas dúas datas.

Por razóns obvias de limitación, afondarase únicamente naqueles casos en que o impacto foi diagnosticado como crítico e fíxose necesaria o deseño e aplicación de medidas correctoras específicas e de maior complexidade.

Ademáis, tentouse na medida do posible presentar os datos básicos relativos ó estudo de Avaliación de forma que poda ser realizada unha secuencia e, por suposto, unha comparación de resultados e unha análise do cumprimento das medidas de corrección.

Parque Eólico de Barbanza

Código de proxecto: 96E22

Empresa ou organismo contratante: GESTENGA

Director/a da actuación: Victoria Villoch Vázquez

Datas de realización: outubro de 1996 a febreiro de 1997

Número de aeroxeneradores: 60

Concellos afectados: Porto do Son e Pobra do Caramiñal

Durante a prospección superficial previa foron detectados indicios da existencia dun xacemento adscribible ó Paleolítico Superior Final ou ó Epipaleolítico evidenciado pola existencia de material lítico tallado en superficie (PU951117V03). Por outra parte, os datos arqueolóxicos previos facían xa referencia á

existencia de túmulos funerarios de época prehistórica; non en vano foi localizado un (PU951116V02) nas proximidades do vial de acceso que naquel tramo reutiliza unha pista existente que xa destruíra un sector do xacemento. Por iso propúxose a realización de sondaxes arqueolóxicas en distintos lugares do Parque (...) ou no seu defecto a realización dun seguimento das obras a fin de inspeccionar os lugares nos que sería realizado algún tipo de remoción de terras, que foi o que finalmente se fixo. Ademáis, aconsellouse ter en conta a presenza do túmulo a pesar de que polo seu entorno non estaba en principio previsto realizar ningún tipo de actuación, no caso de modificacións no proxecto de execución e proceder á súa sinalización e control durante as obras. Os impactos foron diagnosticados como *compatibles*.

A Corrección do Impacto Arqueolóxico foi realizada sobre un total de tres Puntos: un correspondente a un Xacemento e dous a puntos con material arqueolóxico, vinculados á súa vez a unha Zona.

Durante o seguimento, na primeira fase do traballo de campo foi sinalizado o túmulo e posteriormente foron inspeccionadas as pistas e cimentacións que quedaran establecidas na Declaración de Impacto Arqueolóxico previo, pola súa proximidade á zona susceptible de albergar un xacemento de época paleolítica segundo as cautelas. Na segunda fase realizáronse labores de mostraxe e contextualización dos xacementos e zonas de interese arqueolóxico localizados na primeira fase, a revisión dunha canteira aberta non contemplada na Avaliación e completouse a documentación gráfica, fotográfica e videográfica da zona. Este traballo permitiu localizar e documentar a existencia dun punto con material arqueolóxico non coñecido anteriormente (PU961031D01) durante a apertura da zapata do aeroxenerador nº 31.

Parque Eólico de Paxareiras I-Sinalización e Seguimento

Código de proxecto: 97E32

Empresa ou organismo contratante: EUROVENTO

Director/a da actuación: David Barreiro Martínez

Datas de realización: xunio de 1997 a xullo de 1998

Número de aeroxeneradores: 32

Concellos afectados: Mazaricos, Muros e Carroa

As obras afectaron en diverso grado a un total de nove Xacementos que poden ser distribuídos da seguinte maneira:

- Cinco na denominada área de afección correspondentes a unha mámoa/ túmulo megalítica e a catro representacións gráficas ó aire libre de adscripción cultural indeterminada.
- E catro na área de incidencia consistentes nun castro da Idade do Ferro e tres representacións gráficas ó aire libre, dous delas indeterminadas e unha da Idade Contemporánea.

O impacto das obras sobre estes elementos foi considerado *compatible* en tres casos, *moderado* en outros catro, *severo* nun deles e *crítico* nun único caso.

Respecto ó impacto *crítico*, implicou a afección da mámoa de *Alto da Medoña* (YA960522V01). O axente de afección foi a gabiá de cableado á altura do aeroxenerador 31 que provocou a sección do lado W do xacemento. As medidas correctoras implicaron unha actuación especial. Supuxeron a paralización das obras así como a modificación do trazado da gabiá, alonxándoa do perímetro exterior do xacemento a unha distancia mínima de 20 m. Igualmente considerouse necesaria a limpeza e escavación do sector afectado e o seu entorno máis inmediato, así como a restitución do terreo do túmulo na zona afectada utilizando un elemento separador.

Esta situación crítica veu provocada, non por un erro na Avaliación, senón porque a empresa que executou as obras da meirande parte do PE e que tiña perfecto coñecemento da existencia e ubicación das entidades arqueolóxicas, non era a mesma que realizou a escavación da gabiá, quen optaron por realizar unha variante de última hora que provocou a afección.

Parque Eólico de Paxareiras IIA-Sinalización

Código de proxecto: 97E33

Empresa ou organismo contratante: EUROVENTO

Director/a da actuación: David Barreiro Martínez

Datas de realización: maio de 1997 a abril de 1998

Número de aeroxeneradores: 32

Concellos afectados: Muros e Carnota

Este proxecto implica unicamente a sinalización previa á construción do PE de Paxareiras IIA. Neste senso a actuación arqueolóxica estivo só orientada ó Xacemento (YA960605T02).

Parque Eólico de Coriscada

Código de proxecto: 97E34

Empresa ou organismo contratante: GAMESA

Director/a da actuación: Victoria Villoch Vázquez

Datas de realización: xunio de 1997 a xunio de 1998

Número de aeroxeneradores: 40

Concellos afectados: Mañón e Ortigueira

Nos traballo de Avaliación foron documentados dezaoito Puntos: dezasete xacementos tumulares e unha estrutura histórico-etnográfica, todos eles elementos de natureza visible.

Xa no seguimento das obras víronse afectados un total de vinte Puntos; deles dezaoito xacementos, unha estrutura e un conxunto de materiais, que se distribúen do seguinte modo:

- Na zona de afección atópanse dez xacementos ou mámoas megalíticas e un conxunto formado por material lítico.
- Na banda de incidencia, oito mámoas megalíticas e unha estrutura formada por un motivo relixioso da Idade Moderna.

Neste contexto, os impactos que as obras xeneran sobre estes elementos foron considerados *compatibles* en cinco casos, *moderados* en seis e *severos* en oito. Ningún caso foi considerado como crítico a pesares da escasa distancia que nalgúns casos mediou entre o elemento e as obras. De feito, en dous casos concretos, os relativos ás mámoas YA960716V10 e YA960717V10, dictaminouse un impacto severo aínda que a distancia no primeiro caso era de 0 m e no segundo de 9 m; considerouse que o impacto se veía mitigado nun caso a pesar da nula distancia entre o xacemento e o vial, polo feito de que discorrería por unha pista xa existente, e no outro, pola existencia dun crestón de esquisto entre o xacemento e o aeroxenerador.

As medidas correctoras levadas a cabo centráronse, en primeiro lugar, na corrección do posicionamento de seis xacementos que contiñan erros de localización no informe de Avaliación e, xa en plena fase de execución, no control de tódalas remocións de terra, especialmente no entorno dos elementos documentados. En canto ás dúas situacións especiais antes mencionadas, procedeuse á sinalización dos xacementos e realizouse un control exhaustivo de tódalas obras realizadas nos seus entornos.

Nas labores de control e seguimento arqueolóxico das obras unicamente foi documentado un punto con material lítico, no que se procedeu á súa recollida e rexistro.

Parque Eólico de Corme

Código de proxecto: 97E75

Empresa ou organismo contratante: AMBIO,SA

Director/a da actuación: Manuel Santos Estévez

Datas de realización: xullo/agosto de 1998 a agosto de 2000

Número de aeroxeneradores: 72

Concellos afectados: Ponteceso

A CIArq implicou en conxunto a dezanove Puntos, dos cales doce correspóndense con xacementos, dous con estruturas, catro con conxuntos de materiais e un cun aspecto do folklore. Estes poden ser organizados da seguinte forma:

- Na banda de afección atópanse oito elementos: catro representacións gráficas ó aire libre e catro conxuntos de materiais de adscripción indeterminada.
- Na área de mostraxe, un total de dez elementos, oito deles representacións gráficas ó aire libre e dúas estruturas etnográficas.

Respecto ó impacto xenerado polas obras sobre estas entidades considerouse que *non afectaban* en dez casos, que eran *compatibles* en cinco, *modera-*

do en dous deles, *severo* nun caso e *crítico* tamén nun único caso.

No citado caso crítico (YA970506T02) a distancia que mediaba entre o xacemento, un abrigo con grabados, e o axente de impacto era o suficientemente considerable como para non implicar a gravidade considerada. Nembargantes, o feito de que durante a corrección foran localizados novos grabados que proporcionaban maior esceptcionalidade ó conxunto e que a afección estaba motivada polas voaduras dunha canteira e da instalación do aeroxenerador AE-67 implicaría, no caso de non ser correxida, a alteración do xacemento polas posibles vibracións. De feito, foi detectada unha grieta no propio abrigo.

Considerouse oportuno como medida de corrección o establecemento dun área mínima de seguridade en torno ó xacemento no que non deberían ter lugar ningún tipo de voladuras. Como medida recomendada propúxose ademais a supresión do aeroxenerador ou a reubicación do mesmo. Consecuentemente, a solución adoptada foi a da supresión do aeroxenerador. Este procedemento foi presentado nun informe de *solicitud de modificación puntual da ubicación dun aeroxenerador*.

Ademais, durante o seguimento das obras foron documentados sete novos puntos arqueolóxicos: PU981020K01-02-03 y PU981126K01, todos con material lítico, PU980909K01-02 abrigos con grabados de covas e un petroglifo ó aire libre (PU981202K01).

Parque Eólico de Bustelo I

Código de proxecto: 98E09

Empresa ou organismo contratante: GESTENGA

Director/a da actuación: Manuel Santos Estévez

Datas de realización: marzo/ novembro de 1998 a febreiro de 1999

Número de aeroxeneradores: 76

Concellos afectados: Muras

Nas labores de prospección superficial documentáronse dous xacementos (PU960801T01 *Túmulo de Rioseco* e PU960731T01 *Túmulo de Montouto*) con impactos *severo* e *compatible* e dous elementos etnográficos (PU960731T02 *Cruceiro de Montouto* e PU960730T04 *Cruz de Alto de Abeledo*) con impactos *crítico* e *severo* respectivamente e que máis tarde foron considerados moderados por non realizarse obras nin pasar maquinaria cerca deles. Como medidas correctoras foi proposto o desvío do vial e gabia e a sinalización e control arqueolóxico das obras.

Durante o control e seguimento das obras de construción do Parque, foron tratados un total de catro Puntos: dous de carácter arqueolóxico e dous etnográficos. Dets catro e, en función da distancia á obra distribúense:

- Dous na banda de maior risco, entre os 0 e os 10 m, correspondentes a unha cruz da Idade Moderna e a unha mámoa megalítica.

- Un no límite entre a banda de afección e a de incidencia, a 50 m, consistente nunha cruz de época Moderna.
- E un na área de incidencia, a 103 m, tamén unha mámoa megalítica.

Respecto ós impactos producidos sobre estes elementos decir que, dous foron diagnosticados como *compatibles* (YA960731T01 e PU960731T02), un como *moderado* (PU960730T04) e outro como *severo* (YA960801T01). Aínda que este último elemento ten a suficiente entidade como para que o impacto sexa de maior consideración, as características do axente de impacto (desbroce superficial para a apertura dun vial) tenden a mitigalo. Neste senso cabe mencionar que o impacto amortiguouse gracias ás indicación da DEA que propuxeron o desvío do vial e da gabia pola zona oposta á orixinalmente prevista. En canto ó PU960731T02 a diagnose dun impacto *compatible* foi debida tamén á modificación do trazado da gabia indicada na DEA.

Polo tanto, as labores de corrección limitáronse á sinalización do xacemento e das outras entidades mencionadas, á realización dun control arqueolóxico das obras, especialmente no entorno da entidade máis afectada, e de tódolos movementos de terra efectuados.

Non foi documentada ningunha nova incidencia de carácter arqueolóxico.

Parque Eólico de Capelada II

Código de proxecto: 98E12

Empresa ou organismo contratante: GESTENGA

Director/a da actuación: Victoria Villoch Vázquez

Datas de realización: xunio de 1998 a febreiro de 1999

Número de aeroxeneradores: 45

Concellos afectados: Cariño, Cedeira e Ortigueira

Durante a prospección superficial intensiva localizáronse dentro do ámbito de incidencia os xacementos (PU950607V03-02-01). Xa na zona de mostraxe foron localizados os seguintes elementos: PU950601V01-02-03, PU950608V01-02-03, PU950531V01-02-03, PU950609V01-02-03-04-05, PU950612V01 e PU960509V01. Estes tiñan un impacto nulo, mentras que os localizados dentro do área de incidencia teñen un impacto moderado. Como medidas correctoras foi proposta a sinalización e control dos xacementos máis próximos, aínda que o ideal sería o seguimento a pé de obra durante os traballos de construción e remoción de terras.

Neste caso foi necesario correxir o impacto que as obras xeneraron sobre cinco Puntos concretos: tres xacementos e dous puntos con material arqueolóxico. A distribución dets elementos era a seguinte:

- Na banda de afección os dous puntos con material arqueolóxico; nun, dous conxuntos recollidos

en distintas datas e no outro, un só conxunto, todos eles de adscripción cultural indeterminada.

- Na área de incidencia dúas Mámoas de adscripción neolítica.
- Na zona de mostraxe unha Mámoa coas mesmas características que as anteriores.

O impacto diagnosticado sobre as entidades considerouse que *non afectaba* no caso dos tres xacementos e que era *compatible* nos puntos de localización de materiais.

As medidas correctoras baseáronse nun seguimento e control de todas aquelas labores que implicaron movementos de terreo e na recollida e rexistro do material localizado.

Foi precisamente este material a única incidencia arqueolóxica documentada durante o proceso de Corrección Arqueolóxica.

Parque Eólico do Cadramón

Código de proxecto: 98E16

Empresa ou organismo contratante: INEUROPA

Director/a da actuación: Mar López Cordeiro

Datas de realización: setembro de 1998 a xaneiro de 2000

Número de aeroxeneradores: 27

Concellos afectados: Alfoz, Abadín e O Valadouro

Neste caso foron once os Puntos obxecto das labores específicas de corrección. Á súa vez, moitos destes puntos estaban vinculados a dous xacementos e constituían basicamente concentracións de material. A súa distribución respecto ás obras era a que sigue:

- Tódolos puntos tratados, constituídos por conxuntos de materiais (dezanove CM) ben de adscripción indeterminada ou ben de época paleolítica, foron documentados na área directa de afección, na banda de maior risco, posto que a distancia entre estos puntos e as obras era nula.

O resultado do estudo destes materiais, xunto coas características xeomorfolóxicas da zona de localización, deron orixe á consideración de dous xacementos ó aire libre de época paleolítica (YA980911D01 e YA990218D01).

Diagnosticouse un impacto *compatible* en dous casos, *moderado* en catro, *severo* nun deles e *crítico* en catro CM e no caso dos dous xacementos.

Como medidas de corrección procedeuse á recollida e rexistro da totalidade do material, á limpeza de perfís e á inspección destes e dos terreos desbrozados, así como á realización dunha actuación especial en relación co YA980911D01, consistente na escavación de sondaxes manuais na área con anterioridade á escavación das zapatas dos tres aeroxeneradores causantes do impacto. Ademais recomendábase que esta actuación podería ir acompañada dun estudo edafolóxico e xeomorfolóxico da zona.

Resaltar que tódolos elementos tratados neste proxecto foron documentados en fase de corrección.

Parque Eólico de Barbanza II

Código de proxecto: 98E18

Empresa ou organismo contratante: MADE

Director/a da actuación: Victoria Villoch Vázquez

Datas de realización: xullo de 1998 a maio de 1999

Número de aeroxeneradores: 26

Concellos afectados: Pobra do Caramiñal e Porto do Son

O traballo arqueolóxico realizado consistiu fundamentalmente na aplicación de estratexias de corrección sobre un total de vinte e cinco entidades, tres xacementos, un elemento histórico e vinte e un puntos que recollen vintedous conxuntos de materiais. Á súa vez, moito deste material arqueolóxico foi organizado en dúas zonas segundo o espazo de localización.

- Na banda de afección foi documentado un xacemento arqueolóxico constituído por unha mámoa (YA951116V02) de época neolítica e vinte e un conxuntos de materiais de adscripción indeterminada; catro destes conxuntos foron vinculados á zona de *Alto das Brañas* e outros sete á zona de *Outeiro do Campo*.
- Na zona de incidencia atopábanse unha mámoa megalítica (YA961116V01), o elemento histórico antes citado (PU970228T01) consistente nunha Cruz e un punto no que tamén foi localizado material arqueolóxico indeterminado.
- En canto á área de mostraxe constatouse a ubicación dun terceiro xacemento ou mámoa de características cronoculturais similares ás anteriores; vinculado a este xacemento foi documentado tamén un pequeno conxunto de materiais.

En todos aqueles casos nos que o material foi documentado nas propias remocións de terreos provocadas pola obra, foi diagnosticado un impacto *compatible*; incluso nun caso considerouse un diagnóstico de non afección posto que o punto con material atopábase a 80 m da obra. Respecto ó elemento histórico a distancia ó axente de impacto tamén fixo que fose considerado un impacto nulo. Dos tres xacementos, en dous casos diagnosticouse tamén un impacto nulo (a pesar de que un deles se atopaba a 130 m das obras) nun único caso considerouse un impacto *compatible* (YA951116V02). Neste último caso o xacemento atopábase contiguo ó axente de obra, aínda que a determinación deste tipo de impacto baseouse en que antes de que se iniciasen as obras, o entorno inmediato do xacemento xa se atopaba cortado pola pista pola que estaba previsto o vial de acceso. Durante as obras, o vial non foi alterado e a gabia foi escavada con control arqueolóxico polo lado E do vial a fin de evitar unha destrución directa das estruturas visibles do propio xacemento.

As medidas correctoras levadas a cabo consistiron basicamente na inspección exhaustiva das labo-

res de remoción de terras e a recollida e rexistro da totalidade do material localizado. Ademais, realizouse un control exhaustivo da construción do vial e da apertura da gabia próximos ó xacemento arriba mencionado, aínda que non foron exhumadas evidencias arqueolóxicas vinculadas ó monumento.

Dos elementos citados só os de natureza visible (as tres mámoas e a cruz histórica) foron documentados durante a Avaliación de Impacto, mentras que todos os demais (vinteun puntos) foron localizados durante o seguimento das obras posto que, pola súa natureza, na maioría dos casos só poden ser documentados mediante un desbroce ou remoción.

Parque Eólico de Vicedo

Código de proxecto: 98E19

Empresa ou organismo contratante: EUROVENTO

Director/a da actuación: Victoria Villoch Vázquez

Datas de realización: setembro de 1998 a febreiro de 1999

Número de aeroxeneradores: 41

Concellos afectados: Vicedo

Durante a prospección superficial previa non foi detectado ningún xacemento ou elemento visible en superficie, aínda que sí se pensou que poderían aparecer restos durante as remocións de terras e por elo estableceuse un *área de catutela* que incluía o espazo que ocuparía a subestación e o seu entorno inmediato.

Como resultado durante o seguimento arqueolóxico de tódalas fases de obra, non foron localizados restos ou calquer outro tipo de evidencias arqueolóxicas, nin na área de cautela establecida na Avaliación, nin en ningunha outra zona afectada.

Parques Eólicos de Coucepenido e Os Corvos

Aínda que a efectos administrativos os proxectos destes dous Parques foron considerados de maneira independente, na práctica e a efectos de estratexias e concreción do traballo, deseño e procedementos de execución, poderíanse considerar como dúas fases ou secuencias que ben constituirían un único PE. É a este respecto que, en función da simultánea solicitude de Oferta, pola contigüidade das zonas afectadas, por similares prazos de execución, etc., o LAFC decidiu a nivel interno darlle un único código de proxecto que facía referencia á CIARq de ambos Parques.

Por esta razón, inclúese en primeiro lugar a ficha básica dos dous Parques, aínda que a exposición dos traballos de Corrección do Impacto e os seguintes resultados sintetizaranse nun único apartado.

Parque Eólico de Coucepenido

Código de proxecto: 98E24

Empresa ou organismo contratante: UFISA

Director/a da actuación: Manuel Santos Estévez

Datas de realización: maio do 98/ febreiro do 99 a decembro de 1999

Número de aeroxeneradores: 38

Concellos afectados: Cedeira e Ortigueira

Parque Eólico de Os Corvos

Código de proxecto: 98E24

Empresa ou organismo contratante: UFISA

Director/a da actuación: Manuel Santos Estévez

Datas de realización: maio do 98/ febreiro do 99 a outubro de 1999

Número de aeroxeneradores: 17

Concellos afectados: Cedeira

Durante a prospección superficial previa (1997) detectáronse no entorno do PE de Os Corvos, tres túmulos de cronoloxía neolítica (PU950531V01-03) que conforman a necrópole de *Pedra Chantada*. Sobre éstos prodúcese una afección directa provocada polo vial interno e gabia para cableado entre os aeroxeneradores A4 e A5 (PU950531V01), o aeroxenerador A3 e gabia para cableado entre os aeroxeneradores A3 e A4 (PU950531V03) e, por último, a gabia entre os aeroxeneradores A3 e A4 sobre o PU950531V02. As medidas correctoras propostas baseábanse na supresión do A3 e dos viais e gabias que o rodean e de non ser posible procederíase ó desvío da gabia ata uns 20 m dos dous túmulos. Igualmente se procedería cos aeroxeneradores A4 e A5. Unha vez efectuadas estas medidas revisaríanse na fase de replanteo e procederíase ó balizado e control dos xacementos no transcurso das obras.

Na construción destes Parques as labores de corrección foron bastante complexas pola existencia de varios xacementos próximos ás obras. O número total de entidades documentadas foi de quince, das cales cinco eran xacementos e dez eran puntos nos que se concentraba material arqueolóxico. A distribución destes elementos respecto ás obras era a seguinte:

- Na banda de afección atopábanse tres xacementos ou mámoas megalíticas de época neolítica que variaron a súa distancia respecto ás obras en función de algunhas variacións na execución, aínda que seguiron manténdose na citada área de afección directa. Tamén foron documentados dez puntos ós que se vinculan doce conxuntos de materiais de adscripción cultural indeterminada.
- Na área de incidencia atopábase unha cuarta mámoa megalítica a 150 m das obras.
- Respecto á área de mostraxe mencionar que foi documentado un xacemento de tipo tumular similar ós anteriores.

No caso dos puntos con material arqueolóxico o impacto foi considerado compatible en nove casos e moderado nun deles. Respecto ós xacementos, considerouse nulo ou de non afección nun caso, moderado en dous, mentres que naqueles dous que se

viron afectados por pequenas modificacións na execución o impacto mantívose moderado nun caso e pasou de moderado a severo noutro (YA950610V02). Este último explícase porque nun principio e dada a distancia entre o xacemento e as obras, considerouse que a apertura do vial non xeneraba apenas afección sobre a entidade, pero xa en fase de execución comprobouse que a obra en cuestión sí acabou afectando ó entorno próximo do xacemento.

A corrección aplicada consistiu na recollida e rexistro de todo o material localizado, na sinalización dos xacementos documentados, así como no control exhaustivo de perfís abertos e de tódalas labores que implicaron remoción de terreos, especialmente no entorno dos monumentos.

Do conxunto destes elementos, tan só catro xacementos de natureza visible foron documentados durante os traballos de Avaliación do Impacto, mentras que os restantes, é dicir, un novo xacemento e dez puntos con material arqueolóxico serían documentados durante o seguimento das obras; 4 puntos con industria lítica (PU990526K02, PU990609K01, PU990623K01-02) no PE de Coucepenido e 5 puntos (PU990216K01-02, PU990315K01-02 e PU990405K03) con material lítico distribuídos en 6 conxuntos de materiais, no PE de Os Corvos.

Como actuación significativa hai que sinalar que neste proxecto procedeu á introducción dunha medida compensatoria do impacto producido: a instalación dun panel explicativo nas proximidades da necrópole de *Pedra Chantada*, así como a sinalización permanente dos xacementos mediante postes de madeira ó seu redor.

Parque Eólico de Muras I

Código de proxecto: 98E28

Empresa ou organismo contratante: GAMESA

Director/a da actuación: Manuel Santos Estévez

Datas de realización: setembro de 1998 a febreiro de 1999

Número de aeroxeneradores: 37

Concellos afectados: Muras

Tódolos Puntos ós que deberon atender dunha maneira especial os traballos de Corrección do Impacto Arqueolóxico foron documentados durante a Avaliación e correspondían a elementos de natureza visible. Destes, dous eran xacementos de tipo tumular e tres estruturas histórico-etnográficas. A súa distribución respecto ás obras era a seguinte:

- Na área de incidencia atopábanse catro Puntos, tres elementos histórico-etnográficos correspondentes a tres Cruces da Idade Moderna e unha Mámoa de adscripción neolítica.
- Na área de mostraxe documentouse un único xacemento ou Mámoa megálitica de características similares á anterior.

Foron diagnosticados tres impactos compatíbeis e dous de tipo moderado, tendo en conta a distancia

entre os elementos e os axentes de obra máis cercanos.

O seguimento arqueolóxico mantivo un constante control de tódalas labores de obra, especialmente daquelas que implicaban movementos de terras, desde o desbroce e apertura de viais, gabias e zapatas, ata a restitución de terreos. De feito esta foi a principal medida de corrección efectuada en relación ós xacementos e ás demais entidades, así como o control do tránsito de maquinaria polas súas inmediacións.

Parque Eólico de Nordés

Código de proxecto: 98E35

Empresa ou organismo contratante: INEUROPA

Director/a da actuación: Mar López Cordeiro

Datas de realización: agosto de 1998 a xaneiro de 2000

Número de aeroxeneradores: 27

Concellos afectados: Muras e O Valadouro

Neste caso a Corrección debeu atender especialmente a dez entidades de carácter arqueolóxico. Na súa totalidade son puntos nos que foi documentado material arqueolóxico tanto de adscripción cultural indeterminada como de época paleolítica. As características de varios puntos, tres concretamente, nos que se recollen un total de catorce conxuntos de materiais, xunto coa presenza dun abrigo rochoso nas proximidades, fixeron posible ó recoñecemento dun xacemento (YA981125D01) considerado de época paleolítica.

- Todas estas entidades localízanse na banda de afección directa das obras, posto que mantéñen unha distancia de entre 0 e 5 m.
- A excepción é un conxunto de materias que foi localizado a uns 60 m polo que se atoparía xa na zona de incidencia.

O impacto das obras foi considerado compatible en cinco casos, moderado en catro, severo en tres e crítico nun deles, concretamente no caso do xacemento. Os impactos críticos foron considerados no ámbito do propio xacemento paleolítico.

As medidas de corrección aplicadas para estes impactos consistiron no control de tódalas remocións de terreos efectuadas, procedendo á recollida e rexistro da totalidade do material localizado e á inspección e limpeza de perfís, no entorno dos puntos documentados, xenerados pola apertura de viais, gabias e zapatas. Asimesmo procedeu á toma de mostras en puntos determinados e, á realización dun tipo de actuación de carácter especial. Esta actuación consistiu na escavación ou realización de sondaxes valorativas dentro do ámbito do xacemento, co fin de obter unha maior información e contextualización do mesmo e dos materiais nel localizados.

Tódalas entidades tratadas foron documentadas durante os traballos de control e Corrección do Impacto Arqueolóxico.

Parque Eólico de Soán

Código de proxecto: 98E36

Empresa ou organismo contratante: INEUROPA

Director/a da actuación: Mar López Cordeiro

Datas de realización: xullo do 98/ febreiro do 99 a xaneiro de 2000 (adenda en xullo de 2000)

Número de aeroxeneradores: 26

Concellos afectados: Muras e O Valadouro

Durante a prospección non se localizaron xacementos arqueolóxicos de natureza visible nin elementos etnográficos, nin houbo indicios para o establecemento de cautelas previas para evitar o impacto sobre algunha posible área de actividade prehistórica.

Xa no seguimento, foi necesario construír un vial de conexión entre os parques de Alabe Soán e Alabe Nordés, detectándose catro puntos con industrias líticas de momentos finais do paleolítico superior/epipaleolítico (48 pezas): PU990407D01, PU990511D01, PU990525D01-02. Todos estes puntos localizáronse na área de afección, tres deles na propia zona de obra (desbroce, remoción, apertura de viais), e un disperso a unha distancia de entre 25 e 50 m.

Diagnosticouse un impacto compatible nun caso, moderado en dous e severo nun último caso (PU990525D01).

O control arqueolóxico de tódalas labores que implicasen remoción de terreos extendeuse á totalidade das obras. Ademais procedeuse á recollida e rexistro do material localizado así como á exhaustiva inspección e limpeza dos perfís do vial considerado o axente do impacto diagnosticado como severo.

Mentras que na Avaliación non foi rexistrada ningún tipo de entidade arqueolóxica, gracias ás labores de seguimento foi posible localizar estes catro elementos que, na meirande parte dos casos só poden ser documentados mediante unha remoción do terreo pola súa natureza de carácter invisible.

Parque Eólico de O Careón

Código de proxecto: 98E38

Empresa ou organismo contratante: UFISA

Director/a da actuación: Manuel Santos Estévez

Datas de realización: xunio do 99 a xaneiro de 2000

Número de aeroxeneradores: 30

Concellos afectados: Toques e Palas de Rei

Neste caso concreto, á marxe das labores propias que implica a CIARq, foi necesario atender de especial maneira a oito puntos ou entidades arqueolóxicas. Cinco destes correspondíanse con xacementos de tipo megalítico, un cunha estrutura ou representación gráfica, mentres que os dous restantes vinculábanse á localización de conxuntos de materiais. A súa distribución en relación ás obras era a seguinte:

- Seis puntos atopábanse na área de afección. Destes, catro son xacementos ou mámoas de

época neolítica, dúas delas a unha distancia nula das obras e as outras dúas a 10 e 30 m. Un conxunto de materiais foi localizado vinculado directamente a unha das mámoas. Os dous puntos restantes correspóndense con conxuntos de materiais de adscripción cultural indeterminada.

- Na banda de incidencia foi localizado un quinto xacemento tumular de época neolítica e similar ós anteriores e unha estrutura ou representación gráfica ó aire libre de adscripción cultural indeterminada.

En tres casos diagnosticouse un impacto compatible, en catro moderado e nun único caso considerouse un impacto severo.

As medidas de corrección dos impactos xenerados centráronse no control de tódalas labores de obra, especialmente aquelas que implicasen remoción de terras (desbroces, aperturas de gabias, viais e zapatas e restitución de terreos) así como na sinalización física dos xacementos e estrutura mediante un balizado con material permanente non perecedero. O control das obras nas inmediacións destes elementos fíxose especialmente intensiva, indicándose para o caso do impacto severo un control e inspección exhaustiva na apertura da gabia de cableado próxima (causante do impacto).

Das oito entidades tratadas, seis foran xa documentados durante a fase de Avaliación mentras que as outras tres (3 CM, un deles vinculado a un dos xacementos) foron resultado das labores de control e corrección.

Parque Eólico de San Xoán

Código de proxecto: 98E42

Empresa ou organismo contratante: PE BUSTELO SA/ MADE

Director/a da actuación: Manuel Santos Estévez

Datas de realización: setembro de 1998 a maio de 1999

Número de aeroxeneradores: 48

Concellos afectados: Muras e As Pontes

Durante a prospección superficial previa foron documentados catro xacementos de tipo tumular: YA960729T01, YA960730T01, YA960730T03 y YA960801T02, que se asociaban a impactos críticos, moderados e nulos.

Gracias ós traballos de control e seguimento o tipo de impactos pudo ser definido con maior precisión. De feito, en dous casos mudou o diagnóstico cambiando de crítico a severo no YA960730T03 e de moderado a severo no YA960801T02. O primeiro caso foi debido a que o xacemento situábase entre dous aeroxeneradores e nun principio pensouse que o vial e gabia de comunicación afectarían gravemente; máis tarde púdose comprobar que estes axentes discurrirían en realidade polo lado oposto á entidade polo que o risco de afección veuse aminorado. No segundo caso a situación ten consecuencias na proximidade dun aeroxenerador e da pista que o comunica; en fase de execución comprobouse

que a distancia era menor da prevista inicialmente, de ahí o cambio do impacto.

O traballo de seguimento e corrección consistiu na sinalización dos xacementos, inspección dos viais, revisión de escavacións para a cimentación de zapatas, inspección das gabias, subestación, e control na fase de restitución de terreos.

Non se localizaron indicios de posibles asentamentos habitacionais vinculados ós xacementos polo que se concluíu que a necrópolis de Alto de San Xoán pudo funcionar como lugar de tránsito e de agregación das comunidades circundantes.

Parque Eólico de Monte da Serra

Código de proxecto: 99E09

Empresa ou organismo contratante: EASA

Director/a da actuación: Paula Ballesteros Arias

Datas de realización: agosto de 1999 a xullo de 2000

Número de aeroxeneradores: 24

Concellos afectados: Somozas

Nas labores de prospección superficial realizadas polo LAFC foron detectados sete xacementos arqueolóxicos (YA970912T05-06, YA970912T01-03, YA970630T01-02-03); considerouse que as obras producían impactos críticos en tres deles e moderados nos restantes. Como medidas correctoras propúxose variar o emplazamento dalgún aeroxenerador, o balizamento, a sinalización e a realización do correspondente control e seguimento.

Durante os traballos de seguimento foron documentados ademais unha fosa (PU990628H01) e un paleosuelo (PU991026H01) nos que non se atopou material arqueolóxico e un punto con material (PU990928A01) lítico tallado en cuarzo. A totalidade de entidade documentadas distribuíanse da seguinte maneira respecto ás obras:

- Na área de afección nove elementos, seis xacementos ou Mámoas do neolítico, as dúas estruturas Fosa e paleosuelo) de adscripción indeterminada e un conxunto de materil lítico igualmente indeterminado.
- Tan só un único xacemento tumular, similar ós anteriores, foi localizado na banda de incidencia.

En total foron diagnosticados un impacto compatible, un severo, seis moderados e dous críticos, un deles sobre a mámoa YA970912T06.

As medidas correctoras centráronse no control de tódalas obras, especialmente aquelas que implicasen remoción de terras, na limpeza de perfías e rexistro completo das estruturas documentadas e na recollida e rexistro do material. Ademais foron sinalizados varios xacementos. Respecto á mámoa sobre a que foi detectada un impacto crítico xenerado pola apertura dun vial, optouse pola limpeza do perfil descuberto, a toma de mostras e o rexistro gráfico, así como a sinalización física do xacemento e o estricto control das obras nas súas inmediacións. A este respecto tamén foi levada a cabo unha regularización do perfil documentado, rebaixándoo nuns 30 cm de profundidade, nos 10 m que abarcaba o perfil

aberto no túmulo. Posteriormente, nun proxecto independente, procedeuse á restauración da masa tumular.

Parque Eólico de Monte Marbán

Código de proxecto: 99E10

Empresa ou organismo contratante: EASA

Director/a da actuación: Paula Ballesteros Arias

Datas de realización: agosto de 1999 a setembro de 2000

Número de aeroxeneradores: 19

Concellos afectados: Somozas

Durante os traballos de Avaliación non foi documentada ningún tipo de entidade de carácter arqueolóxico.

Só gracias ó seguimento das obras foi posible localizar un punto arqueolóxico (PU990928A02) con material lítico tallado, formado por unha poucas pezas de cuarzo e cuarcita de cronoloxía indeterminada.

As labores de corrección baseáronse no control de tódalas fase de obra e na recollida e rexistro do material.

Parque Eólico de Monte Vilalbesa

Código de proxecto: 99E11

Empresa ou organismo contratante: EASA

Director/a da actuación: Paula Ballesteros Arias

Datas de realización: outubro de 1999 a setembro de 2000

Número de aeroxeneradores: 37

Concellos afectados: Somozas

Neste caso a CIArq tivo que centrarse nun total de trece Puntos, dos cales oito correspondíanse con xacementos de tipo tumular, documentados en fase de Avaliación, e cinco con conxuntos de materiais. A súa distribución respecto ás obras era a seguinte:

- Na área de afección localizábanse oito puntos, dos cales tres eran xacementos ou mámoas megalíticas, e cinco puntos vinculados a igual número de conxuntos de materiais.
- E na banda de incidencia catro xacementos tumulares de época neolítica, similares ós anteriores.

Durante a revisión do estaquillado na fase de replanteo detectouse unha variante que afectaba á área comprendida entre os aeroxeneradores A0605-A0606, o que provocou un impacto diferente ó contemplado na fase de avaliación sobre a mámoa YA970912T04; deste modo pasou a diagnosticarse como crítico ó atoparse o vial a 1,80 m do túmulo, e o aeroxenerador A0605 a uns 14 m deste xacemento. Posteriormente, e logo de desvíar o trazado do vial, a distancia mudou a 28 m e o impacto amortiguouse a severo. Un cambio similar aínda que de menor variación produciuse respecto ó YA990416T07, no que o impacto pasou de crítico a severo. Foi necesario adoptar novas medidas de corrección. Os demais impactos poderíanse clasificar

como compatibles en cinco casos e moderado en seis.

As medidas correctoras ademais de implicar un control de tódalas labores de obra, e da recollida e rexistro do material localizado, supuxeron o balizado con material non perecedero dos xacementos máis afectados e o control de tódalas obras nas súas inmediacións. Concretamente, no caso do YA970912T04, as novas medidas correctoras propostas foron plantexar un cambio de emplazamento do aeroxenerador causante do impacto e o desvío do vial establecendo unha cautela de 30 m en torno ó xacemento.

Parque Eólico de Vilalba

Código de proxecto: 99E13

Empresa ou organismo contratante: MADE

Director/a da actuación: Carmen Gómez Nistal

Datas de realización: agosto de 1999 a maio de 2000

Número de aeroxeneradores: 68

Concellos afectados: Vilalba

Durante a prospección foron localizados cinco túmulos (PU980210T01-05), un deles inventariado, e foi definida unha zona de risco (ZO980210T02, zona de Carba). No seu momento e sobre estes xacementos existían impactos severos propoñéndose como medidas correctoras a sinalización e control arqueolóxico das accións de obra próximas ós mesmos.

Na primeira visita ás obras procedeuse á sinalización dos xacementos (PU980210T03-05) e efectuouse unha primeira revisión do estado das caute-las comunicando á empresa a necesidade de modificar o aeroxenerador 47 e 54 respetando a distancia de 25 m como mínimo.

Nas labores de seguimientto documentáronse seis novos Puntos de aparición de restos arqueolóxicos, todos eles asociados a conxuntos de materiais. A totalidade dos elementos tratados poderíanse organizar do seguinte modo:

- Na banda de afección documentáronse tres xacementos arqueolóxicos de tipo tumular de época neolítica e seis conxuntos de materiais de adscripción cultural indeterminada.
- Na área de incidencia atopábase situado un xacemento ou Mámoa similar ós anteriores.

En canto ós impactos diagnosticados consideráronse en cinco casos de tipo compatible, en dous moderado e en tres casos de tipo severo.

Como medidas correctoras realizouse a sinalización dos túmulos PU980210T02-05 e un control e seguimientto estrito das obras nas inmediacións dos mesmos. Ademais procedeuse ó rexistro gráfico e á prospección intensiva da zona (ZO000202N01, na que os impactos foron considerados severos) e á recollida de todo o material localizado.

Parque Eólico de Carba

Código de proxecto: 99E14

Empresa ou organismo contratante: MADE

Director/a da actuación: Carmen Gómez Nistal

Datas de realización: abril de 1999 a marzo de 2000

Número de aeroxeneradores: 32

Concellos afectados: Muras e Vilalba

Durante a fase de prospección non foi documentado ningún tipo de xacemento ou elemento histórico ou etnográfico algún nin foron definidas áreas de risco de impacto arqueolóxico.

Nembargantes, na CIARq da construción deste Parque foron tidos en conta de maneira especial un total de catorce puntos arqueolóxicos que na súa totalidade correspóndense con conxuntos de materiais localizados a raíz das obras.

En vista das condicións de achádego, é evidente que a maioría destes puntos foron localizados na propia área de afección, e só nun caso na zona de incidencia. Todos estes conxuntos están formados por materiais de adscripción cultural indeterminada.

Foron definidas tres zonas: *Llanura superior de Carba*, afectada tamén parcialmente pola construción do PE de Vilalba, onde se localizaron dous puntos con industrias líticas (PU990413N05-01), *Rellano de Chao de Lousas* onde se documentou o PU990406D01, a *Zona Alta de Corral de Buríz* con dous puntos de industria lítica tallada (PU990621N01 e PU990531N01) ademais dos outros puntos arqueolóxicos mencionados (PU990510N001-02-03, PU990413N02-03, PU990426N01, PU990511D03, PU991013N01).

Os impactos foron considerados compatibles en tres casos, moderados en seis, severos nun só e críticos en catro casos.

Os traballos de corrección baseáronse na prospección superficial intensiva, inspección sistemática de perfís e entulleiras, inspección exhaustiva dos perfís da gabia para cableado, avaliación do impacto arqueolóxico das variantes e novas instalacións, documentación exhaustiva de tódolos elementos documentados e control arqueolóxico das fases de montaxe dos aeroxeneradores, restitución dos terreos e rexeneración de taludes. Ademais, nos casos nos que se diagnosticou un impacto crítico tamén foi proposta a realización de sondaxes manuais antes de que fosen efectuadas profundas remocións de terra.

Gracias ós traballos de control e seguimento foron documentados catorce novos puntos arqueolóxicos.

Parque Eólico de Serra do Cando

Código de proxecto: 99E18

Empresa ou organismo contratante: GAMESA

Director/a da actuación: Manuel Santos Estévez

Datas de realización: febreiro/ xuño de 1999 a novembro de 1999

Número de aeroxeneradores: 40

Concellos afectados: Forcarei, A Lama e Coto-bade

Na fase de Avaliación e durante as labores de prospección foi detectado un elemento etnográfico (PU970707T03) que presentaba un impacto moderado e unha zona de risco chamada *Campo Xuncal* (ZO970708T02). Como medidas correctoras propúxose a sinalización durante as obras, e respecto á zona de risco o seguimento a pé de obra durante a remoción de terras.

Iniciado o seguimento solicítase a apertura de dúas áreas de cautela nas que se atoparon grabados medievais ou modernos que corrían o perigo de ser afectados polas obras. Tamén se atoparon restos dun empedrado de Camiño Real entre os aeroxeneradores M 31-33, pero sobre os que non se solicita apertura de cautela por atoparse completamente destruído.

Os Puntos arqueolóxicos tratados durante a CIArq formaban un total de dezaioito, dos cales, ademais da estrutura etnográfica mencionada, foron documentadas cinco novas estruturas (tres delas constituídas por representacións gráficas) e doce puntos ós que se vinculan catorce conxuntos de materiais. A súa distribución respecto ás obras é:

- Catorce puntos situados na área de afección, a maioría localizados nas remocións de terreos e un deles (elemento etnográfico formado por unha roca con cruces grabadas) situado a tan só 0'5 m do axente de impacto.
- Na área de incidencia atopábanse dous elementos, os dous estruturas: unha constituída por unha cruz de época Moderna e outra por unha representación gráfica ó aire libre.
- En canto á zona de mostraxe, foron localizadas dúas entidades, tamén dúas estruturas formadas por unha neveira de época medieval e un *milladoiro* de adscripción indeterminada.

Os impactos considerados pódense clasificar como de afección nula en dous casos, de tipo compatible en doce, moderado nun único caso, severo en dous e crítico nun só caso.

As medidas correctoras centráronse no control de todas as labores de obra, especialmente das remocións de terreo, na recollida e rexistro de todo o material localizado e no balizado daquelas estruturas que presentaban unha grande proximidade coas obras. No caso concreto do PU990616K01/ES990616K01, ademais do balizado indicouse a prohibición de voladuras e o cambio de área para tránsito de maquinaria, a fin de manter a integridade da entidade.

Como resultado, na fase de seguimento localizáronse doce puntos con catorce conxuntos de materiais, tres petroglifos, unha *neveira* e un *milladoiro*.

Parque Eólico de Paxareiras IIC

Código de proxecto: 99E25

Empresa ou organismo contratante: EUROVENTO

Director/a da actuación: Nieves Amado Rolán

Datas de realización: setembro de 1999 a a febreiro de 2000

Número de aeroxeneradores: 24

Concellos afectados: Mazaricos e Muros

Durante a Avaliación do Impacto Arqueolóxico non se documentaron xacementos visibles na área de afección nin nas proximidades. O que sí se delimitou foi unha zona arqueolóxica potencial (Braña Traviesa, ZO960530T01) por ter unhas condicións aptas para albergar xacementos non visibles en superficie pertencentes ó Neolítico ou á Idade do Bronce.

Xa en fase de seguimento, na liña 25-34, na zona de *Seixos Brancos* foron documentados dous conxuntos de materiais (CM991026W01-02) e na revisión da entulleira xenerada pola apertura do vial que conecta a liña 15-24, zona de *Carballiñas*, documentouse un conxunto de materiais formado por dúas pezas líticas (CM991001W01) e outro formado por cinco pezas líticas (CM991015W02). Nas inmediacións do vial 15-24, zona de *Pedra Cabalgada*, documentáronse tamén tres conxuntos de materiais (CM991001W03, CM991015W03 y CM991015W05). Na revisión de viais auxiliares localizouse o conxunto de materiais máis importante (CM991015W01) formado por 23 pezas líticas. Respecto á zona proposta na Avaliación, non foi documentada ningún tipo de incidencia arqueolóxica.

En total foron tratados un total de seis Puntos con material arqueolóxico, documentados todos eles na área de afección a raíz da realización das obras. Cinco deste puntos vincúlanse á unha única zona (ZO991015W01).

Os impactos diagnosticáronse como compatibles en tres situacións e moderados en outras tres mentres que para a zona mencionada consideráronse un impacto severo.

A corrección baseouse no control e seguimentos de todas as fases de obra e na recollida e rexistro do material localizado.

Parque Eólico de Paxareiras IIF

Código de proxecto: 99E26

Empresa ou organismo contratante: EUROVENTO

Director/a da actuación: Nieves Amado Rolán

Datas de realización: xunio de 1999 a febreiro de 2000

Número de aeroxeneradores: 41

Concellos afectados: Mazaricos

Na etapa de Avaliación documentáronse tres xacementos arqueolóxicos (YA960626T03-04-06) sobre os que recaían impactos moderados nos dous primeiros e severo no último e un elemento patrimonial (ES960626T05) asociado a un impacto severo. Propuxéronse como medidas a sinalización e control arqueolóxico na maioría deles, recomendándose un seguimento arqueolóxico constante.

Xa na fase de seguimento procedeuse a unha revisión dos impactos acordándose o desplazamento da gabiá de conexión entre as liñas 1-17 e 18-23. Ademais detectouse a desaparición do elemento etnográfico.

En total foron tratados sete Puntos dos cales tres correspondíanse cos xacementos de tipo tumular, dous con estruturas etnográficas e outros dous con conxuntos de materiais, localizados maioritariamente na área de afección. Na revisión da apertura de viais internos foi detectado un conxunto de materiais (PU990824W01) e na liña 33-41 documentouse un elemento etnográfico (ES990903W01, *O Muíño do Vento*). Na liña 1-17 tamén se documentou outro conxunto de materiais (PU991220W01).

Respecto ós impacto dous foron diagnosticados como compatibles, dous como moderados (a pesares de lixeiras variacións os tipos de impacto non cambiaron) e tres como severos. En relación a estes últimos, producidos sobre un xacemento e dúas estruturas, foi necesario proponer novas medidas correctoras.

As medidas de corrección centráronse no control de tódalas labores de obra, na recollida e rexistro de materiais e na sinalización física daqueles elementos sobre os que o impacto entrañaba maior gravidade. No caso do YA960626T03, ademais da sinalización e control arqueolóxico, foi proposta a modificación do trazado da gabia que xeneraba o impacto; respecto ó PU990903W01 propúxose a supresión da plataforma para guías causante da maior afección.

O resultado do seguimento foi a localización de tres novos puntos.

Parque Eólico de Sotavento

Código de proxecto: 99E27

Empresa ou organismo contratante: GESTENGA

Director/a da actuación: Paula Ballesteros Arias

Datas de realización: xuño/ decembro de 1999 a setembro de 2000

Número de aeroxeneradores: 24

Concellos afectados: Monfero e Xermade

Nos traballos de Avaliación foron detectados 9 xacementos: PU980427T01-06, PU981026T01, PU980414T01-02 e foi definida unha zona de risco (*Pena Verde*).

Iniciadas as obras é presentada unha proposta de modificación da planta do trazado de viais. Esta proposta consiste en proxectar o trazado do vial entre o xacemento PU980427T02 (intrusión no seu perímetro de protección) e os xacementos PU980427T01 e PU980427T03. A condición que permitiu o cambio foi a adopción dunha medida compensatoria consistente na revalorización do patrimonio arqueolóxico da zona. Isto era tanto máis factible se se tiña en conta o carácter experimental do parque, e a existencia dunha área da natureza no edificio de control. O proxecto aínda non se realizou, pero mantense o compromiso da empresa en levalo adiante.

As labores de CIARq fixéronse cargo dun total de dezasete puntos arqueolóxicos, dos que dez eran xacementos (nove de tipo tumular e natureza visible documentados na fase de Avaliación e un petroglifo localizado durante o seguimento) e os outros sete

puntos respondían a concentracións de materiais. A súa distribución respecto ás obras era a seguinte:

- Na área de afección atopáronse catorce puntos, sete deles xacementos arqueolóxicos e outros sete conxuntos de materiais.
- Na área de mostraxe localizáronse tres xacementos de tipo tumular de adscripción neolítica, similares ós anteriores.

Consideráronse impactos de afección nula en tres casos (xacementos a máis de 400 m), de tipo compatible en sete casos (tódolos CM), moderado en dous e severo en cinco casos.

A revisión do impacto arqueolóxico en fase de replanteo tivo como consecuencia a modificación puntual dun dos axentes do proxecto xa que afectaba ó YA980427T02. Propúxose que o vial que comunica os aeroxeneradores 18 e 19 fora desviado o necesario para evitar calquer incidencia directa sobre o entorno inmediato do túmulo. Ademais procedeuse ó balizado do YA000523J01, petroglifo cun impacto severo, mediante un estaquillado de madeira e ó control a pé de obra da montaxe do aerogenerador 02, ó igual que á sinalización doutros seis xacementos tumulares (YA980427T01-02-03, YA981026T01, YA980414T01-02).

Centrándonos nos resultados concretos do seguimento, podemos dicir que foron documentados oito novos puntos; localizouse un grabado que non fora documentado na fase previa de Avaliación de impacto (YA000523J01) a tan só 20 m da zapata do aerogenerador 02, e a 20 m do túmulo YA980414T02. Ó mesmo tempo atopáronse sete puntos con material lítico tallado en cuarzo (PU991201J01-02, PU991216J01-02, PU000216J01-02-03).

Parque Eólico de Montouto

Código de proxecto: 99E48

Empresa ou organismo contratante: NORVENTO

Director/a da actuación: Pilar Prieto Martínez

Datas de realización: maio de 2000 a marzo de 2001

Número de aeroxeneradores: 31

Concellos afectados: Abadín e Muras

Durante a prospección e dentro do ámbito de afección foi detectado o túmulo YA970804T01 coñecido como *O Foxo*. Como medidas correctoras propúxose o balizado do mesmo así como o seguimento das remocións de terra nas inmediacións do xacemento.

Na CIARq foron tratados un total de seis Puntos: un xacemento tumular documentado na Avaliación, un xacemento ó aire libre (YA000619P01, documentado gracias á localización de cinco conxuntos de materiais durante o seguimento) e catro puntos vinculados tamén á localización de materiais.

Salvo o xacemento tumular situado na área de incidencia, ós demais atopábanse ubicados na área de afección.

O impacto diagnosticouse compatible en tres casos, moderado en dous e crítico nun único caso, xe-

nerado polas obras de construción da Subestación no novo xacemento documentado.

Establecéronse novas medidas correctoras como a prospección intensiva da área onde se recolleu material, o control arqueolóxico da apertura da gabia e toma de mostras na área aberta onde se ubica a subestación. Realizouse tamén a documentación de perfís e mostras dos mesmos. En total se inspeccionaron catro perfís proporcionando material lítico durante a limpeza nalgúns deles.

As labores de seguimento deron como resultado a localización de cinco novos puntos arqueolóxicos.

Parque Eólico de Pena Luísa

Código de proxecto: 99E61

Empresa ou organismo contratante: CONV.MADE 99-00

Director/a da actuación: Mar Cortegoso Comeña

Datas de realización: abril de 2000 a maio de 2001

Número de aeroxeneradores: 33

Concellos afectados: Ourense e Muras

Na fase de Avaliación foi documentado un xacemento castrexo GA27038005 (*Chao dos Castros*) xa catalogado, e catro puntos con material arqueolóxico (PU990203T01-02, PU990203B01 e PU990608T01) e delimitouse unha zona de risco (ZO990202T01, *Pedra Chantada*). As medidas correctoras que se propuxeron foron establecer unha cautela de carácter xeral na zona de risco.

Xa na fase de seguimento foi necesario ocuparse dun total de dezanove Puntos. Os novos elementos arqueolóxicos e etnográficos documentados foron varios puntos con material: PU000426E01, PU000511A04, PU000703E03, PU000704A01-02, PU000718A02-03, PU000718U02, PU000906A01, PU000906U01-03 e PU990608T01, un muro de pedra PU001018U01 e unha laxe de granito PU001018A02.

Salvo o xacemento castrexo que se atopaba na área de mostraxe, o resto das entidades localizáronse na zona de afección.

Considerouse que non había afección en tres casos e que o impacto era de tipo compatible en dezaseis situacións. Como balance, pódese confirmar que o impacto das obras foi compatible co patrimonio arqueolóxico da zona.

As medidas correctoras limitáronse o control das fases de obra e do tránsito de maquinaria polas intermediacións das entidades de carácter visible.

As labores de seguimento permitiron a documentación de catorce puntos arqueolóxicos.

Parque Eólico de Pedra Chantada

Código de proxecto: 00E01

Empresa ou organismo contratante: MADE 99-00

Director/a da actuación: Mar Cortegoso Comeña

Datas de realización: maio de 2000 a maio de 2001

Número de aeroxeneradores: 33

Concellos afectados: Ourense, Muras e O Valadouro

Durante os traballos de control e seguimento arqueolóxico foron documentados dous xacementos: un petroglifo (YA000518A01) e un xacemento ó aire libre de época paleolítica (YA000523A01); ademais localizáronse unha estrutura e vintenove novos puntos con material, aínda que sobre sete deles o impacto é nulo.

As medidas correctoras centráronse no control das obras e revisión dos perfís e movementos de terra, procedendo á recollida e rexistro da totalidade do material localizado. Ademais, realizouse a sinalización do petroglifo mediante material non perecedero e procedeuse, entre os días 3 e 7 de xullo de 2000 a unha escavación de sondaxes arqueolóxicas dirixida por Mar López Cordeiro. Tamén se procedeu á avaliación e corrección dunhas modificacións feitas pola empresa promotora nos viais de acceso ós aeroxeneradores 3, 6 e 20 e nos viais de interconexión entre os aeroxeneradores 1 e 5, 10 e 14, 15 e 24, 25 e 30 e, para acceder ós aeroxeneradores 31, 32 e 33.

En termos xerais, a CIARq ocupouse do tratamento de trinta e oito puntos: dous xacementos, un deles constituído por cinco puntos con dezaseis conxuntos de materiais asociados; unha estrutura e un total de trinta e cinco puntos máis con cincuenta conxuntos de materiais asociados.

O impacto sobre estas entidades foi nulo en oito casos, compatible en vintecinco casos, moderado en tres, severo en un e crítico nun único caso.

Parque Eólico de Silán

Código de proxecto: 00E20

Empresa ou organismo contratante: MADE 99-00 (ECyR)

Director/a da actuación: M^a del Mar López Cordeiro

Datas de realización: novembro de 2001 a decembro de 2002

Número de aeroxeneradores: 20

Concellos afectados: Muras

O resultado da Avaliación é un inventario constituído maioritariamente por conxuntos de materiais, vinculados a puntos arqueolóxicos (PU990315T03 e PU990316T01). Tamén se delimitaron dúas zonas de potencial arqueolóxico: *Silán 1* (ZO990302A01) e *Silán 2* (ZO990316T01), que son obxecto de cautela. Na primeira visita ó Parque procedeuse á sinalización do YA990315T03, documentado durante os traballos de Avaliación, mediante estaquillado. Tamén foi sinalizado un *marco* que se atopaba nas proximidades do lugar onde iba a ser ubicado un aeroxenador.

Na construción deste Parque foi preciso incrementar as accións arqueolóxicas sobre un total de dez Puntos: un xacemento de tipo tumular, tres estruturas, un afloramento granítico ou posible abrigo de ocupación paleolítica e cinco conxuntos de materiais, todos eles de adscripción cultural indeterminada.

- Na área de afección foron documentados nove elementos.
- Unha das estruturas foi localizada na área de mostraxe.

Considerouse que as obras xeneraban un impacto nulo nun caso, compatible en oito, severo nun e crítico nun único caso. O impacto severo afectaba á estrutura PU020213D01/ ES020213D01 mentras que o crítico ó YA990315T03.

Ademáis das labores de control e seguimento propias da dinámica de Corrección e da recollida e rexistro dos materiais arqueolóxicos, nos casos concretos do xacemento e da estrutura de maior afección foi preciso proceder á súa sinalización mediante un balizado con materiais non perecedeiros.

O número total de puntos arqueolóxicos documentados gracias ás labores de corrección foi de dez. Tamén se constatou a non agresión por parte do proxecto aos dous puntos, unha mámoa e un conxunto de materiais líticos en superficie, documentados na fase de ElArq.

Parque Eólico de Pena Grande

Código de proxecto: 00E21

Empresa ou organismo contratante: MADE 99-00 (ECyR)

Director/a da actuación: : M^a del Mar López Cordeiro

Datas de realización: outubro de 2001 a xullo de 2002

Número de aeroxeneradores: 26

Concellos afectados: Muras

O inventario da Avaliación está constituido na súa totalidade por conxuntos de materiais, vinculados a puntos arqueolóxicos (PU990302B01, PU990315T02 e PU990316X01). Tamén foron delimitadas dúas zonas de potencial arqueolóxico: *Pena Grande 1* (ZO990302B01) e *Pena Grande 2* (ZO990302B02). Durante a primeira visita ó Parque procedeuse ó control do replanteo sin que houbera cambios nos impactos e medidas correctoras propostos no informe de Avaliación.

Neste caso a CIARq tivo que centrarse especialmente no tratamento de dezasete Puntos: unha estrutura ou *valo* de delimitación de fincas, dous afloramentos graníticos ou posibles abrigos de ocupación paleolítica e trece puntos con material arqueolóxico, ademais do Pazo de Silán cuxa fachada é dos séculos XV-XVI; estes se organizan da seguinte maneira en relación coa súa situación respecto ás obras:

- Trece entidades na área de afección, a menos de 25 m das obras.
- Na zona de incidencia foron documentadas catro entidades.

O tipo de impacto foi diagnosticado compatible en dezaseis casos e nulo en catro.

As medidas correctoras baseáronse no seguimento de tódalas accións de obra, especialmente daquelas que implicaron remocións de terreos, á recollida e rexistro do material localizado e á sinalización dunha estrutura situada a tan só 20 m do axente de impacto.

Os traballos de seguimento fixeron posible a localización de dezasete novos puntos arqueolóxicos. Non se recuperaron máis materiais nin estruturas asociadas aos tres conxuntos de material lítico documentados na fase de ElArq.

Parques Eólicos de Álabe-Ventoada, Lomba e Refachón

Estos tres proxectos consisten na Segunda Fase de Acciona Eólica de Galicia e responden de novo a unha división por motivos administrativos aínda que na práctica, por cuestións de ubicación, de execución e de prazos, ben poden entenderse como sectores dun único Parque.

Respecto ós tres proxectos que veñen a continuación mencionar que, con anterioridade ó inicio das obras foi realizada unha proposta de modificación do trazado dos viais nos PE. de Ventoada, Lomba e Refachón. Consecuentemente, foi necesario efectuar un estudo arqueolóxico que se presenta nun Informe Previo referido ás incidencias arqueolóxicas sobre o patrimonio arqueolóxico inventariado na zona afectada pola modificación. Foi documentado material lítico en dous puntos, un correspondente ó vial de comunicación entre os parques de Ventoada e Lomba (PU000214PR01) e, outro ó vial de acceso ó aeroxenerador R-628-a de Refachón (PU000210E01).

Como consecuencia pódese dicir que as modificacións dos viais son compatibles coas evidencias arqueolóxicas e recoméndase o seguimento durante a fase de obra dos parques e o control dos desbroces ou remocións de terra nos puntos con material.

Parque Eólico de Álabe-Ventoada

Código de proxecto: 00E60

Empresa/ organismo contratante: ÁLABE 99-00 (Acciona Eólica de Galicia S.A.)

Director/a da actuación: M^a del Mar López Cordeiro e Raquel López Noia

Datas de realización: novembro de 2000 a outubro de 2005

Número de aeroxeneradores: 30

Concellos afectados: Muras

O inventario da Avaliación está integrado polos elementos arqueolóxicos e polas cautelas propostas: tres túmulos e catro zonas arqueolóxicas potenciais. Neste informe detállanse os impactos e as medidas correctoras propostas para palialos. Na primeira visita ás obras, procedeuse á sinalización dos xacementos afectados (YA980825T02-03-04) e á unha primeira revisión do estado das cautelas; non se pro-

duxo ningún cambio nos impactos e medidas correctoras propostos na avaliación de impacto.

Os traballos de corrección consistiron na prospección superficial intensiva das áreas desbrozadas, inspección sistemática de perfís e entulleiras, inspección exhaustiva dos perfís da gabiá de condución de cableado, sinalización dos xacementos ubicados no ámbito de afección e documentación exhaustiva de tódolos elementos documentados.

Xa en fase de obra son realizadas unha serie de variantes que afectan á liña dos aerogeneradores V 405-410 e V 428a-132 emplazada no límite septentrional do parque. Durante a prospección superficial intensiva dos terreos afectados polas variantes rexistráronse os PU010221E01, PU010221D01 e PU010313E01 con material lítico probablemente de finais do paleolítico superior/epipaleolítico. Vense afectados por impactos severos polo que as medidas correctoras recomendadas son o control arqueolóxico do desbroce superficial dos terreos afectados polos viais de conexión e acceso ás zapatas V 405-410 e V 428a-132. Tras unha nova modificación a diagnose dos impactos muda de novo aínda que as medidas de corrección mantéñense.

Gracias ás labores de seguimento documentáronse once puntos con industria lítica: PU010207E01-02, PU010209D01, PU010522E01, PU010216D01-02, PU010221D01, PU010221E01-02, PU010313E01, e PU010404E01.

A CIARq tivo que atender de maneira especial a un total de catorce Puntos: tres xacementos e once puntos nos que foron localizados materiais arqueolóxicos, tres deles vencellados a tres respectivas zonas.

Considerouse que a afección das obras era nula nun caso, compatible en catorce situacións (tres delas en relación ás zonas) e moderado en dous casos (aqueles que nun principio foron considerados severos).

Mencionar que o 13/03/2001 durante o trascurso dos traballos de control e seguimento, os balizamentos dos túmulos *I e II de Campo do Foxo/Chan de Seixas* (YA980825T03/GA27033011 e YA980825T04/GA27033017) foron retirados por indicación do propietario dos terreos onde se emplazaban, que foran sinalizados ó inicio dos traballos co fin de que non se visen afectados por ningunha actividade de obra. Aínda así constatouse a non agresión por parte do proxecto a estes xacementos.

A primeira fase de construción do parque finalizou o 31/10/2001 a excepción da revexetación e a construción da liña de aerogeneradores V-405 ó V-410 e V-428-c e V-432-c, motivado por unha serie de problemas cós propietarios dos terrenos, polo que se realizou unha reubicación dos viais e de varios aerogeneradores.

As obras reanudáronse en outubro de 2003, levoouse a cabo a construción da liña anteriormente modificada pero, de novo, os problemas cós propietarios obrigan a paralizar a obra reanudándose o 14/04/2005. Nesta última data púdose ademais comprobar a destrución total dos túmulos YA980825T03-04, producida pola roturación e arrasamento do terreo polo propietario, agresión que foi debidamente comunicada á DXPC.

samento do terreo polo propietario, agresión que foi debidamente comunicada á DXPC.

Parque Eólico de Álabe-Lomba

Código de proxecto: 00E61

Empresa/ organismo contratante: ÁLABE 99-00 (Acciona Eólica de Galicia S.A.)

Director/a da actuación: M^a del Mar López Cordeiro e Raquel López Noia

Datas de realización: xaneiro de 2001 a maio de 2002

Número de aerogeneradores: 30

Concellos afectados: Muras e Abadín

Na primeira visita á obra procedeuse á sinalización do YA980825T01, documentado no estudo de impacto, e modificouse a diagnose do seu impacto pasando de compatible a severo.

As labores de Corrección do Impacto Arqueolóxico deberon atender con especial atención a un total de doce Puntos: un xacemento de tipo tumular, once puntos con material arqueolóxico (industria lítica: PU000214P01, PU010213D01-03, PU010213E01-02, PU010216E01-02 y PU010410D01-03) vinculados moitos deles a dúas zonas. Neste senso, procedeuse á delimitación de varias zonas xeográficas: ZO990615T02 con cinco puntos con industria lítica (PU010213D01-03 e PU010216E01-02), ZO990615T03 con un PU010213E02 e ZO990615T01, ZO990615T04 e ZO990615T05 nas que non foi documentado ningún material.

Todas estas entidades localizáronse na área de afección directa das obras, a menos de 30 m das mesmas.

Os impactos foron considerados compatibles en casi tódolos casos (CM) salvo no do YA980825T01 *Túmulo de Currás* que finalmente foi considerado severo a pesares de que na Avaliación diagnósticárase un impacto compatible. O cambio no diagnóstico foi debido á instalación dunha zona de acopio a tan só 30 m do xacemento e dentro do ámbito de protección do xacemento; esta agresión foi debidamente notificada á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e foi solventada pola empresa mediante a restitución dos terrenos.

As medidas de corrección centráronse no control de tódalas remocións de terreos, na prospección intensiva das zonas desbrozadas, na inspección de perfís e entulleiras e na recollida e rexistro do material localizado. No caso concreto do xacemento, procedeuse ó seu balizamento e realizouse un control exhaustivo de tódalas accións de obra no seu entorno.

O resultado do proceso de corrección foi a localización de once novos puntos arqueolóxicos.

Parque Eólico de Álabe-Refachón

Código de proxecto: 00E62

Empresa/ organismo contratante: ÁLABE 99-00 (Acciona Eólica de Galicia S.A.)

Director/a da actuación: M^a del Mar López Cordeiro e Raquel López Noia

Datas de realización: xaneiro de 2001 a outubro de 2003

Número de aeroxeneradores: 28

Concellos afectados: Abadín e Muras

No estudo de impacto foron documentados dous xacementos de tipo tumular de natureza visible (YA980818T01 e YA990616T05), un conxunto de materiais e foron consideradas cinco zonas que polas súas características xeomorfolóxicas poderían albergar algún tipo de entidade arqueolóxica.

A CIArq atendeu polo momento a un total de cinco Zonas e cinco Puntos: dous xacementos ou mámoas megalíticas e tres conxuntos de materiais de adscripción indeterminada. A súa distribución respecto ás obras era a seguinte:

- As zonas e dous puntos con material situábanse na área de afección.
- Os dous xacementos localizáronse na zona de incidencia; nun principio un deles atopábase na zona de afección e fíxose necesaria unha modificación do proxecto.
- Un único punto con material foi documentado na zona de mostraxe.

Considerouse que non existía impacto nun caso, que era de tipo compatible en tres e diagnosticouse crítico no caso do YA980818T02.

As medidas correctoras consistiron na prospección superficial intensiva, inspección sistemática de perfís e entulleiras, sinalización dos xacementos dentro do ámbito de afección e incidencia, e documentación exhaustiva dos elementos e materiais documentados. No caso concreto do YA980818T02 foi proposto desviar o trazado mantendo un perímetro mínimo de 60 m desde o borde exterior do mesmo.

Foron recuperados dous puntos con material lítico (unha lasca de cuarzo e catro pezas de cuarzo): PU010530D01 e PU010530E01. Tamén se constatou a non agresión por parte do proxecto aos dous túmulos documentados na fase de EIArq.

A obra sufriu un retraso polas modificacións de trazado na posición dos aeroxeneradores R-605-b e R-606, debido a súa proximidade a unha mámoa.

Parque Eólico de Caxado

Código de proxecto: 01E02

Empresa ou organismo contratante: MADE 99-00 (ECyR)

Director/a da actuación: David Barreiro Martínez

Datas de realización: febreiro de 2001 a decembro de 2002

Número de aeroxeneradores: 37

Concellos afectados: As Pontes de García Rodríguez

Na prospección superficial foron localizadas sete mámoas, e un elemento histórico (o *Camión dos Arrieiros*), ademais de dúas cazoletas grabadas so-

bre una pedra de esquisto pertencente a un afloramento e un noveno xacemento con materiais adscritos á prehistoria recente. Tamén foron consideradas nove zonas en base ás súas características xeomorfolóxicas.

Xenerouse unha problemática en relación ó YA961023V19, xa que na avaliación da zona non se tivo en conta unha gabia para cableado a uns 30 m ó E deste túmulo, e ademais realizouse a ampliación da estrada As Pontes-Ortigueira que discorre a 50 m ó E e a pista de acceso ó Alto do Caxado que se atopa a 20 m deste túmulo. Ante estas circunstancias tomáronse como medidas correctoras a reformulación do trazado de canalización mantendo a máxima separación posible do túmulo, minimizouse a área afectada pola obra e procedeuse ó replanteo dos terreos, todo isto acompañado dun seguimento e control arqueolóxico a pé de obra.

Moitas das zonas definidas na avaliación foron finalmente eliminadas pola ausencia de evidencias arqueolóxicas que poidesen reforzar as hipóteses intuídas no estudo de impacto.

Durante as labores de control e seguimento arqueolóxico non se detectaron incidencias de importancia, salvo as medidas excepcionais adoptadas ante a presenza dunha entidade non documentada no estudo de impacto nin na DEA, identificada máis tarde durante os traballos de *prospección superficial de Monte Caxado e o seu entorno*, dirixidos pola arqueóloga Victoria Villoch Vázquez. Esta entidade é o petroglifo de O Pico, que non foi danado polas obras do parque pero cuxa distancia ó aeroxenerador 25 foi de 18,5 m, polo que o impacto calificouse como *severo*.

O resto de entidades mantiveron, en liñas xerais, as afeccións xa diagnosticadas no estudo de impacto (entre moderado e non afecta), posto que en todos os casos (seis túmulos, un posible abrigo e un camiño histórico) tratábase de entidades xa documentadas previamente e sobre as que se establecera un área de exclusión en fase de deseño do proxecto.

Parque Eólico de Pena da Loba

Código de proxecto: 01E03

Empresa ou organismo contratante: MADE 99-00 (ECyR)

Director/a da actuación: David Barreiro Martínez

Datas de realización: agosto de 2001 a novembro de 2002

Número de aeroxeneradores: 37

Concellos afectados: As Pontes de García Rodríguez

Durante os traballos de Avaliación foron detectados oito xacementos tumulares (YA961023V25, YA961023V26, YA961023V27, YA961023V28, YA961023V24, YA961025V02, YA961023V23 e YA961023V22) e cinco elementos etnográficos e/ou históricos, o *Camión dos Arrieiros* (PU991020A01) e catro cruces (PU991011A01, PU991011A02, PU991014A01 e PU991018A01). Durante os estu-

dos previos non se documentaron novas evidencias na área de afección.

Na primeira visita á obra, os traballos consistiron nunha revisión das cautelas (áreas de exclusión) establecidas na Declaración de Efectos Ambientais.

Durante a execución do parque foi detectada unha incidencia de gravidade: a referida ao túmulo YA961023V34, motivada por un fallo de coordinación entre a dirección de obra e o equipo de arqueólogos, derivada a súa vez do cambio que tivo lugar na primeira das mencionadas instancias. Durante as labores de control arqueolóxico confirmouse que comezaran as obras de escavación da zapata do aeroxenerador 1 e do seu vial de acceso, a moi escasa distancia do xacemento. Tras acordo coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, desplazouse o aeroxenerador e o vial a unha distancia non inferior a 25 m, o que foi acometido pola empresa promotora, procedendo acto seguido á restitución dos terreños afectados e á revexetación da superficie afectada. O impacto calificouse como *severo*.

Por outra parte, cabe referirnos á localización de dúas estruturas indeterminadas (ES010824T01-02) na gabiá do vial de acceso á subestación, cuxa natureza non se pudo establecer pero que poderían corresponderse con algún tipo de alteración producida por labores agropecuarias en época histórica; o impacto calificouse como *moderado*. Ademais, foi documentada unha nova estrutura histórico-etnográfica (PU011011W01) consistente nunha cruz da Idade Moderna.

O resto de entidades mantiveron as afeccións xa diagnosticadas no estudo de impacto (entre moderado e non afecta) dado que en todos os casos (sete túmulos, tres etnográficos e un camiño histórico) se trataba de entidades xa documentadas previamente e sobre as que se establecera un área de exclusión en fase de deseño do proxecto.

Parque Eólico de Faladoira

Código de proxecto: 01E10

Empresa ou organismo contratante: MADE 00-01 (ECyR)

Director/a da actuación: David Barreiro Martínez

Datas de realización: marzo de 2001 a xaneiro de 2002

Número de aeroxeneradores: 37

Concellos afectados: Mañón e Ortigueira

Na fase de prospección superficial detectáronse nove xacementos tumulares agrupados en dúas zonas (*Faladora* e *A Corva*), e un elemento histórico (o *Camiño dos Arrieiros*). Segundo os impactos de diferente índole ocasionados sobre estas entidades propuxéronse medidas correctoras tales como establecer entornos de protección e se definiron dúas áreas de cautela preventiva.

Na primeira visita ás obras foron balizados os xacementos YA991220T02-03 (zona de *A Corva*) e YA961023V37-40 (zona de *Faladora*) con estacas de madeira e ferro e cinta de obra.

En relación ó desenvolvemento dos traballos, presentouse a problemática detectada en torno a dous xacementos tumulares da zona de Faladoira, durante a fase de desbroce das áreas en torno ós aeroxeneradores 22-23. Constatouse que unha parte das zapatas destes aeroxeneradores e a acumulación de terra vexetal xenerada se atopaban a menos de 50 m dos xacementos YA961023V39 e YA961023V38.

No entorno das necrópolis de *A Faladora* e *A Corva* (tres túmulos) documentáronse materiais en pouca cantidade e escasamente representativos, dous conxuntos de materiais líticos en cada unha das necrópoles, posiblemente vencellados á actividade dos grupos humanos relacionados cos túmulos.

As entidades mantiveron as afeccións xa diagnosticadas no estudo de impacto (entre severo e compatible) dado que en todos os casos (nove túmulos e un camiño histórico) se trataba de entidades xa documentadas previamente e sobre as que se establecera un área de exclusión en fase de deseño do proxecto.

O control e seguimento das obras rematou en xaneiro de 2002 e a Memoria foi remitida á DXPC en novembro dese mesmo ano.

Parque Eólico de Adraño

Código de proxecto: 01E11

Empresa ou organismo contratante: EUROVENTO

Director/a da actuación: Victoria Villoch Vázquez

Datas de realización: marzo de 2001 a outubro de 2001

Número de aeroxeneradores: 36

Concellos afectados: Carnota e Mazaricos

Durante a prospección superficial detectáronse varios elementos do patrimonio cultural dentro do ámbito de afección do parque. Ó mesmo tempo, tamén se definiron dúas zonas susceptibles de albergar evidencias arqueolóxicas non visibles sin unha remoción do terreo: zona de *Petón de Corñes-Alto de Adraño* (ZO991027W01) na que se localizaron tres cruces, tres petroglifos e unha estrutura indeterminada, e zona de *Prado do Pedreiro* na que se atoparon dúas cruces e un cruceiro. Aparte de fixar os impactos e medidas correctoras, tamén se estableceron as áreas de exclusión e dúas áreas de cautela preventiva (*Cornes-Adraño* e *Prado do Pedreiro*).

Xa na primeira visita ás obras procedeuse á sinalización daqueles elementos patrimoniais próximos ás obras (PU960523T01, PU991028W01-02) así como á revisión do impacto e do estado das cautelas.

No proceso de CIArq foi necesario atender a un total de dezasete Puntos: catro xacementos constituídos por representacións gráficas ó aire libre, seis puntos de localización de material arqueolóxico un dos cales se vincula a unha zona e reúne catro conxuntos de materiais, e sete puntos vinculados a oito

estruturas maioritariamente de carácter histórico ou etnográfico. A súa distribución é a que sigue:

- Na área de afección catorce elementos ou entidades.
- Na área de incidencia foron documentados dous elementos.
- Un só punto foi identificado na zona de mostraxe.

Os impacto consideráronse de afección nula nun caso, compatibles en seis casos (os CM), moderado en catro e severo en seis.

As medidas correctoras ademais de atender ás labores propias de control de tódalas obras e remocións de terreos, efectuaron o balizamento daqueles xacementos e estruturas máis cercanos ás obras e control de tódalas accións levadas a cabo nas súas inmediacións incluído o momento das restitucións de terreos.

Os traballos de corrección deron como resultado a localización de dez novos conxuntos de materiais de adscripción cultural indeterminada.

Parque Eólico de Coto Teixido

Código de proxecto: 01E14

Empresa ou organismo contratante: MADE 00-01 (ECyR)

Director/a da actuación: David Barreiro Martínez

Datas de realización: abril de 2001 a marzo de 2002

Número de aeroxeneradores: 35

Concellos afectados: Mañón e Ortigueira

Nos traballos de Avaliación localizáronse dez xacementos tumulares que constitúen tres grupos (*Campo do Bidueiro*, *A Panda da Serra* e *Coto Teixido*) e un elemento histórico (o *Camiño dos Arrieiros*).

A primeira visita ás obras consistiu na revisión das cautelas e na sinalización dos xacementos afectados polas obras (YA991220X01 e 03, YA961023V29, YA961023V31-34, YA000120V01 e YA961024V01).

Documentouse un novo xacemento (YA010801I02 O Bidueiro 3) na área de afección do parque, entre os aeroxeneradores 25 e 26 ubicados na *Serra Faladora-Coriscada*. Trátase dunha mámoa megalítica que non se atopa en mal estado de conservación e que non foi detectada na fase de prospección. Respecto á afección diagnosticouse un impacto severo por mediar únicamente 50 m entre o xacemento e o axente de impacto.

No entorno da necrópole de *A Panda da Serra* (seis túmulos) e *Coto Teixido* (dous túmulos) documentáronse materiais en pouca cantidade e escasamente representativos, posiblemente vencellados á actividade dos grupos humanos relacionados cos túmulos.

No entorno da necrópole de *A Panda da Serra* documentouse, durante a apertura dunha gabia, unha estrutura pertencente á caixa dun camiño histórico que empalmaría co coñecido *Camiño dos Arrieiros*, identificable en varios puntos do parque.

As entidades mantiveron as afeccións xa diagnosticadas no estudo de impacto (entre moderado e compatible) dado que en todos os casos (dez túmulos e un camiño histórico) se trataba de entidades xa documentadas previamente e sobre as que se establecera un área de exclusión en fase de deseño do proxecto.

O control e seguimento das obras rematou en marzo de 2002 e a Memoria foi remitida á DXPC en novembro dese mesmo ano.

Parque Eólico de Currás

Código de proxecto: 01E25

Empresa ou organismo contratante: EUROVENTO

Director/a da actuación: Victoria Villoch Vázquez/ Celso H. Barba Seara

Datas de realización: marzo de 2002 a outubro de 2002

Número de aeroxeneradores: 6

Concellos afectados: Mazaricos

Este Parque constitúe en realidade a ampliación do P.E. de A Ruña (Paxareiras II-F). Segundo o informe de avaliación realizado por Susana Ricart de Adobrica S.L. non foron detectados elementos do patrimonio cultural de natureza visible no ámbito de afección, considerándose un impacto compatible e recomendándose como medidas correctoras o seguimento das tarefas de replanteo e o control e seguimento das labores de remoción de terras.

En canto á Corrección do Impacto Arqueolóxico e efectuado un control exhaustivo de tódalas accións de obra, tanto no referido a remoción de terras para a construción de aeroxeneradores, viais e gabias, como nas instalacións accesorias dos mesmos e as restitucións de terrenos, non foi documentado ningún tipo de evidencia de carácter arqueolóxico. Polo tanto, os resultados caracterízanse pola ausencia de nova información.

Parque Eólico de Paxareiras IID y E

Código de proxecto: 01E27

Empresa ou organismo contratante: EUROVENTO

Director/a da actuación: Celso Barba Seara

Datas de realización: maio de 2001 a outubro de 2002

Número de aeroxeneradores: 58

Concellos afectados: Dumbria e Cee

Na Avaliación do impacto foron detectadas as seguintes evidencias arqueolóxicas: en Paxareiras II-D inventariouse PU15034024 e PU15034066, dous xacementos tumulares, e en Paxareiras II-E os PU960626T01 (representación gráfica ó aire libre), e PU960626T07, PU15034025, PU15034067, PU15034026 e PU15034069, xacementos de tipo tumular todos eles xa catalogados.

Tendo en conta os cambios que a empresa incluíu no proxecto (desprazamento da gabia e o centro de transformación 1 ó lado W do vial), o impacto so-

bre dous elementos, un túmulo (YA960626T01) e un grabado rupestre (YA960621T01), calificouse como severo sendo necesario adoptar as medidas correctoras de sinalización e balizado da zona, a ausencia de voaduras nas zapatas dos aeroxeneradores 1 e 2, localización exacta dos puntos na cartografía do personal de obra e intensificación do control arqueolóxico procedéndose a realizar un seguimento exhaustivo das remociones de terreo.

Concretamente, as labores de Corrección do Impacto Arqueolóxico tiveron que atender de maneira especial a un total de cinco Puntos; os dous xacementos coa problemática mencionada e tres novos puntos que se vinculan a catro estruturas de carácter histórico-etnográfico (*curreiras* e abrigos para o gando): PU020118A01-ES020118A01 (Peche de *Alto da Pena*), PU020124A01-ES020124A01 (Abrigo de *Porca Ferrá*) e PU020214A01 con ES020214A01 y ES020214N01 (Abrigos de *Petón do Amensueira*).

Todos estes elementos foron documentados na área de afección.

As medidas correctoras adoptadas foron o control de tódalas labores de obra, especialmente aquelas que implicaban remocións de terreo, a sinalización mediante baliza permanente dos dous xacementos antes citados e o control de tódalas accións de obra realizadas nas súas inmediacións, así como a documentación e rexistro das novas estruturas localizadas e o balizamento das mesmas facendo constar a súa presenza ó personal de obra.

Ampliación do Parque Eólico de Malpica

Código de proxecto: 01E52

Empresa ou organismo contratante: PEMALSA

Director/a da actuación: M^a Elena Cabrejas Domínguez

Datas de realización: novembro de 2001 a abril de 2002

Número de aeroxeneradores: 2

Concellos afectados: Malpica de Bergantiños

Este proxecto constitúe a ampliación do PE de Malpica mediante a instalación de dous aeroxeneradores de 750 kW de potencia unitaria, situados nas aliñacións nº 4 y 6 xa existentes. O acceso realizouse a partir da infraestrutura viaria existente, proxectándose 331 m de vial de nova construción. No estudo de impacto non foi documentada ningún tipo de evidencia arqueolóxica, aínda que sí se determinou un área de cautela, o *Collado dos Picos de Navas*, en función das características xeomorfolóxicas e de transitabilidade dun espazo afectado polas obras.

Durante o seguimento realizouse un control permanente de tódalas accións de obra, especialmente daquelas que implicaron remocións de terreo (desbroces, aperturas de viais, gabias e zapatas). Estas labores realizáronse con especial exhaustividade na zona cautelada.

A nivel arqueolóxico o resultado foi nulo posto que non foi documentado ningún resto ou evidencia de carácter arqueolóxico, á marxe de pequenas afeccións a elementos etnográficos de cerramento

de parcelas que non foron documentados por carecer da suficiente entidade.

Parques Eólicos de Álabe-Mareiro, Álabe-Labrada, Álabe-Leste e Ampliación P.E. Álabe-Soán

Os Parques Eólicos de Álabe-Mareiro, Álabe-Labrada, Álabe-Leste e Ampliación P.E. Álabe-Soán, forman parte da Terceira Fase de Acciona Eólica de Galicia.

Parque Eólico de Álabe-Mareiro

Código de proxecto: 02E27

Empresa ou organismo contratante: Acciona Eólica de Galicia, S.A.

Director/a da actuación: Raquel López Noia

Datas de realización: decembro de 2002 a decembro de 2003

Número de aeroxeneradores: 18

Concellos afectados: Ourense

Nos traballos de Estudo de Impacto Arqueolóxico foron documentados dous xacementos tumulares, dous petroglifos, seis puntos con materiais líticos e un posible abrigo.

A actuación supuxo a análise dos informes do Estudo de Impacto Arqueolóxico, análise da Declaración de Impacto Ambiental, revisión da cartografía, sinalización dos xacementos arqueolóxicos e estruturas etnográficas afectados polo proxecto, revisión das cautelas, control e seguimento de todas as accións de obra: replanteo, desbroce, apertura de gabias, viais e zapatas, escavación dos terrenos de subestación, montaxe e restitución dos terrenos; fundamentalmente nas inmediacións dos xacementos arqueolóxicos e nas zonas delimitadas como zonas potenciais.

No marco dos traballos de Control e Corrección de Impacto Arqueolóxico se documentaron once rochas con petroglifos, un conxunto de materiais líticos nun dos puntos localizados na fase de traballo anterior, dous elementos etnográficos e unha posible zona de aprovisionamento de materias primas. O computo supón un total de vintetrés puntos tratados: dous túmulos, trece petroglifos, seis puntos con industrias líticas asociadas e dous elementos etnográficos. Destes, prodúxose impacto sobre seis xacementos, os dous túmulos e catro petroglifos (dous impactos severos, un moderado e tres compatibles), sobre os dous elementos etnográficos (un moderado e un compatible) e sobre seis puntos da zona de localización de materiais (todos eles compatibles).

Parque Eólico de Álabe-Leste

Código de proxecto: 02E28

Empresa ou organismo contratante: Acciona Eólica de Galicia, S.A.

Director/a da actuación: Raquel López Noia

Datas de realización: decembro de 2002 a outubro de 2003

Número de aeroxeneradores: 17

Concellos afectados: Ourense e O Valadouro

Nos traballos de Estudo de Impacto Arqueolóxico foron documentados nove puntos con materiais líticos, cinco posibles abrigos e un elemento etnográfico.

A actuación de Control e Corrección de Impacto Arqueolóxico supuxo a análise do EIArq, análise da DIA, revisión da cartografía, sinalización dos elementos afectados polo proxecto, revisión das caute-las e o control e seguimento de todas as accións de obra, fundamentalmente daquelas que implicaban remoción dos terrenos, con especial atención nas inmediacións dos xacementos arqueolóxicos e nas zonas delimitadas como zonas potenciais.

Nestes traballos foron documentados un punto con industria lítica e un elemento etnográfico. O cómputo total de puntos tratados supón un conxunto de dez puntos con industrias líticas asociadas, cinco posibles abrigos e dous elementos etnográficos. Destes, resultaron unicamente afectados un dos elementos etnográficos (impacto compatible) e nove puntos con materiais (todos eles con impactos compatibles).

Parque Eólico de Álabe-Labrada

Código de proxecto: 02E29

Empresa ou organismo contratante: Acciona Eólica de Galicia, S.A.

Director/a da actuación: Raquel López Noia

Datas de realización: abril de 2003 a febreiro de 2004

Número de aerogeneradores: 25

Concellos afectados: Abadín

No Estudo de Impacto Arqueolóxico foron documentados cinco xacementos, xa recollidos na bibliografía, con industria lítica asociada, un ó ar libre e catro en abrigo, ademais dunha rocha con cruces, vintiséis puntos con materiais líticos, dous posibles abrigos e unha estrutura indeterminada.

A actuación de Control e Corrección de Impacto Arqueolóxico supuxo a análise do EIArq, análise da DIA, revisión da cartografía, sinalización dos elementos afectados polo proxecto, revisión das caute-las e o control e seguimento de todas as accións de obra, fundamentalmente daquelas que implicaban remoción dos terrenos, con especial atención nas inmediacións dos xacementos arqueolóxicos e nas zonas delimitadas como zonas potenciais.

Como particularidade cabe destacar que nos traballos de Corrección se executaron unha serie de medidas correctoras nun área de cautela efectiva recollidas na D.I.A. Estas actuacións consistiron na realización de sondaxes valorativas en posibles abrigos e gabias mecánicas.

Nestes traballos de seguimento arqueolóxico foron documentados un conxunto etnográfico formado por unha casa, tres alpendres, un pozo e un valo, unha cruz gravada, un punto novo con industria lítica e se documentaron sete conxuntos de materiais en puntos xa coñecidos con anterioridade. O cómputo total supón cinco xacementos de bibliografía, dúas

rochas con cruces gravadas, vinteseite puntos con industrias líticas asociadas, dous posibles abrigos, unha estrutura indeterminada e un conxunto etnográfico. As entidades afectadas pola execución do proxecto foron un xacemento (impacto moderado), as dúas rochas con cruces gravadas (severos), un posible abrigo (compatible) e os vinteseite puntos con materiais (un impacto moderado e vinteseis compatibles).

Ampliación do Parque Eólico de Álabe-Soán

Código de proxecto: 02E32

Empresa ou organismo contratante: Acciona Eólica de Galicia, S.A.

Director/a da actuación: Raquel López Noia

Datas de realización: marzo de 2003 a novembro de 2004

Número de aerogeneradores: 50

Concellos afectados: Muras e O Valadouro

No Estudo de Impacto Arqueolóxico foron documentados un xacemento e dezanove puntos con materiais líticos. Nas dúas zonas documentadas onde apareceron os conxuntos de materiais, denominadas *O Campelo* e *Porto do Río*, se diagnosticaron impactos compatibles en dezaseis puntos, moderado en dous e outro non afectado. Resposto ó xacementos do *Sítio de O Porto do Río*, (YA000622D01/GA27063014) diagnosticouse un impacto severo. A DIA aprobada pola *Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental* segundo resolución de 22 de xaneiro de 2002, indica a realización de sondaxes arqueolóxicas no *Sítio de O Porto do Río* (YA000622D01) previamente á fase de replanteo, e o control do desbroce, de tódalas remocións de terra e dos perfís das gabias, polo equipo de arqueólogos, nas zonas de *Campelo* (ZO000712B01) e *Porto do Río* (ZO000712B02).

Como particularidade cabe destacar que no marco dos traballos de Corrección foron abertas baixo indicacións arqueolóxicas unha serie de gabias mecánicas na área de cautela efectiva, previas ó inicio das obras e cumprimentando deste xeito as esixencias da D.I.A.

Nos traballos de Control e corrección non se documentaron novos elementos patrimoniais, aínda que se localizaron dous conxuntos de materiais líticos en puntos xa coñecidos con anterioridade. O cómputo total recolle un xacemento e dezoito puntos con materiais líticos. Sobre o xacemento produciuse un impacto severo e sobre os dezoito puntos con materiais diagnosticáronse dous impactos moderados e dezaseis compatibles.

Parques Eólicos de Álabe-Montemaior Norte, Álabe-Terral e Álabe-Montemaior Sur

Os Parques Eólicos de Álabe-Montemaior Norte, Álabe-Terral e Álabe-Montemaior Sur forman parte da Cuarta Fase de Acciona Eólica de Galicia S.A.

Parque Eólico de Álabe-Terral

Código de proxecto: 02E26

Empresa ou organismo contratante: Acciona Eólica de Galicia, S.A.

Director/a da actuación: Raquel López Noia

Datas de realización: agosto de 2004 a xullo de 2005

Número de aeroxeneradores: 37

Concellos afectados: Abadín e Mondoñedo

En función dos resultados obtidos no EIArq, a DXPC emitiu un informe en xullo de 2001 no que informaba desfavorablemente as obras proxectadas na zona de *Pena Montol* por ser incompatible coa conservación e protección do patrimonio cultural. Do mesmo xeito, aparece reflectido na correspondente D.I.A. de 23 de novembro de 2001, que establece unha cautela efectiva nesta zona e a exclusión de calquer tipo de acción de obra mentras non teñan lugar as actuacións arqueolóxicas que propicien o levantamento de dita cautela, que son as presentadas en abril de 2002 en dúas Addendas ó Informe Final do EIArq. Preséntanse así propostas adicionais de medidas correctoras co obxectivo de viabilizar as instalacións do proxecto, que terán que levarse a cabo con anterioridade ó inicio das obras e cuxos resultados terán que ser informados favorablemente pola DXPC para o levantamento da cautela e posterior inicio de obras. Entre estas actuacións destacan a realización de calcatas de sondaxe, incluíndo análises xeomorfolóxicas dos perfís xenerados realizadas por un técnico especialista.

Os traballos realizados consistiron ademais na revisión da cartografía definitiva, na revisión das cauteles e na execución das medidas correctoras previas como son a apertura de gabias liñais e sondaxes valorativas en abrigos. Ademais realizouse o control e seguimento de todas as accións de obra: replanteo, desbroces, apertura de viais, zapatas e gabias de cableado e escavación dos terrenos da subestación. Os traballos se centraron fundamentalmente nas inmediatezas dos puntos arqueolóxicos e nas zonas delimitadas como potenciais.

No EIArq documentáronse dous puntos con materiais líticos, un abrigo con material lítico asociado e dezaioito posibles abrigos de ocupación paleolítica. No marco dos traballos de EIArq, concretamente durante a execución das medidas correctoras, se documentaron unha cruz gravada e tres conxuntos de materiais líticos: dous están asociados a dous abrigos nos que se realizou unha sondaxe valorativa e o terceiro conxunto lítico rexistrouse na apertura das gabias liñais na área de cautela preventiva de *Pena Montol*. Ademais, foron inspeccionados oito posibles abrigos nos que non se documentou ningunha evidencia arqueolóxica. As entidades afectadas pola execución do proxecto foron a cruz gravada, dezanove posibles abrigos ou oteadeiros e catro puntos con materiais; en todos eles o impacto considerouse compatible.

Parque Eólico de Álabe-Montemaior Norte

Código de proxecto: 02E30

Empresa ou organismo contratante: Acciona Eólica de Galicia, S.A.

Director/a da actuación: Raquel López Noia

Datas de realización: febreiro a decembro de 2005

Número de aeroxeneradores: 26

Concellos afectados: Abadín e Alfoz

Logo dos resultados do EIArq, a DXPC considerou desfavorable as obras na zona arqueolóxica de *Monte Queimado* polo que, a petición expresa da promotora, presentáronse medidas correctoras adicionais para posibilitar a construción que implicaban necesariamente a execución dunha serie de accións na área de cautela efectiva, que se desenvolveron con anterioridade ó inicio das obras e que se concretan na prospección intensiva e de cobertura total da área de cautela, na apertura de calcatas, na apertura de gabias liñais e no balizado das entidades patrimoniais documentadas (estas dúas últimas medidas simultaneamente ás obras). Rematados os traballos iniciais, a DXPC autorizou as obras na zona.

As obras tardaron en dar comezo debido a unha serie de modificacións do proxecto por motivos medioambientais, que non supuxeron ningún cambio na diagnose de impacto nen nas medidas correctoras recollidas no EIArq. Así, aínda que o proxecto de control arqueolóxico foi presentado á DXPC en setembro de 2003 non foi até febreiro de 2005 que as obras deron comezo.

Os obxectivos xerais do control e seguimento arqueolóxico foron controlar, mitigar e corrixir a afección que as obras de construción puideran ocasionar ós elementos do Patrimonio Cultural, documentar novas evidencias arqueolóxicas e cumprimentar as esixencias da D.I.A. Realizouse o control do replanteo e de tódolos movementos de terras, incluídas as restitucións, priorizando o entorno dos puntos arqueolóxicos e a área de cautela preventiva de *Monte Queimado*.

No EIArq considerouse que os elementos patrimoniais que ían ser impactados polas obras de construción do parque eólico eran: dúas cruces de termo municipal, dezaseis abrigadoiros rochosos de posible ocupación paleolítica, catro abrigadoiros rochosos nos que se documentou material lítico en superficie e dous conxuntos de materiais líticos, tamén de posible adscrición paleolítica. No desenvolvemento da EIArq foron documentados 3 novos elementos patrimoniais: un achádeggo puntual dunha peza lítica (PU040916R01/CM040916R01) durante a prospección superficial intensiva da área das instalacións de equipamento de obra, e dúas cruces de termo municipal (PU050323R01/ES050323R01 e PU050502R01/ES050502R01).

Dos vinte e catro puntos tratados, foron diagnosticados dezanove impactos compatibles e cinco que se consideraron non afectados. As entidades afectadas foron catro estruturas con cruces gravadas, once posibles abrigos e catro puntos con materiais. As medidas correctoras propostas se resumen na documentación gráfica dos puntos, a inspección de tódolos movementos de terras, fases de obra e mo-

mentos posteriores ás voaduras e na inspección dos entornos inmediatos e as gabias de cableado.

Parque Eólico de Álabe-Montemaior Sur

Código de proxecto: 02E31

Empresa ou organismo contratante: Acciona Eólica de Galicia, S.A.

Director/a da actuación: Raquel López Noia

Datas de realización: agosto de 2004 a xullo de 2005

Número de aeroxeneradores: 17

Concellos afectados: Abadín

As obras tardaron en dar comezo debido a unha serie de modificacións na planta do proxecto, aínda que o proxecto foi presentado á DXPC en setembro de 2003.

Os obxectivos desta intervención son a realización do control e corrección do impacto arqueolóxico que as obras podan ocasionar sobre o Patrimonio Cultural da zona.

Os traballos realizados consistiron na análise do EIArq e da DIA, na revisión da cartografía definitiva, na revisión das cautelas e na execución das medidas correctoras previas ás obras que se concretan na apertura de gabias liñais. Ademais realizouse o control e seguimento de todas as accións de obra como son o replanteo, o desbroce, a apertura de viais, zapatas e gabias de cableado e a escavación dos terrenos da subestación. Os traballos se centraron fundamentalmente nas inmediacións dos puntos arqueolóxicos e nas zonas delimitadas como potenciais.

No EIArq foron documentados un xacemento paleolítico/epipaleolítico en abrigo, dezanove puntos de material lítico en superficie, dous abrigos con material lítico asociado e vintetrés posibles abrigos de ocupación paleolítica. Xa no marco dos traballos de Control e Corrección realizouse a supervisión da apertura de gabias liñais na área de cautela preventiva, a inspección exhaustiva de todas as obras, especialmente daquelas que se realizaron nas inmediacións do xacemento *Pena Vella* e na área de exclusión localizada no entorno do mesmo. Foron documentados dous novos puntos con industrias líticas asociadas. As entidades afectadas foron un xacemento (impacto moderado), dezaseis posibles abrigos ou oteadeiros (un moderado e quince compatibles) e nove puntos con materiais (todos con impactos compatibles).

Parque Eólico de Gamoide

Código de proxecto: 03E02

Empresa ou organismo contratante: Eurovento

Director/a da actuación: Raquel López Noia

Datas de realización: xuño de 2005 a marzo de 2006

Número de aeroxeneradores: 25

Concellos afectados: Cervo, Foz e Valadouro

Os obxectivos desta intervención son a realización do control e corrección do impacto arqueolóxico que

as obras podan ocasionar sobre o Patrimonio Cultural da zona.

Este proxecto iniciouse en xaneiro de 2003, momento no que se presentou proxecto de actuación na DXPC, pero non foi até xuño de 2005 cando se iniciaron os traballos de campo.

As tarefas de corrección consistiron na análise do EIArq e da DIA, na revisión da cartografía definitiva e na revisión das cautelas ademais do control e seguimento de todas as accións de obra como o replanteo, desbroce, apertura de viais, zapatas e gabias de cableado e a escavación dos terrenos da subestación. Os traballos se centraron fundamentalmente nas inmediacións dos puntos arqueolóxicos e nas zonas delimitadas como potenciais.

No EIArq foron documentados tres puntos de material lítico en superficie e se diagnosticou un impacto compatible e dous non afecta.

A pesar da exhaustividade dos traballos de control e seguimento, non se documentou ningunha nova evidencia patrimonial.

Parque Eólico de Fonsagrada

Código de proxecto: 03E05

Empresa ou organismo contratante: ECyR

Director/a da actuación: Patricia Mañana Borrás

Datas de realización: abril de 2003 a xaneiro de 2004

Número de aeroxeneradores: 69

Concellos afectados: A Fonsagrada e Ribeira de Piquín

A finalidade principal do control e seguimento arqueolóxico da construción do Parque Eólico de Fonsagrada, foi a de mitigar e reducir o impacto sobre o Patrimonio Arqueolóxico detectado na prospección superficial previa á construción. Nesta, foron documentados un total de trinta e cinco monumentos tumulares, unha pedra fincada, varias concentracións de materiais en superficie, dous hospitais de peregrinos en ruínas e varios tramos do camiño primitivo de Santiago.

Inicialmente, levouse a cabo a revisión das cautelas establecidas na DIA e a sinalización dos xacementos afectados pola obra. Foi documentado un novo xacemento tumular na *Serra do Hospital: Túmulo da Serra do Hospital 4* (YA030416M01), diagnosticándose un impacto crítico con respecto a un vial que o atravesaría e propoñendo un cambio de proxecto, comprobando logo que tanto o vial como as zapatas e plataformas foran reubicadas, aínda que construídas sin a supervisión arqueolóxica recomendada.

En xuño de 2003 localizouse un túmulo xa coñecido, aínda que oculto nunha zona de monte baixo, *Túmulo 3 de A Grandiña* (YA000427N01), realizando un desbroce controlado na área de cautela establecida entorno ó aeroxenerador M29, e se estableceron as medidas correctoras mínimas.

En xullo, tamén mediante desbroce superficial controlado, se localizaron dous túmulos máis, coñe-

cidos pero ocultos: *Túmulo 5 (Chao da Cruz 2-YA000804Ñ03)* e *Túmulo 4 (Chao da Cruz 1-YA000802Ñ03)*, polo que se cambiaron algúns dos elementos de obra que os afectaban.

Ademais levantáronse as cautelas en dúas áreas de *Loma de Cartea* e nunha en *Loma das Modorras*.

En setembro localizáronse co desbroce superficial outros dous túmulos tamén coñecidos: *Túmulo 3 de Pico Peniñas (YA000726Ñ03)* e *Túmulo 4 de Pico Peniñas (YA000726Ñ04)* e se estableceron novas medidas correctoras.

Nos traballos de corrección foron tratados polo tanto un total de cuarenta xacementos tumulares (trinta e cinco situados no entorno inmediato dos aeroxeneradores e 22 deles dentro do ámbito de protección eólica, é dicir, a menos de 70 m destes). Ademais, tratouse o menhir de Pedra Dereita, o Hospital Vello, o Real Hospital de Montouto, o Camiño Primitivo de Santiago e catro puntos arqueolóxicos. Diagnosticáronse oito impactos críticos (catro deles mudaron a severo logo da aplicación das medidas correctoras), vintetrés impactos severos (incluídos os catro anteriores), dez moderados e oito impactos compatibles.

Por último, se iniciaron as primeiras accións do plano de revalorización que está directamente vencellado á construción deste parque, como foi a limpeza dalgunhs monumentos megalíticos así como a valoración da aplicación da figura do ámbito de protección eólica. Deste xeito, 25 xacementos disfrutarán dalgunha medida de protección e/ ou preservación.

Parque Eólico de Punago

Código de proxecto: 03E07

Empresa ou organismo contratante: ECyR

Director/a da actuación: María Cacheda Pérez

Datas de realización: maio de 2003 a xaneiro de 2004

Número de aeroxeneradores: 46

Concellos afectados: Castroverde, Baleira e Pol

Esta actuación consiste na realización do seguimento e control arqueolóxico da construción do Parque Eólico de Punago, cunha finalidade principal de mitigar e reducir o impacto sobre o Patrimonio Arqueolóxico detectado na prospección superficial previa á construción.

A revisión de cautelas previa ó inicio das obras foi levada a cabo na totalidade da zona afectada polo proxecto, co fin de verificar o mantemento desas cautelas e evitar alteracións accidentais. Neste sentido, o impacto sobre o punto PU000626T01 no que se documentou un conxunto de materiais, calificado como compatible, non variou respecto á diagnose que figura no estudo de impacto arqueolóxico.

Realizouse un control a pe de obra na zona cautelada onde apareceu o conxunto de materiais e visitouse o parque en diversas ocasións para revisar tódolos movementos de terras, desbroces, apertura de viais, gabias e zapatas, construción da subestación e restitución de terrenos.

O control e seguimento arqueolóxico non conduxo ó descubrimento de ningunha nova evidencia patrimonial. Os resultados se caracterizaron pola ausencia de nova información.

Parque Eólico de Carballeira

Código de proxecto: 03E28

Empresa ou organismo contratante: ECyR

Director/a da actuación: María Cacheda Pérez

Datas de realización: agosto de 2003 a xuño de 2004

Número de aeroxeneradores: 37

Concellos afectados: As Pontes e Xermade

A actuación consiste na realización do seguimento e control arqueolóxico da construción do Parque, coa finalidade de revisar e mitigar os impactos sobre o Patrimonio arqueolóxico detectados na prospección superficial previa.

A revisión de cautelas previa ó inicio das obras foi levada a cabo na totalidade da zona afectada polo proxecto, en agosto de 2003, co fin de verificar o mantemento desas cautelas e evitar alteracións accidentais. Así diagnosticouse un impacto moderado sobre o *Petroglifo de Carballeira*, a 40 m da plataforma de montaxe do aeroxenerador 8, e dous impactos compatibles sobre o *Túmulo de Chao do Monte*, a 63 m do vial entre os aeroxeneradores 30 e 32 e sobre o elemento etnográfico *Valo de Campo da Meda*, polo vial entre os aeroxeneradores 6 e 7, a unha distancia nula pero determinado pola escasa representatividade do elemento. Polo tanto, os graos de afección non variaron respecto ó diagnosticado no EIArq.

A aplicación das medidas correctoras do EIArq, en combinación cos traballos de control de obras, derivaron nunha maior eficacia e axilidade de corrección. As tarefas de control das obras abarcaron a súa totalidade concentrándose na inspección das áreas desbrozadas para a apertura dos viais de acceso, no exame das gabias e das zapatas escavadas e os seus perfís e na análise detida das entulleiras xeneradas. Non se atoparon materiais con incidencias antrópicas, nin estruturas vencelladas ós xacementos, polo que os resultados do seguimento non aportan nova información.

Parque Eólico de Leboreiro

Código de proxecto: 03E42

Empresa ou organismo contratante: ECyR

Director/a da actuación: Rocío Varela Pousa

Datas de realización: setembro de 2003 a decembro de 2004

Número de aeroxeneradores: 32

Concellos afectados: Muras

Os aeroxeneradores se dispoñen nunha soa aliñación, de orientación N-S, ó longo das divisorias dos montes Leboreiro, Apagadoiro, Parafonso e Xistral. O acceso principal realizase desde a infraestrutura viaria preexistente, da que parten viais internos de nova construción cun ancho promedio de 4-5 m. A

subestación transformadora localízase entre as máquinas 24 e 25.

O obxectivo foi levar a cabo un control arqueolóxico das obras de construción do Parque para evitar e/ou mitigar o impacto que estas poideran producir sobre o Patrimonio Cultural da zona. Para isto foi preciso revisar os impactos diagnosticados na fase de avaliación e adaptar as medidas correctoras propostas ás condicións de obra. No caso de documentar novas entidades afectadas, se adoptarían as medidas necesarias para correxir ese impacto.

Leváronse tamén a cabo as seguintes accións: supervisión do replanteo, revisión das cautelas establecidas na fase de avaliación e control das obras de desbroce, escavación e apertura de viais, gabias e zapatas, construción da subestación e restitución de terrenos. Prestouse especial atención ás remocións de terras efectuadas nas áreas de cautela *Zona de Leboeiro* (ZO990324T01), que abarca os aeroxeneradores 26 a 37 e o PU990324T01 (conxunto material) e *Zona de Parafonso* (ZO990324T02), que comprende as máquinas 19 a 23.

Ó longo destes traballos, detectáronse pequenas modificacións de escasa entidade respecto ó deseño avaliado, aínda que os impactos e as medidas correctoras propostas no EIArQ mantivéronse sen cambios.

Documentouse unha nova entidade patrimonial, o *Camiño da Feira/ Camiño de Gontán* (PU031211W01/ES020423N01), afectada directamente pola construción do vial e a gabia para cableado entre os aeroxeneradores M-7 e M-8. Foille diagnosticado un impacto compatible, propoñéndose como medidas correctoras o rexistro gráfico e documental do elemento, o reflexo na cartografía de obra e o control exhaustivo de todas as accións de obra que tivesen lugar no entorno do punto.

Respecto ó conxunto de materiais (PU990324T01/CM990324T01) formado por tres líticos, mantívose o impacto moderado diagnosticado no EIArQ.

Parque Eólico de Goa

Código de proxecto: 03E72

Empresa ou organismo contratante: Eurovento S.L.

Director/a da actuación: David Barreiro Martínez

Datas de realización: outubro de 2003- PARALIZADO

Número de aeroxeneradores: 4

Concellos afectados: Viveiro e O Vicedo

Parque Eólico de Rioboo

Código de proxecto: 03E73

Empresa ou organismo contratante: Eurovento

Director/a da actuación: Raquel López Noia

Datas de realización: agosto de 2005 a novembro de 2006

Número de aeroxeneradores: 16

Concellos afectados: O Valadouro, Viveiro e Xove

O obxectivo é levar a cabo un control arqueolóxico das obras de construción do Parque para evitar e/ou mitigar o impacto que estas podan producir sobre o Patrimonio Cultural e posibilitar a documentación de novas evidencias que podan ser exhumadas polas obras.

O proxecto dou comenzo en outubro de 2003, momento no que se presentou o proxecto na DXPC, pero non foi até agosto de 2005 que se iniciaron os traballos de campo. As tarefas de corrección consistiron na análise do EIArQ e da DIA, na revisión da cartografía definitiva e na revisión das cautelas ademais do control e seguimento de todas as accións de obra como o replanteo, desbroce, apertura de viais, zapatas e gabias de cableado e a escavación dos terrenos da subestación. Os traballos se centraron fundamentalmente nas inmediacións dos puntos arqueolóxicos e nas zonas delimitadas como potenciais.

No EIArQ documentáronse dous túmulos e seis puntos con material lítico en superficie, ademais dun camiño tradicional ou *Camiño Real*, unha cruz venciada á rede de comunicacións dependentes do dominio eclesiástico de Mondoñedo e dúas cruces de término municipal.

Dentro do marco dos traballos de EIArQ foi documentado ademais un xacemento tumular (YA061122R01) e un elemento etnográfico novo, un "valo" de monte. Dos catorce puntos tratados, foron diagnosticados seis impactos compatibles e oito nulos. As medidas correctoras propostas para estas entidades se resumen no rexistro e documentación dos puntos, na representación da súa ubicación na cartografía de obra e na inspección exhaustiva das obras no entorno dos mesmos.

Parque Eólico de Buio

Código de proxecto: 03E81

Empresa ou organismo contratante: Eurovento

Director/a da actuación: Raquel López Noia

Datas de realización: xuño de 2005 a agosto de 2006

Número de aeroxeneradores: 28

Concellos afectados: Buio, Cervo, Viveiro, O Valadouro e Xove

O obxectivo é levar a cabo un control arqueolóxico das obras de construción do Parque para evitar e/ou mitigar o impacto que estas podan producir sobre o Patrimonio Cultural.

O proxecto dou comenzo en novembro de 2003, momento no que se presentou o proxecto á DXPC, pero non foi até xuño de 2005 que o traballo de campo dou comenzo. As tarefas de corrección consistiron na análise do EIArQ e da DIA, na revisión da cartografía definitiva e na revisión das cautelas ademais do control e seguimento de todas as accións de obra como o replanteo, desbroce, apertura de viais, zapatas e gabias de cableado e a escavación dos terrenos da subestación. Os traballos se centraron fundamentalmente nas inmediacións dos

puntos arqueolóxicos e nas zonas delimitadas como potenciais.

No EIArQ documentáronse sete puntos de material lítico en superficie, seis de adscripción indeterminada e un de época moderna, un posible paleochan, un camiño tradicional ou "*Camiño Real*" e unha cruz de término municipal de adscripción indeterminada.

Dentro do marco dos traballos de Control e Corrección de Impacto se documentou un elemento etnográfico novo, un "valo" de monte. Dos once puntos tratados foron diagnosticados catro impactos compatíbeis e sete nulos, propoñendo como medidas correctoras a documentación dos puntos e o seguimento das remocións de terras e accións de obra no entorno dos mesmos.

Parque Eólico do Monte Xiabre

Código de proxecto: 04E45

Empresa ou organismo contratante: ENGASA

Director/a da actuación: Rocío Varela Pousa

Datas de realización: xuño de 2005 a decembro de 2006

Número de aeroxeneradores: 11

Concellos afectados: Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa e Catoira

As obras do parque tardaron en dar comezo por problemas de diversa índole, a pesar de ter os permisos necesarios para a actuación arqueolóxica dende setembro de 2004.

O parque eólico conta cun total de 11 aeroxeneradores. O acceso faise dende a rede viaria preexistente, si ben tamén se procedeu á apertura duns 2 Km de novos viais, cun máximo de 5 metros de ancho. Ademais, foron escavadas gabias para a condución de cableado e a edificación dunha subestación transformadora de enerxía de 20/66 kV.

O obxectivo foi levar a cabo un control arqueolóxico das obras de construción do Parque para evitar e/ou mitigar o impacto que éstas podan producir sobre o Patrimonio Cultural. Para isto foi preciso revisar os impactos diagnosticados na fase de avaliación e adaptar as medidas correctoras propostas ás condicións de obra. No caso de documentar novas entidades afectadas polo proxecto, se adoptarían as medidas necesarias para correxir ese impacto.

As únicas entidades patrimoniais documentadas durante a prospección da área de estudo foron dous elementos de carácter histórico (PU040203W01) *Cruz de término do Corucho de Meda Meán* e (PU040203W02) *Cruz do Monte Meda* e unha entidade etnográfica (PU040203N01) *Abrigo do Monte Meda*. Destes tres elementos, as obras de construción tan só afectaron ó PU040203W02 en grao compatible e ó PU040203N01 en grao moderado. O plano de medidas correctoras contemplou o seguimento arqueolóxico de todas as fases de obra (replanteo, execución e restitución de terrenos), a localización dos bens na cartografía de obra e a supervisión do replanteo coa finalidade de comprobar a vixencia dos impactos e das medidas correctoras e o balizado dos PU040203W02 e PU040203N01 mantendoo durante toda a duración da obra. O PU040203W01 ta-

mén foi balizado a petición da propia empresa promotora. Logo de varios cambios no proxecto durante o desenvolvemento das obras, o balance final de impactos foi de un compatible e dous nulos. Non foi documentada ningunha nova evidencia arqueolóxica nos traballos de CIArQ.

Parque Eólico de Fonteavía

Código de proxecto: 05E12

Empresa ou organismo contratante: Eurovento

Director/a da actuación: Sofía Baqueiro Vidal/
Paula Ballesteros Arias

Datas de realización: abril de 2006- en execución

Número de aeroxeneradores: 38

Concellos afectados: Fornelos de Montes, O Covelo e Avión

A actuación consiste na realización do control e seguimento arqueolóxico das obras de construción do parque, co fin de revisar e mitigar o impacto diagnosticado na fase de avaliación e posibilitar a documentación de novas evidencias.

Ademais de atender ós traballos específicos da revisión do replanteo e ó balizado das entidades patrimoniais, tamén se procedeu ó control do desbroce inicial e de tódalas remocións de terras, incrementando o seguimento naqueles puntos afectados pola existencia de áreas de cautela arqueolóxica.

As entidades arqueolóxicas documentadas no EIArQ foron: o *Abrigo I de Valdohome* (PU011122E01) onde foron recollidos dous conxuntos de materiais líticos, os *túmulos de Portela dos Xarotos* (YA010822D01), de *Outeiro Malato* (YA010821D02), de *Chan do Valdohome* (YA010605V02), de *Porto da Arca* (YA010605V03), do *Canguíño* (YA011213N01), do *Alto do Barazal* (YA020220X01), do *Barazal* (YA011220A01), o de *Chan das Mesas* (YA010817D01) e os gravados de *Porto da Arca* (YA020306E03) e da *Serra da Xesteira* (YA020306E02). En canto ó patrimonio etnográfico destacar a documentación dos chozos de pastores como o *Chozo de Mangüeiro* (PU010903D01), o de *Rodeiro* (PU010903D02), o de *Abelenda* (PU010903D03), o de *Oroso* (PU010903D04), o de *San Vicente* (PU010903D05), o de *Cernadas* (PU010903D06) e o de *San Xusto* (PU010903D07); os *cortellos de Anseiro* (PU010822D06) e de *Lama Vella* (PU010817D03); os *xesteiros de Coto Xarotos* (PU020307E01), de *Campo Redondo* (PU010904D01), de *Anseiro* (PU011217E01) e de *Coto Ovos* (PU030318E01); o *foxo de lobo de Pigarzos* (PU010823D07); as cruces votivas de *Porto da Arca* (PU010820D01), de *Chan do Coto* (PU010913D05) e de *Salcedo* (PU010824D01); o marco de *Porto da Arca* (PU010820D02) e de *Coto Ovos* (PU010821D01) e o conxunto do *Río Tea* (ZO020108E01) constituído por cinco muíños e unha pontella, o *camíño arrieiro do Bueiro* (PU020117E01) e o *Milladoiro do Alto do Barazal* (PU020220E01).

Respecto ás entidades anteriores diagnosticáronse cinco impactos severos, dous moderados, tres

compatibles e os restantes nulos. As medidas correctoras van dende o establecemento de cautelas até a documentación, balizados, control de desbroces, movementos de terras, ...

Na fase inicial de execución, o proxecto sufriu a modificación da posición da plataforma para a montaxe anexa do aeroxerador M33, motivada pola existencia dun elemento etnográfico, o sesteiro de Cernadas (PU031113H01), amortiguándose así o impacto sobre éste a un grao moderado.

Ademais, na CIArq foron documentadas novas entidades como a estrutura de peche e resguardo da Lama Vella II PU060427H01, ...

A construción deste parque manténse en execución polo que os resultados finais poden variar.

Parque Eólico de Bidueiros

Código de proxecto: 05E13

Empresa ou organismo contratante: Eurovento

Director/a da actuación: Sofía Baqueiro Vidal/
Paula Ballesteros Arias

Datas de realización: maio de 2006- en execución

Número de aeroxeneradores: 36

Concellos afectados: Fornelos de Montes e O Covelo

A actuación consiste na realización do seguimento e control arqueolóxico das obras de construción do citado parque, co fin de revisar e mitigar o impacto diagnosticado na fase de avaliación e posibilitar a documentación de novas evidencias.

O proxecto inicial avaliado sufriu unha serie de variantes que consistiron na instalación de catro torres meteorolóxicas, na modificación de pequenos tramos de gabiá para cableado e na desaparición e desprazamento do último tramo do vial e gabiá que unía os aeroxeradores WTG:015 e 14. Suliñar que ningunha destas modificacións implicou cambios na valoración de impacto do EIArq.

As entidades arqueolóxicas documentadas no EIArq son: os *túmulos de Portela das Travesas* (YA010823D01) e de *Chan de Borraxeiros* (GA36013003/ YA010605V04) e a *Cruz Grabada de O Lombo* (YA020306E04). En canto ós etnográficos destacan o *Chozo de Portela das Travesas* (PU010823D03), os *sesteiros de O Lombo* (PU010823D02) e de *O Campo* (PU040608E01), o *Foxo do Lobo do Eido Gonzalo* (PU010823D01), a *Cruz votiva de M. Pilar* (PU010821D05) e a *Muradela* (PU010821D04). Tamén se documentaron seis puntos con sendos conxuntos de materiais líticos (PU010822D01, PU010822D02, PU010822D03, PU010822D04, PU010823D05 e PU010823D06), e dous topónimos significativos: *Laxa dos números* (PU010605V06) e *Coto do Mouro* (PU010605V10).

Os impactos sobre estes elementos foron diagnosticados como compatibles en dez casos e non afecta nos restantes. As medidas correctoras propoñen o control e seguimento arqueolóxico das obras nas inmediacións das entidades, a súa representa-

ción na cartografía de obra e o establecemento dun área de exclusión e balizado do *sesteiro de O Lombo* (PU010823D02), o *sesteiro de O Campo* (PU040608E01) e a *Muradela* (PU010821D04).

Xa en fase de execución do proxecto foron documentados catro novos elementos: o *Cano dos Mouros* (PU060615H01), o *Sesteiro de Campolongo* (PU060511H01), a *Cruz grabada II de O Lombo* (PU060620H02) e o *Refuxio do sesteiro de O Lombo* (PU060620H01). A raíz da aparición do PU060615H01 que se vería afectado polo trazado dun vial de acceso, levouse a cabo unha actuación especial que consistiu nunha intervención arqueolóxica evaluativa que confirmase tanto a existencia do elemento patrimonial como o tipo de impacto producido. Para isto procedeuse á retirada e limpeza da entulleira e a un decapado superficial, ó rexistro completo da estrutura, ó balizado e ó recubrimento provisional con plástico de obra. Finalmente, o vial de acceso foi modificado a raíz desta incidencia.

A construción deste parque manténse en execución polo que os resultados finais poden variar.

Parque Eólico singular de Ponteceso (Monte da Barda)

Código de proxecto: 05E22

Empresa ou organismo contratante: Asesores Medioambientales

Director/a da actuación: María Cacheda Pérez

Datas de realización: abril a outubro de 2005

Número de aeroxeneradores: 2

Concellos afectados: Ponteceso

A actuación consiste na realización do seguimento e control arqueolóxico das obras de construción do citado parque eólico, co fin de revisar e mitigar o impacto diagnosticado no EIArq e posibilitar a documentación de novas evidencias.

En marzo de 2005 levouse a cabo o control do replanteo da obra, o que permitiu valorar con maior precisión o impacto e as correspondentes medidas correctoras. Ademais, sinalizáronse as entidades afectadas e documentadas na fase de avaliación: a *Coviña 2 de Monte Faro* e o *Petroglifo de Monte Faro*.

No mes de xuño, detectáronse dúas máquinas escavadoras abrindo unha gabiá no entorno de protección da *Mámoa de Monte Faro*, onde inicialmente non se proxectaba ningún axente de obra. Paralizáronse as obras e mantívose á espera de que o concello de Ponteceso, promotor da obra, e a Consellería de Industria, informasen á DXPC dos cambios de proxecto para poder continuar os traballos arqueolóxicos. Noutra visita días máis tarde, detectouse a apertura da gabiá non autorizada pola DXPC e realizada dentro do entorno de protección do xacemento, a uns 25 m de distancia do mesmo e cunha lonxitude de aproximada duns 80 m. Foron obrigados a tapala.

Logo dunha nova modificación e de que a Consellería de Medio Ambiente resolvese favorablemente ese modificado tendo en conta as decisións da DXPC, realizouse o correspondente estudo de im-

pacto que dou como resultado a localización de dúas mámoas máis preto da nova gabiá: *Mámoa de Monte Faro 2 e 3*. As medidas correctoras que se tomaron foron unha nova reubicación da gabiá e o balizado das dúas entidades antes do comezo das obras de apertura desta, acción que de novo foi adiantada pola contratista. En total foron diagnosticados tres impactos severos, un moderado, tres compatibles e un nulo.

A pesar dos incidentes comentados, todos os xacementos arqueolóxicos documentados foron respectados íntegramente. A metodoloxía de traballo establecida por parte do equipo arqueolóxico permitiu a compatibilización das obras de construción co mantemento da situación patrimonial das entidades documentadas.

Parque Eólico de Pena Ventosa

Código de proxecto: 05E23

Empresa ou organismo contratante: ECyR

Director/a da actuación: Sofía Baqueiro Vidal

Datas de realización: setembro de 2005 a xaneiro de 2008

Número de aeroxeneradores: 56

Concellos afectados: Viveiro, O Vicedo e Ourense

Os traballos arqueolóxicos consisten na realización do control e seguimento das obras de construción do parque eólico, co fin de revisar e mitigar o impacto diagnosticado no EIArq e posibilitar a documentación de novas evidencias.

Unha das modificacións máis sustantivas respecto ó proxecto avaliado foi a do cambio no trazado do vial entre os aeroxeneradores M45 e M46, acometendo deste xeito a proposta realizada no correspondente EIArq co fin de salvagardar as áreas de exclusión dos xacementos YA010206V09 (GA27038014, *Mámoa 2 de Monte Cristo dos Callós*) e YA010206V10 (GA27038015, *Mámoa 3 de Monte Cristo dos Callós*) así como a área de risco definida pola referencia do YA010206V08 (GA27038001, *Mámoa 1 de Monte Cristo dos Callós*).

Traballouse sobre un total de doce xacementos, once túmulos e un petroglifo e sobre catro elementos históricos, cruces gravadas ou cruceiros.

Foi documentado un novo xacemento, a Mámoa de Cristo dos Callós (YA060125E01) aínda que situada a 200 m do aeroxenerador A2 polo que se considerou que non existía impacto.

En total foron diagnosticados un impacto severo, nove moderados, cinco compatibles e dous non afectada. As medidas correctoras baseáronse na modificacións de distintos axentes de obra, fundamentalmente viais, no establecemento de áreas de exclusión, balizados e no control e seguimento de tódalas accións de obra.

Parque Eólico de Chan do Tenón

Código de proxecto: 05E28

Empresa ou organismo contratante: ECyR

Director/a da actuación: Sofía Baqueiro Vidal/Raquel López Noia

Datas de realización: xullo de 2005 a maio de 2007

Número de aeroxeneradores: 28

Concellos afectados: Viveiro e O Vicedo

A actuación consiste na realización do control e seguimento arqueolóxico das obras de construción do citado parque eólico, co fin de revisar e mitigar o impacto diagnosticado no EIArq e posibilitar a documentación de novas evidencias que podan ser exhumadas.

As obras deste proxecto deron comezo o 3 de agosto de 2005. Os traballos realizados até o momento son: análise do EIArq e da DIA, revisión da cartografía definitiva, revisión das cautelas, control e seguimento de tódalas accións de obra: replanteo, desbroce, apertura de viais, zapatas e gabias de cableado. Os traballos se centran fundamentalmente nas inmediacións dos puntos arqueolóxicos e nas zonas delimitadas como potenciais.

Partimos dos elementos patrimoniais, arqueolóxicos e etnográficos, documentados durante os traballos de EIArq: un único elemento patrimonial, unha cruz.

No marco da CIArq únicamente se documentou un elemento patrimonial novo, a Igrexa Parroquial de S. Paulo de Riobarba, que previsiblemente sería afectada por un acceso pero que finalmente non sufriu ningún tipo de afección.

Parque Eólico de Graiade

Código de proxecto: 05E37

Empresa ou organismo contratante: Jealsa Rianxeira

Director/a da actuación: María Cachada Pérez

Datas de realización: marzo de 2006- en execución

Número de aeroxeneradores: 13

Concellos afectados: Ribeira e Porto do Son

Aínda que os traballos deron comezo en marzo de 2006, novos condicionantes produciron inmediatamente a paralización e suspensión temporal das obras. Estas reanudáronse en xaneiro de 2007.

Grosso modo, a actuación consiste na realización do control e seguimento arqueolóxico das obras de construción do citado parque eólico, co fin de revisar e mitigar o impacto diagnosticado no EIArq e posibilitar a documentación de novas evidencias.

O control e seguimento arqueolóxico do Parque Eólico de Graiade e da Liña de Alta Tensión 66Kv P.E. de Graiade-Liña de Alta Tensión Tambre/Boiro, consistiu na inspección do replanteo, revisión das cautelas e áreas de exclusión, actualización de impactos e medidas correctoras, detección de novas incidencias, diagnose de impacto e propostas de medidas correctoras. Nesta fase procedeuse ó balizado do *Túmulo de Outeiro das Castañas* (GA15071102) e documentouse un novo xacemento, o *Petroglifo de Outeiro das Castañas*.

(YA070125M01), o que provocou a modificación e desplazamento dun vial uns 4 ou 5 metros. Ademais realizouse a inspección continuada das remocións de terras producidas pola obra, incluídas as fases de restitución dos terrenos, evitando así calquer alteración accidental que poidese afectar a algunha das entidades arqueolóxicas documentadas.

Dentro da poligonal ou ámbito do proxecto sectorial foron documentados un total de vintetres puntos, vintedous deles xacementos. Destes, cinco petroglifos e un túmulo atópanse no entorno da área de ubicación dos aeroxeneradores e viais.

Os impactos diagnosticados para estes elementos se resumen en tres impactos compatibles, dous moderados e un severo.

Este proxecto mantense aínda en execución polo que os resultados aquí presentados non son definitivos.

Ampliación Parque Eólico de Monte Xiabre

Código de proxecto: 06E07

Empresa ou organismo contratante: ENGASA

Director/a da actuación: Rocío Varela Pousa

Datas de realización: pendente de execución

Número de aeroxeneradores: 7

Concellos afectados: Vilagarcía de Arousa, Caioira e Caldas de Reis

Esta actuación aínda non dou comenzo. Esta circunstancia está motivada polo retraso na execución da primeira fase de construción do Parque Eólico do Monte Xiabre.

Parque Eólico de Codesas

Código de proxecto: 06E34

Empresa ou organismo contratante: Soluziona Ingeniería

Director/a da actuación: Patricia Mañana Borrás

Datas de realización: novembro de 2006– en execución

Número de aeroxeneradores: 20 (1ª fase) e 35 (2ª fase)

Concellos afectados: Sobrado dos Monxes, Toques, Melide e Boimorto

A actuación consiste na realización do control e seguimento arqueolóxico das obras de construción do citado parque eólico, co fin de revisar e mitigar o impacto diagnosticado no EIArq e posibilitar a documentación de novas evidencias.

Aínda que foi avaliado un único proxecto inicial, por cuestións de limitación de potencia, o proxecto foi dividido en dúas fases.

No EIArq foron documentados os seguintes elementos patrimoniais afectados pola execución da 1ª Fase: *Zona de Coto do Pilar* constituída por dous túmulos (GA15046027 e GA15046058) que se atopan ao carón do vial que comunica as liñas 16-25 e 38-41; *Zona de Cruz do Bocelo* composta polos tú-

mulos (GA15010002, GA15046024, GA15046056, GA15046025, GA15046026, GA15046057, GA15080001 e GA15080040) e polo gravado rupestre (YA020912W01).

Os afectados pola 2ª Fase son: *Zona de Cruz do Bocelo* composta polos túmulos (GA15010002, GA15046024, GA15046056, GA15046025, GA15046026, GA15046057, GA15080001 e GA15080040) e polo gravado rupestre (YA020912W01); *Zona de O Espiño* composta polos túmulos (GA15083090, GA15083091, GA15080041) e polo gravado (YA020830W01); *Zona de Abucide* formada polos túmulos (GA15083001 e GA15083002), ambos desaparecidos; *Zona de Camposa das Antas* formada polos túmulos (GA15080008 e GA15080017) e *Zona de Alto do Morisco* formada polos túmulos (GA15080044 e GA15080087). Ademais salientanse unha serie de indicios arqueolóxicos e documentáronse dous elementos etnográficos que son o *Camiño Real* (PU030324T01) e *O Espiño* (PU030325T01), un gran batolito granítico e fito paisaxístico ao que se asocian elementos do folclore local.

Na construción deste parque prodúcese unha situación paradóxica en relación á protección do Patrimonio Cultural. Os impactos son producidos pola proximidade de aeroxeneradores, a proximidade dun camiño que servirá de vial interno do parque e a instalación da subestación, proximidade que, paradoxicamente, garante a súa conservación²¹ ao tempo que permite unha actuación de recuperación que formará parte do plan de medidas compensatorias centrado na recuperación do excepcional túmulo de Forno dos Mouros e que será obxecto de proxecto independente.

En canto ós traballos de CIArq, deron comenzo mediante a realización do control do replanteo co obxecto de verificar o deseño en obra e localizar elementos patrimoniais; control do desbroce e escavación do terreno en zonas onde existen xacementos arqueolóxicos ou zonas cauteladas; inspección intensa das entulleiras, superficie de pista e perfís resultado da apertura de viais, plataformas, zapatas e gabias de cableado; balizado e control do balizado dos xacementos e avaliación do impacto arqueolóxico de 3 cambios de deseño da obra: gabia entre A9 e A14, vial entre A10 e A12 e vial de entrada á aliñación A39-A41.

En canto ós resultados, polo momento foi documentado e polo tanto asegurada a ubicación do xacemento tumular GA15046056, xa coñecido con anterioridade, aínda que dubidosamente identificado e mal ubicado no EIArq.

²¹ Respecto ós traballos arqueolóxicos realizados na Serra do Bocelo na década dos 80' constatouse un gran deterioro no estado de conservación dos túmulos a consecuencia do incremento de técnicas agroforestais moito máis agresivas.

No replanteo do vial e gabia entre os aeroxeneradores A16 e A17 documentouse un novo xacemento, o Túmulo de Penedos das Tres Mariás (YA061221L01), afectado en grao crítico xa que a construción suporía a destrución da metade E do xacemento. Tras consulta co Servizo de Arqueoloxía da DXPC, plantexouse á promotora a necesidade dun cambio no deseño do vial que o alonxase o máximo posible. Balizouse o túmulo e remitiuse un informe puntual no que se presentaba a proposta de cambio no deseño que alonxaba o eixo cara ó E respecto ó deseño inicial, mudando o impacto a severo. Trala apertura do vial, zapatas e plataformas no entorno de protección do túmulo, apertura realizada cando a proposta do informe estaba aínda en vías de ser autorizada, foi documentado o denominado xacemento ó ar libre de Penedos das Tres Mariás (YA070221L01), onde se atoparon varios conxuntos de materiais fundamentalmente cerámicos que reúnen máis de 40 pezas e unha estrutura tipo fosa escavada no xabre. Neste xacemento foi preciso realizar unha actuación arqueolóxica especial consistente na limpeza manual e apertura de sondaxes arqueolóxicas. Ademais, noutras zonas do parque foron localizadas oito estruturas e dous puntos que recollen conxuntos de materiais.

A 1ª fase de construción do parque mantense en execución polo que os resultados finais poden variar. A 2ª fase aínda está pendente de dar comezo.

ANÁLISE E CRÍTICA DOS DATOS

Exposta no apartado anterior unha síntese dos traballos arqueolóxicos de CIARq realizados polo LAFC e LAr-LPPP no marco dos proxectos que se veñen executando desde o ano 1996, podemos agora presentar unha análise dos datos cuantificados, así como a comparación e consecuencias do desenvolvemento dos traballos e dos procedementos adoptados.

Desta maneira, organizaremos a seguinte crítica nunha serie de subapartados que aínda que tratan problemáticas distintas tentarán levar unha orde similar á das fichas técnicas dos proxectos antes presentados. Á súa vez, gustárame evitar as cuantificacións que moitas veces despistan máis do que axudan, aínda que inevitavelmente, nunha análise dos datos como a que nos ocupa, será imprescindible e ineludible nalgún dos seguintes apartados.

Como última anotación dicir que a miña intención non será entrar de novo en exposicións metodolóxicas que xa foron claramente expostas no apartado 3, pero sí poder realizar unha breve análise na que poida verse reflexada dalgunha maneira a evolución sufrida neste campo con base no seu reflexo en canto a resultados.

Comparación entre Avaliación e Corrección

Non cabe ningunha dúbida de que a Avaliación de Impacto Arqueolóxico é un procedemento imprescindible para poder levar a cabo unha axustada Corrección que evite ou mitigue as afeccións que pode sufrir o Patrimonio Cultural. Concretamente, neste tipo de proxectos de construción de Parques Eólicos, nos que o Patrimonio dominante nas zonas afectadas presenta unhas características determinadas fundamentalmente pola súa ubicación, moi en consonancia cos emplazamentos necesarios para a execución, é onde se fai máis necesario un bo deseño das estratexias de corrección.

Polo tanto, o deseño do Plan de medidas correctoras debe ser de partida claramente definido, a fin de evitar problemas non desexados: destrución ou alteración irreversible do Patrimonio, paralización das obras, etc. As medidas correctoras propostas deben ser axustadas a cada caso concreto, dando prioridade a aquelas medidas que deban ser tomadas en primeira instancia. A medida que éstas se van facendo efectivas o impacto debería ir mudando facéndose necesaria a adopción de novas medidas de menor carácter pero igual necesidade. É por esta razón que na Avaliación do Impacto serán definidas aquelas medidas de primeira instancia: as principais poderían ser o desvío do trazado, a sinalización do elemento mediante balizamento, a realización de sondaxes ou, en último caso, a escavación. Estas medidas poden ser executadas nos momentos previos ó comezo das obras, na fase de replanteo ou ben durante o transcurso das mesmas, agora ben, na medida do posible debe evitarse a paralización das obras de modo que Corrección do Impacto Arqueolóxico e execución do Proxecto sexan actividades paralelas e simultáneas.

Pola súa banda, a Declaración de Efectos Ambientais, reflexo don plan de medidas correctoras do estudo de impacto, será norma de obrigado cumprimento a non ser que algunha alteración inesperada modifique as decisións.

Á marxe da conexión evidente entre Avaliación e Corrección, examinando xa a información tratada neste documento podemos ver que existe un punto de cruce irremediable de ambos procedementos. Estou a facer referencia a aqueles momentos, ben no replanteo ou ben en plena execución (tamén pode darse o caso en momentos previos aínda que con moita menor frecuencia) nos que se advirte unha modificación respecto ó proxecto orixinalmente avaliado. Neste preciso momento será necesario que a Corrección desenvolva tarefas propiamente de Avaliación, inspeccionando mediante prospección a nova zona afectada, diagnosticando impactos e definindo medidas correctoras. O que tento amosar con esta advertencia é que, a pesares da distinción que se fai entre os dous procedementos, en realidade o segundo é consecuencia e complemento do primeiro e engloba irremediabilmente a ámbolos dous.

No noso estudo vemos claramente como na fase de Avaliación de Impacto son documentados elementos fundamentalmente de natureza visible e son

ademais definidas zonas ou áreas de potencial arqueolóxico gracias á localización dalgún conxunto de materiais ou simplemente en función das súas características xeomorfolóxicas. A modo de reconto, e tendo en conta que os datos son parciais dado que varios proxectos están aínda en vías de execución, duns 853 puntos tratados nos traballos de CIArq desde o ano 96, uns 554 foron documentados na fase de Avaliación, un 64,94% do total. Como digo, maioritariamente son entidades cunha natureza de carácter visible podendo incluso afirmar que deste balance tan só se “escapan” uns 49 elementos tamén de natureza visible (19 xacementos e 30 estruturas), é dicir un 5,74%, que foron documentados durante o seguimento e que nalgúns casos se debe máis ben a unha modificación do proxecto que provoca novas afeccións.

Os impactos diagnosticados axústanse con bastante precisión á realidade da execución. As escasas variacións poden vir normalmente determinadas ben por causa dunha mala ubicación do elemento que como consecuencia non permite determinar correctamente a distancia respecto ó axente de afección ou ben por variacións de diversa índole sufridas no proxecto que poden cambiar radicalmente o axente e grao de afección.

As medidas correctoras propostas na Avaliación adoitan precisar maiores reaxustes en fase de Corrección, novamente por un dobre motivo fundamental; porque mudou o tipo de impacto ou non foi diagnosticado correctamente ou porque non se tivo en conta algún axente ou acción complementaria das obras: realización de voaduras, adopción dun espazo para entulleiras, etc. Tamén se da o caso da realización dunha variante de obra que non estaba prevista inicialmente e que non é informada convenientemente ó equipo arqueolóxico. Neste senso comentar a modo de exemplo, e valga como modelo, que si na fase de Avaliación considérase un impacto crítico sobre un xacemento (ou calquera outro elemento de suficiente entidade) e se propon desviar o trazado dun vial (suposto causante do impacto), unha vez realizado, o impacto deberá amortiguarse e será probablemente necesario (de non ser nulo) propoñer novas medidas de corrección. Pois ben, este exemplo proposto é o que nos atopamos en varios casos da nosa análise. Ademais pode darse o caso de que varia o impacto pero se manteñen as mesmas medidas correctoras. Desgraciadamente tamén nos atopamos, aínda que en moitas menos ocasións, co caso contrario no que un impacto é desafortunadamente mal diagnosticado, como compatible por exemplo, e durante o seguimento nos decatamos de que pode chegar a ser crítico, co cal nos vemos obrigados a modificar e endurecer as medidas correctoras indicando incluso a supresión do axente de impacto. Estes exemplos expostos podemos velos representados na CIArq do PE de Corme, no PE de Monte Vilalbesa, en Paxareiras IIF, en Lomba ou en Refachón. Por último vemos como elementos que non se atopaban afectados pola obra pasan a verse impactados pola realización dunha nova variante, como é o caso do P.E. de Ponteceso (Monte da Barda), e deben poñerse en marcha con urxencia as medidas de corrección que poden implicar a mesma paralización desa obra non prevista.

Comparación entre Proxecto e Memoria

Antes de entrar en comparacións e niveis de cumprimento de Proxecto e Memoria, tal vez convén empezar expoñendo brevemente o que cada unha destas dúas compoñentes supón de cara a un proceso de CIArq.

O Proxecto consiste nun documento que expón o programa detallado e coherente de actuación arqueolóxica. Será remitido ó promotor para a súa presentación á administración de Patrimonio e irá acompañado dunha solicitude de autorización para a realización do traballo exposto. Os contidos fundamentais dun Proxecto inclúen dende as características básicas do proxecto de construción, a descrición xeográfica e a problemática arqueolóxica e hipóteses da zona de traballo, ata os obxectivos da intervención, metodoloxía e plan de traballo e o presupuesto detallado dos costes da actuación. Respecto á metodoloxía, destacar que presenta en primeiro lugar as fases de traballo, as accións a realizar en cada fase (replanteos, remocións de terras e restituicións ou valados) e os prazos de realización, e especifica ademais os métodos que serán empregados para corrixir o impacto sobre as entidades xa coñecidas ou sobre aquelas que poidan aparecer no transcurso dos traballos; neste senso realiza unha síntese dos criterios e procedementos para definir e clasificar os tipos de impacto e para deseñar as medidas correctoras pertinentes. A metodoloxía debe ser coherente en todo momento co Plan de Medidas Correctoras do Estudo de Impacto.

Pola súa banda, a Memoria Técnica dunha intervención ou actuación arqueolóxica é o documento final no que se describe a totalidade da intervención e os detalles dese proceso, desde os obxectivos e prazos de execución ata o catálogo de elementos e inventario de materiais, pasando por tódala problemática, incidencias, diagnose e execución de medidas correctoras realizadas así como pola valoración e interpretación do rexistro arqueolóxico xenerado. Estará acompañado da correspondente información gráfica e cartográfica onde se reflexarán tódolos elementos localizados e as áreas ou extremos a que se faga referencia no texto ou no catálogo da citada memoria. En realidade, poderíase dicir que a Memoria é o documento que substitúe a destrución do rexistro arqueolóxico e por esa razón fundamental a metodoloxía empregada dede xenerar coñecemento o máis obxectivo posible para o seu aproveitamento futuro.

En conclusión, a **Memoria Técnica** ideal dun traballo de CIArq debe recoller a totalidade da información xenerada en relación a ese traballo, desde a documentación recopilada no propio Estudo de **Avaliación** ata todos aqueles datos referentes a cuestións de metodoloxía, organización e consecuencias do proceso de **Corrección**, entendendo que o desenvolvemento e resultados deste último deben responder ós obxectivos plantexados con anterioridade no **Proxecto**.

Aínda que ás veces a redacción dun Proxecto semella máis un requirimento administrativo que un pro-

cedemento necesario para a realización do traballo, debemos pensar que non é así e que a súa importancia reside en que é o documento primeiro e básico que vai encauzar o proceso de Corrección. Realizar unha aproximación ás características do proxecto de construción, ás peculiaridades xeográficas e principalmente arqueolóxicas da zona, son datos reveladores da problemática coa que nos podemos atopar. Isto nos permite deseñar unha estratexia de corrección que poida facer fronte ás afeccións, habidas e por haber, sobre o Patrimonio Cultural. Aínda que un Proxecto non poderá advertir da problemática concreta de cada actuación nen facer previsións do que aínda non se coñece, os contidos que nel se recollen tentan poñelas bases e proporcionar os criterios para poder dar resposta a novas incidencias que poidan ir xurdindo.

A Memoria entón debería recoller os obxectivos marcados no Proxecto. Normalmente o barco chega a bo porto sen maiores inconvenientes e á marxe das necesidades específicas que poidan ir xurdindo, no proceso de Corrección tenden a respetarse con bastante integridade, por un lado e para os elementos patrimoniais documentados con anterioridade ás obras, as directrices propostas no Plan de Medidas Correctoras do estudo de impacto e, por outro, para aquelas incidencias arqueolóxicas localizadas na fase de seguimento, as indicacións especificadas na metodoloxía de corrección do propio Proxecto.

Pode que estas precisións, especialmente no aparato metodolóxico, estén moi claras nos traballos de Corrección realizados nos últimos anos; claro está que non sempre foi así e non temos máis que achegarnos ós Proxectos emitidos no ano 96 para ver que os criterios de definición e resposta a novas incidencias son moito máis simples e ambiguos que os presentados por exemplo nun documento do ano 99. Evidentemente isto responde a unha evolución lóxica froito da experiencia adquirida. O mesmo sucede cunha Memoria Técnica na que podemos ver como nun principio moitas afeccións eran resultado dunha falta de previsión de certos axentes, do estrito encasillamento en canto definición de impactos e medidas ou a ausencia de figuras tales como áreas de exclusión.

Por outra banda, si o Proxecto presenta as pautas metodolóxicas básicas a empregar no proceso de Corrección e a Memoria expón as labores concretas e os criterios empregados durante o proceso, é evidente supoñer que a Metodoloxía exposta nambos documentos entrecrúzase inevitablemente, á marxe claro está das especificidades e precisións de método e organización da segunda (desde actuacións e intervencións concretas ata procedementos de sistematización da información).

Tal vez aqueles puntos nos que se pode advertir un maior distanciamento entre estos dous documentos son por exemplo, os prazos e datas de realización posto que as presentadas no Proxecto é raro que coincidan coas reais da Memoria, tendo en conta que as obras acostuman demorarse por diversas circunstancias e non dan comezo nas datas inicialmente previstas; outros puntos poderían ser os relativos ás incidencias inesperadas que non se axustan ó proxecto de construción inicial ou aquelas actua-

cións especiais nas que será necesaria a redacción dun Proxecto específico.

Por último e tendo en conta os resultados, vemos unha clara conciliación por un lado no relativo ós xacementos referidos no Proxecto, a tipoloxía dominante na zona e as previsións ou hipóteses de localización de xacementos ou entidades de carácter non visible nunha prospección superficial e, por outra banda, naqueles xacementos ou entidades arqueolóxicas documentados no transcurso das obras e presentados na Memoria, entidades que moitas veces respontan ás hipóteses de localización previstas no Proxecto.

Grado de cumprimento do Plan Global de Medidas Correctoras

O primeiro documento no que se plasman as medidas necesarias para correxir ou mitigar o impacto xenerado por unha construción ou actividade similar sobre o Patrimonio Cultural é o Plan Global de Medidas Correctoras (PGMC) resultado da Avaliación ou estudo do impacto arqueolóxico. Consecuentemente é emitida pola administración a chamada Declaración de Efectos Ambientais (DEA) na que se presentan aqueles aspectos fundamentais e necesarios extraídos do documento anterior. As indicacións contidas na DEA son de obrigado cumprimento, sempre e cando non cambien sustancialmente as circunstancias avaliadas, caso no que habería que informar á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Visto o anterior debería quedar claro que tanto a propia empresa promotora ou executora do Parque Eólico en cuestión como o arqueólogo ou equipo arqueolóxico encargado do proceso de Corrección deberán ter en conta estes dous documentos fundamentais: o PGMC e a DEA. Si, por exemplo, a DEA indica o desvío dun trazado da obra para evitar a afección sobre un xacemento, a empresa estará obrigada a cumprir inexcusamente esta directriz, a risco de ver paralizadas as obras en caso de non facelo.

Pero, ¿ata qué punto se cumpren os contidos do PGMC?, ¿cales son os seus aportes a un seguimento arqueolóxico?, ¿cal é en definitiva o seu grado de efectividade?

A implicación do arqueólogo neste ámbito vése claramente dende o principio do proceso de Corrección. Xa no propio Proxecto fai constar as indicacións contidas na DEA²² e a problemática patrimonial da zona de traballo extraída da consulta bibliográfica e, sobre todo, da correspondente Avaliación. As directrices fundamentais na maioría dos casos adoitan estar en relación co balizamento de xace-

²² Novamente este modelo de Proxecto é resultado dunha evolución, pois si observamos calquera dos documentos emitidos en relación ós primeiros Parques vemos que non sempre se inclúen os contidos da DEA.

mentos e, nos últimos anos, co establecemento de áreas de exclusión. Outra indicación básica ten relación coa supresión, desvío ou modificación do axente causante do impacto. Tamén poden plantexarse, aínda que en menor medida, outras actuacións como a realización de sondaxes previas ou calquera outro tipo de actuación especial.

Evidentemente o PGMC é unha ferramenta de grande utilidade de cara ó seguimento, aínda que o principal problema é que na meirande parte dos casos só fai referencia a aquelas entidades patrimoniais de carácter visible que son as que normalmente se documentan nunha prospección superficial. Esta circunstancia deixanos un pouco coxo o seguimento pois como vimos nun dos apartados anteriores estes elementos limitáanse aproximadamente a un 64% do total das entidades tratadas no proceso de Corrección.

Iniciadas as obras, concretamente no momento do replanteo, vemos como a primeira acción do equipo arqueolóxico está orientada a comprobar que os espazos de actuación-afección da obra se axustan ó avaliado, ademais de proceder á comprobación do estado das cautelas establecidas e especialmente á execución daquelas primeiras medidas de corrección, normalmente o balizamento das entidades indicadas no PGMC e DEA. As demais indicacións do PGMC poden ser levadas a cabo igualmente nesta fase, ou de maneira simultánea ás obras.

Se poñemos un pouco de atención nos casos concretos sobre os que se realizou este estudo vemos como xa nesta primeira fase pódense apreciar os primeiros erros do proceso de Avaliación, por exemplo, no mal posicionamento de certos elementos que acabará por definir impactos equivocados; evidentemente a diferenza non adoita ser tan grande como para que as medidas de corrección difiran moito da realidade, aínda que nalgúns casos pode dar máis problemas dos que se pensaban nun principio. Durante o seguimento tamén poden atoparse inconvenientes derivados da existencia de certos axentes de obra que non foron tidos en conta no estudo de impacto, ou casos nos que un exceso de celo no establecemento de áreas ou zonas de cautela simplemente con base en factores hipotéticos pode resultar un auténtico “nada”, é dicir, comprobarse a total ausencia de evidencias arqueolóxicas (lógicamente isto tamén é relativo posto que está en función da incidencia e magnitude da obra ou o que é o mesmo, da cantidade de terra removida).

Á marxe de pequenos erros, a efectividade do PGMC está máis que demostrada, sobre todo, porque é a ferramenta indispensable para evitar as afeccións de maior gravidade sobre o Patrimonio propoñendo, por exemplo como medida drástica, a eliminación do axente de impacto. Determina ademais a base sobre a que elaborar o proxecto de Corrección, e marca as pautas iniciais de todo o seguimento contando coas indicacións precisas para cada entidade. ¿Qué máis se pode pedir?

Cuantificación e análise dos xacementos documentados na CIArq

Durante os traballos de Corrección de Impacto Arqueolóxico da construción de Parques Eólicos que se veñen desenvolvendo desde o ano 96 polo LAFC, podemos afirmar que foron documentadas un total de 299 novas entidades arqueolóxicas, tendo sempre en conta que algúns dos traballos permanecen abertos e os resultados non son definitivos. Destas, 238 puntos correspóndense coa localización de conxuntos de materiais, 330 concretamente, a maioría de adscripción cultural indeterminada, aínda que nalgúns casos deron tamén lugar á identificación de trece zonas e de seis xacementos ó aire libre de época paleolítica/ epipaleolítica e neolítica. Nunha segunda orde aparecen as estruturas, unhas 47 (contando incluso as non afect.) elementos de carácter variado como once fosas, un paleosuelo, tres afloramentos ou abrigos graníticos, un refuxio, a caixa de dous camiños, seis valos de monte, oito estruturas con grabados históricos, normalmente cruces, unha estrutura ritual ou de culto, catro pedras chantadas, un pazo, unha igrexa, unha cruz ou cruceiro, unha “neveira”, un muiño e dous cercos ou sesteiros para o gando, ademais de outras tres estruturas indeterminadas. En canto ós xacementos arqueolóxicos atopámonos con 25 novas entidades documentadas, a meirande parte representacións gráficas ó aire libre²³, ata un total de nove petroglifos, ademais de outras nove mámoas megalíticas, un xacemento ó aire libre da prehistoria recente e cinco do paleolítico superior/ epipaleolítico e un castro da Idade do Ferro; neste reconto estarían incluídos os seis xacementos antes citados documentados a partir da localización de diversos conxuntos de materiais.

Como podemos observar, os conxuntos de materiais son sen dúbida o tipo de achádegos máis frecuente e abundante, e só 57 destes conxuntos deron lugar á identificación de seis xacementos. Como antes se dixo, na maioría dos casos a súa adscripción cultural é de carácter indeterminado e só nalgúns casos pódense encasillar claramente en momentos do paleolítico superior/ epipaleolítico ou, no seu defecto, relacionarse co período neolítico polas características dos materiais ou pola súa proximidade ou vinculación directa con algún xacemento desta cronoloxía, normalmente unha mámoa concreta ou algunha necrópole tumular como no caso do P.E. de Codesas.

Si votamos agora unha ollada ás estruturas e ós xacementos de carácter visible en superficie, vemos

²³ A este respecto dicir que nun principio algunhas destas representacións gráficas non son consideradas xacementos a pesar de estar constituídas por un tipo de grabados significativos, e identifícanse simplemente como estruturas, aínda que neste balance estableceremos para elas o mesmo rango que para os xacementos.

como o número de documentacións cae sensiblemente e se reduce a 49 entidades, é dicir un 16'38% do total das novas entidades. Hai que puntualizar ademais que moitos dos elementos que se inclúen neste reconto atópanse a unha distancia suficiente como para non verse afectados, porén son incluídos no inventario por atoparse na poligonal do Parque Eólico ou na área de mostraxe do mesmo. No caso dos xacementos, estamos a falar dun total de 16 xacementos visibles afectados non documentados na fase de Avaliación, concretamente de nove petroglifos, seis mámoas e un castro. Si temos en conta que entre as fases de Avaliación e Corrección foron tratados un total de 284 xacementos, entón estamos a falar dun erro de tan só un 5,63%. Máis aínda se temos conta de que algunhas destas deficiencias foron provocadas por algunha modificación do proxecto que xenerou novas afeccións. Esta caída é facilmente explicable e afortunadamente amosa a boa saúde e efectividade dos traballos de Avaliación. É lóxico pensar que a meirande parte dos elementos de carácter visible xa foron documentados no estudo de impacto e tan só aqueles que por causas da vexetación que os ocultaba ou de calquera outra rara circunstancia puideron quedar fóra.

En canto ás estruturas non visibles en superficie tamén é evidente que só serán documentadas unha vez iniciada a remoción de terreos.

Si durante o proceso de Corrección foron documentadas as entidades arriba citadas, cos seus claros predomínios, durante a Avaliación foron os xacementos tumulares os que sen dúbida destacaron pola súa abundancia, seguidos dos abrigos e das representacións gráficas ó aire libre. A comparación de ambos resultados plantexa agora dúas preguntas fundamentais: a primeira é por qué son documentados apenas uns poucos xacementos de natureza invisible tendo sin embargo nestas zonas unha grande presenza de xacementos visibles, fundamentalmente de tipo tumular que deberían ter asociadas áreas de actividade; a segunda cuestión, complemento da primeira, plantexa si será tan pequena a incidencia dun Parque como para que non cheguen a descubrirse novos xacementos. A resposta a estas cuestións baséase, como non podía ser doutra maneira, nas deducións extraídas do estudo realizado. En realidade non creo que a incidencia dun Parque sexa tan pequena como para non xenerar afección sobre os xacementos invisibles. En realidade penso que os lugares de emprazamento das necrópoles tumulares estudadas, xacementos nos que me centro por ser sen dúbida dominantes, aínda que é evidente que si coinciden coa ubicación dos PE, non teñen por qué coincidir necesariamente con áreas de actividade vinculadas ó contrario do que ata o de agora se viña mantendo dunha forma xeral para a totalidade dos emplazamentos tumulares; máis ben eu diría que non coinciden pois de feito a ausencia de evidencias deste tipo logo de tódolos traballos efectuados neste marco, fai pensar que os lugares de actividade, habitación ou espazos de captación de recursos non teñen por qué gardar ningunha relación espacial mediata cos monumentos funerarios. Á marxe dalgunxos conxuntos de materiais localizados que poderían estar en relación co momento de construción e utilización das mámoas, non

se atopan maiores evidencias, razón de peso suficiente como para empezar a descartar a vinculación directa nun mesmo emprazamento destes xacementos coas áreas de actividade correspondentes. Isto non é moito menos unha afirmación, simplemente deixo colgada unha hipótese que espero se vexa resolta coa aportación de novos datos.

Resultados concretos das áreas cauteladas

As áreas de cautela son definidas durante o proceso de Avaliación como medida de corrección en función da existencia de xacementos, de zonas ou de características xeomorfolóxicas especiais. En realidade é unha figura moi recente, no uso que se lle da neste tipo de proxectos, posto que únicamente se ven definindo con claridade nos últimos anos²⁴.

Nos primeiros traballos realizados é un factor practicamente ausente e non existía unha figura tal que establecese o grado de control, precaución e reserva sobre un espacio determinado vinculado normalmente a evidencias ou hipóteses arqueolóxicas. Lóxicamente intensificábase o control sobre as obras realizadas nas inmediacións de xacementos ou estruturas pero non se contaba cunha medida específica e definitoria coas implicacións dunha cautela.

A necesidade fixo que se definisen en primeiro lugar as chamadas cautelas efectivas como medida de corrección acordada entre arqueólogo e administración, normalmente en fase de Avaliación. Esta cautela implica a necesidade de que o arqueólogo realice as correspondentes accións correctoras antes de que se executen as obras nese espacio cautelado.

Si existían no Planeamento as denominadas figuras de protección integral, determinada polo propio elemento e un pequeno perímetro de seguridade, e de protección cautelar que consisten nunha adaptación ó actual entorno de protección.

Co tempo e gracias á experiencia adquirida, as cautelas vanse definindo con máis frecuencia e precisión, aínda que non sempre con máis efectividade, e xa nos últimos proxectos atopamos por fin tres tipos de cautelas, a saber: áreas de exclusión, espazos nos que non se pode levar a cabo ningún tipo de acción de obra, cautelas efectivas, nas que se require a intervención arqueolóxica previamente ás obras e, cautelas preventivas, nas que o arqueólogo debe estar presente cando se realicen obras nese espacio intensificando o control.

A Avaliación do Impacto dos proxectos aquí tratados dou como resultado o establecemento de apenas 15 áreas de cautela ou similares en función de

²⁴ En realidade, o uso da cautela remóntase ós inicios dos traballos de avaliación e corrección de impacto levada a cabo polo LAFC.

xacementos ou elementos documentados: 8 de protección integral parecidas a áreas de exclusión e 7 de carácter preventivo xeral a modo de cautelas efectivas e preventivas. Ademais, para aquelas zonas e áreas arqueolóxicas potenciais foron xa claramente establecidas nos últimos estudos cautelas preventivas.

Ningún dubida da efectividade das áreas de exclusión como primeira medida de protección dun elemento, porén, nas obras de construción de Parques Eólicos aprecianse escasos resultados respecto á aplicación das outras cautelas. Na maioría dos casos os resultados non son nada satisfactorios en canto a documentación de novas entidades arqueolóxicas. Os achádegos limítanse como vimos antes a conxuntos de materiais de adscripción indeterminada que pouca información aportan ou apenas cambian a valoración da entidade á que poden estar vinculados. Isto podería ter relación coa hipótese plantexada ó final do apartado anterior sobre a ausencia de áreas de actividade significativas. Pero, evidentemente, a ausencia reiterada de evidencias arqueolóxicas en certos espazos non será nunca motivo para non aplicar unha medida de corrección tan útil e necesaria.

Os ámbitos de protección eólica. Plans de conservación e revalorización dos P.E. de Codesas, Fonsagrada e Fonteavía- Bidueiros

Con *ámbito de protección eólica* referímonos a unha figura de protección ou cautela que funciona englobando os elementos patrimoniais dentro da área de expropiación do parque eólico, de xeito que a titularidade e/ou xestión dos terreos pasa a ser competencia das propias empresas eólicas. Isto debería repercutir positivamente no coidado e protección das entidades dado que a súa situación e características é sobradamente coñecida polo personal do parque e as actuacións sobre estes terreos están reguladas e controladas.

A orixe desta figura veu motivada polo Estudo de Impacto do P.E. de **Codesas**, na Serra do Bocelo. Neste territorio realizáranse importantes traballos arqueolóxicos na década dos anos '80 no marco do proxecto *Arqueología del Paisaje: el área Bocelo-Furelos*, por unha equipa de investigación na que se atopaba o actual investigador responsable do LAR Felipe Criado Boado. Vinte anos máis tarde constatouse a grave alteración de moitos dos xacementos polas actividades agroforestais e o emprego de novas tecnoloxías e grande maquinaria agrícola; a situación patrimonial da maioría dos xacementos de tipo tumular mudara negativamente. Esta circunstancia fixo, logo de sopesar os pros e os contras, replantearse as estratexias de protección das entidades, considerando agora a necesidade de incluír na medida do posible os xacementos na área de expropiación do P.E. a pesar do risco que produciría a construción e o posterior impacto visual. Ademais, como compensación a os efectos negativos produci-

dos polo P.E. sobre o Patrimonio Cultural, chegouse ó acordo de adoptar unha serie de medidas compensatorias entre as que se atopa como principal actuación a conservación e posta en valor do dolmen de Forno dos Mouros que está previsto realizar nos meses de setembro e outubro de 2007.

Unha estratexia de protección similar foi adoptada no caso do P.E. de **Fonsagrada**. O criterio inicial de alonxar as obras do perímetro das entidades arqueolóxicas a máis de 70 m veuse supeditado ó feito de que así sería imposible cautelar o uso do solo. Porén, a empresa promotora chegou ó acordo cos propietarios para protexer aqueles xacementos que se atopaban nesta situación descrita (a máis de 70 m) mediante o compromiso de non realizar determinadas labores agrícolas a cambio dun aluguer. O resultado é que o 55 % dos xacementos afectados (22 xacementos concretamente) atópanse baixo a figura do ámbito de protección eólica, porcentaxe que aumenta ata o 62% (3 túmulos máis) se consideramos os que se atopan en terreos en que se chegou a acordo cos propietarios. A proximidade das infraestruturas eólicas ten unha forte incidencia visual nos xacementos e na paisaxe na que se insiren, a pesar de evitar a presenza de aeroxeneradores na intervisibilidade entre os túmulos a fin de manter o sentido da paisaxe do conxunto tumular. Pero non cabe dúbida de que o feito de que exista un proxecto de recuperación física dun número significativo de xacementos devolvéndolle a súa monumentalidade, e sobre todo acompañado dun programa de musealización organizado en torno ós xacementos e a unha aula arqueolóxica ubicada na subestación do P.E., a realización de roteiros, a súa difusión, etc., fan viable patrimonialmente un proxecto coma este que, de non ser por todas estas medidas compensatorias, non podería ter sido executado.

No caso dos P.E. de **Fonteavía e Bidueiros** na Serra do Suído ocorre algo parecido ós casos anteriores; unha paisaxe cunha alta densidade de xacementos arqueolóxicos de carácter variado e outros moitos elementos patrimoniais de alto valor etnográfico. As actuacións que se plantexan como medidas compensatorias baséanse na *Recuperación da Paisaxe Tradicional da Serra do Suído* mediante a realización dun plan que conleva a limpeza, consolidación e visibilización das evidencias documentadas. Este plan parte á súa vez dun exhaustivo traballo de documentación e enquisa etnográfica, realizado logo de ampliar a zona de traballo ao conxunto da serra e vales adxacentes máis alá dos ámbitos abarcados polos traballos de Estudo de Impacto nas poligonais dos P.E. A proposta concrétese en tres liñas de acción específicas que son: o plan de Recuperación (labores de roza, estudo da solidez arquitectónica e traballos de consolidación), o plan de Difusión (publicación do inventario do patrimonio etnográfico e cultural da zona) e o plan de Dinamización (roteiros, material didáctico, cartelería e sinalética).

Vistos estes tres exemplos queda claro que a idea xeral é compatibilizar a construción de Parques Eólicos coa protección, conservación e revalorización do Patrimonio, facendo viable a execución dos primeiros ó tempo que se aproveita a oportunidade que nos brindan como un medio para protexer e re-

cuperar o Patrimonio Cultural. Compre agora ver, co paso do tempo, a efectividade desta estratexia e se realmente logrará converterse en verdadeira medida de preservación do Patrimonio.

CONCLUSIÓNS

A análise dos traballos que compoñen este estudo ten como obxectivo fundamental a elaboración dunha síntese de procedementos e resultados da Corrección do Impacto Arqueolóxico da construción de Parques Eólicos, que o LAr ven realizando desde o ano 1996. A base do estudo son tódolos informes emitidos en relación a estes proxectos, dos que se obtivo numerosa información, aínda que prestando atención especial a tres puntos fundamentais: a metodoloxía de corrección, o desenvolvemento dos traballos de campo e os resultados. Outra fonte de documentación esencial foi a base de datos do LAr (SIA+) que proporcionou valiosas sínteses no referente á EIArq dos proxectos.

Para a primeira parte do traballo revisouse moita da bibliografía relativa a avaliacións de impacto ambiental e arqueolóxico, de corrección de impacto, de xestión e protección do patrimonio cultural e arqueolóxico, de lexislación vixente en materia de protección do patrimonio, de características construtivas específicas dos proxectos tratados, etc. Si temos en conta que o estudo se basea nos traballos do LAr e que este grupo presenta ademais publicacións periódicas sobre os traballos, criterios e convencións en Arqueoloxía da Paisaxe, á marxe doutra moita abundosa produción (incluso inédita), resulta evidente pensar que son precisamente esas publicacións unha das ferramentas fundamentais deste traballo. De feito resultoume especialmente difícil afastarme das directrices expostas evitando reproducir o mesmo modelo, así como redefinir conceptos e procedementos. Son consciente de que en moitos casos non conseguín desligarme ou simplemente vinme obrigada a ter que repetir información (tal é o caso das compoñentes dun PE) aínda que seguramente en moitos outros momentos fixen reproducións de forma totalmente inconsciente, debido posiblemente ó traballo que eu mesma realizo no seo deste grupo e que comparte a mesma metodoloxía. A bibliografía consultada pretendía polo tanto buscar enfoques múltiples que permitisen logo realizar unha reconstrución da que o traballo do LAr, que mantén as posicións na Arqueoloxía da Paisaxe, formaría parte integrante. O obxectivo último sería aproximarse ó papel que ese traballo xoga nos procesos de Avaliación e Corrección do Impacto Arqueolóxico, e máis concretamente no terreo da Xestión.

Os informes consultados correspondentes ós resultados dos traballos de Corrección, aportan a meirande parte da información que integra a descripción, cuantificación e análise dos datos. En realidade optouse por presentar unha síntese de proxectos na que se recollen as características básicas de cada un en canto a entidades arqueolóxicas tratadas, diagnose dos impactos detectados e deseño e aplicación de medidas correctoras. A continuación unha

crítica e comparación dos datos aportará cohesión e sentido á síntese.

A metodoloxía de Avaliación e Corrección resulta unha das pezas básicas do noso rompecabezas. É fundamental non só para comprender os criterios e procedementos do traballo arqueolóxico, senón que serve para comprobar e comparar a súa aplicación nos diferentes proxectos tratados. De feito, é tema reiterativo en moitas partes deste traballo.

Hai un punto de partida que se debería ter en conta á hora de falar da metodoloxía de corrección. O Plan Eólico de Galicia está constituído por un grande número de parques instalados en espazos con características, por unha banda comúns, pero por outra ben diferentes (topografía, condicións erosivas, accesibilidade, etc.) que procuran actuacións especiais adaptadas a cada caso concreto. Consecuentemente o seguimento arqueolóxico deste tipo de obras debe supoñer tamén unha adaptación a cada proxecto en cuestión, o que acabaría producindo un forte desligamento. Resulta evidente pensar que desmembrar os procesos do seguimento da construción dos Parques sería un grave erro pois, por un lado, non permitiría crear unha metodoloxía aplicable a novas actuacións e, por outro, o proceso perdería efectividade e capacidade de resolución. Ademais son moitas as pautas que manteñen en común este tipo de obras. Polo tanto, a pesar de múltiples características concretas, é necesario manter un criterio de unidade. De feito, o proceso de corrección cobra sentido desde o punto de vista dun plantexamento homoxéneo e amplificador, tanto do traballo arqueolóxico, como do tratamento da problemática ou da creación de información, o cal permite avaliar e correxir con criterios globais o Patrimonio Cultural afectado pola construción.

Non hai máis que botar unha ollada á evolución dos traballos de Corrección do Impacto Arqueolóxico da construción de PE realizados polo LAr e que foron empregados para a realización deste estudo, para ver como este desenvolvemento gaña en control, precisión e efectividade. Por un lado, amósase un maior coñecemento dos axentes de obra e da súa capacidade de afección, e daquelas outras accións complementarias, que aínda que moitas veces non se inclúen no informe técnico proporcionado pola empresa, forman parte igualmente da obra e constitúen polo tanto un potencial axente de impacto. Tamén se constata unha mellor soldadura na resolución de incidencias e imprevistos que poden ir xurdindo a medida que avanzan os traballos; esta cuestión permanece estreitamente vencellada á evolución sufrida nos procesos de EIArq que amosan tamén un maior grado de efectividade en canto á diagnose e ás medidas de corrección. Vemos incluso a definición e adopción de figuras especiais como é o caso das áreas de cautela, que permiten precisar no control e protección das entidades arqueolóxicas. En definitiva, a metodoloxía acadada na CIArq responde, como non podía ser doutra forma, á resolución dos problemas prácticos que foron xurdindo.

Pero en realidade, queda claro que a corrección debe comezar con anterioridade ó inicio das obras. De feito, a máxima rentabilidade en canto a preven-

ción de impactos acádase si a Avaliación de Impacto Arqueolóxico dun proxecto intervéñe no proceso de deseño e planificación da obra. Aínda así, dadas as condicións de invisibilidade de boa parte do rexistro arqueolóxico galego, existirán limitacións evidentes na diagnose, posto que na maioría dos casos non se pode prever a ausencia ou existencia de xacementos ou elementos arqueolóxicos nunha zona ata que esta se ve afectada polas obras. Isto non quita que a CIARq da construción dun Parque Eólico deba estar en perfecta consonancia cos resultados e indicacións da EIAr, a fin de establecer a metodoloxía de traballo oportuna e poder aplicar as medidas propostas na avaliación, así como realizar o control e corrección das novas incidencias arqueolóxicas que poidan xurdir.

A cantidade de novos puntos documentados durante os traballos de control e corrección, é a proba que demostra suficientemente a necesidade de establecer como medida básica e imprescindible a realización dun seguimento arqueolóxico constante e continuado durante tódalas fases de obra, especialmente daquelas que implican remocións de terreos, a fin de documentar novas incidencias arqueolóxicas que poidan ser exhumadas, e corregir ou mitigar de maneira efectiva o impacto destas obras sobre o Patrimonio Cultural e Arqueolóxico. Precisamente, a documentación destas entidades ofrece un campo fructífero á investigación porque permite contar con información perfectamente contextualizada sobre o rexistro arqueolóxico dunhas zonas unicamente coñecidas polos xacementos de carácter visible. A este respecto, o aporte maior está relacionado con momentos comprendidos entre o Paleolítico e o Neolítico Final e Bronce Inicial. Gracias a estes traballos, o coñecemento das zonas de estudo xa pode ser contemplado desde unha óptica máis perceptiva e penetrante, que permita aproximarse á reconstrución deste tipo concreto de paisaxes e dos seus patróns de distribución. En definitiva, a afección e destrución do rexistro arqueolóxico é procesada e transformada en coñecemento arqueolóxico ó servizo da comunidade investigadora, sendo precisamente éste o principal matiz positivo dos traballos de corrección.

Nos últimos anos son moitas as cuestións que van entrando no xogo da Avaliación e Corrección do impacto arqueolóxico; o aumento da potencia enerxética provoca a implantación de aerogeneradores de maior tamaño, até 120 m de altura, que provocan tamén un maior impacto físico e visual que hai que tomar moi en conta no momento da avaliación. Xa en fase de execución é moi significativa a aplicación de medidas de corrección desenvolvidas nas fases iniciais da obra ou ben a realización de medidas compensatorias como contrapartida á construción dun proxecto nun área de alto valor cultural. Vemos como nesta liña son realizadas sondaxes, calicatas e estudos arqueolóxicos previos ó inicio das obras nalgúns dos P.E. da Serra do Xistral ou, máis claramente, como se aplica o denominado *ámbito de protección eólica* a fin de permitir a construción de parques inicialmente inviables, ó tempo que se aproveita a oportunidade para tentar protexer e poñer en valor o Patrimonio. Esta medida, aplicada nos P.E. de Fonsagrada e Codesas, responde a unha vulnerabilidade e degradación física dos xacementos moi

evidente, pero falta ver a súa efectividade real nos próximos anos. Son escéptica respecto a que se poña freno a este deterioro porque, o feito de que os elementos estén incluídos no *ámbito de protección eólica* ¿vai evitar realmente a súa alteración e destrución?, de ser o caso ¿non quedarán máis ben como áreas degradadas e olvidadas dentro do P.E.?, ¿quén velará pola custodia e o cumprimento de evitar actuacións agresivas para o patrimonio?, e ¿quén garante a transmisión da información sobre os xacementos aos operarios de vixilancia e mantemento do P.E.?. Penso que a verdadeira efectividade da medida radica máis ben nos traballos de posta en valor que como medidas compensatorias van aparelados; estes si son a auténtica xustificación que posibilita a construción dun P.E. nunha zona de alto valor arqueolóxico e patrimonial. De feito, a compensación pode incluso ir máis alá da propia poligonal do P.E. como no caso da Serra do Suído, de modo que a paisaxe cultural é tratada e comprendida en toda a súa extensión.

Un último reto será ver que sucede coas novas intencións das promotoras eólicas de sortear o procedemento administrativo habitual de solicitar a autorización dos P.E. á Consellería de Industria da Xunta de Galicia, a fin de evitar a cesión do 10% do capital ó Inega, facendo agora a solicitude ó Goberno Central. Manterémonos á expectativa para ver que implicacións pode ter esta decisión respecto ó Patrimonio Cultural da nosa comunidade, especialmente a nivel administrativo e de intercambio de información.

Moitas cuestións quedan abertas ó non ser abarcadas por este traballo ou por ser simplemente presentadas de xeito somero. Así por exemplo, aínda que se falou do grado de cumprimento das medidas correctoras indicadas en fase de Avaliación e de cómo estas inflúen no deseño do proxecto, faltaría realizar un recuento daqueles casos de modificacións concretas, saber a instalación de cántos aerogeneradores foi descartada polos resultados da Avaliación, ou moitos outros interrogantes que poidan ir xurdindo. Por suposto, a intención non era abarcar unha análise omnisciente, senón simplemente presentar unha síntese de procedementos e resultados que permita deixar unha porta aberta á investigación neste campo permitindo deste xeito rentabilizar a información obtida.

REFERENCIAS

- Amado Reino, X. 1999. Programas de Corrección de Impacto Arqueolóxico en la construción de Obras Públicas. XXV Congreso Nacional de Arqueología. Valencia (Valencia, 1999): 261-266.
- Amado Reino, X., Barreiro Martínez, B. y Martínez López, M^a. C. 1998. Evaluación y Corrección de impacto arqueolóxico en obras públicas. Propuesta desde la Arqueología del Paisaje. Trabajos en Arqueología da Paisaxe 2. Santiago de Compostela: LAFC.

- Amado Reino, X., Criado Boado, F., Barreiro Martínez, D. y Martínez López, M^a. C. 2002. *Especificaciones para una gestión integral del impacto desde la Arqueología del Paisaje*. Criterios e Convencións en Arqueoloxía da Paisaxe 26. Santiago de Compostela: LAFC.
- Amado Reino, X., Martínez López, M^a. C. y Chao Álvarez, F. J. 1998 a. *La Arqueología en la Gasificación de Galicia 2: Evaluación de impacto arqueológico de la Red Vigo-Porriño*. Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe 4. Santiago de Compostela: LAFC.
- Amado Reino, X., Martínez López, M^a. C. y Lima Olivera, E. 2000. *La Arqueología en la Gasificación de Galicia 8: Corrección de impacto del Gasoducto de Transporte Vilalba-Valga*. Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe 11. Santiago de Compostela: LAFC.
- Amado Reino, X., Martínez López, M^a. C. y Santos Estévez, M. 1998 b. *La Arqueología en la Gasificación de Galicia 5: Corrección de impacto del Ramal Pontevedra-Ourense*. Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe 7. Santiago de Compostela: LAFC.
- Ayán Vila, J. M. y Amado Reino, X. 1999. *La Arqueología en la Gasificación de Galicia 6: Estudos de Evaluación de Impacto*. Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe 8. Santiago de Compostela: LAFC.
- Barreiro Martínez, D. 2000. *Evaluación de impacto arqueológico*. Criterios e Convencións en Arqueoloxía da Paisaxe 14. Santiago de Compostela: LAFC.
- Barreiro Martínez, D. 2001. Académica Palanca. *Revista de Arqueología*, 242: 6-10.
- Barreiro Martínez, D. y Villoch Vázquez, V. 1997. *Un modelo de Evaluación de Impacto Arqueológico: El Parque Eólico de Careón*. Criterios e Convencións en Arqueoloxía da Paisaxe 1. Santiago de Compostela: LAFC.
- Barreiro Martínez, D., Villoch Vázquez, V. y Criado Boado, F. 1999. El desarrollo de tecnologías para la Gestión del Patrimonio Arqueológico: hacia un modelo de Evaluación de Impacto Arqueológico. *Trabajos de Prehistoria*, 56: 13-26.
- Conesa Fernández-Vítora, V. 1995. *Guía metodológica para la Evaluación de Impacto Ambiental*. Bilbao: Ediciones Mundi-Prensa.
- Criado Boado, F. & González Méndez, M. 1993. La socialización del patrimonio arqueológico desde la perspectiva de la arqueología del paisaje. *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, Vol. I (Vigo, 1993): 261-266.
- Criado Boado, F. 1993. Límites y posibilidades de la Arqueología del paisaje. En: *SPAL, Revista de Prehistoria y Arqueología*, 2: 9-55.
- Criado Boado, F. 1993. El control arqueológico de obras de trazado lineal: planteamientos desde la Arqueología del Paisaje, en *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, 7-14. Vigo.
- Criado Boado, F. 1996b. La Arqueología del futuro, ¿el Futuro de la Arqueología? *Trabajos de Prehistoria* 53, nº1: 4-7. Madrid: CSIC.
- Criado Boado, F. 1996c. La Arqueología del Paisaje como programa de gestión integral del Patrimonio Arqueológico. *Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico*, 14: 15-9. Sevilla: Junta de Andalucía / Consejería de Cultura.
- Criado Boado, F. 1996d. Hacia un modelo integrado de investigación y gestión del Patrimonio Histórico: la cadena interpretativa como propuesta. *Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico*, 16: 73-8. Sevilla: Junta de Andalucía / Consejería de Cultura.
- Criado Boado, F. 1999. *Del terreno al Espacio: Planteamientos y perspectivas para la Arqueología del Paisaje*. Criterios e Convencións en Arqueoloxía da Paisaxe, 6. Santiago de Compostela: LAFC.
- Criado Boado, F., Amado Reino, X. y Martínez López, M^a. C. 1997. Informe: Red de Gasificación de Galicia. Corrección del Impacto Arqueológico. *Revista de Arqueología*, 198: 6-13.
- Criado Boado, F., Amado Reino, X. y Martínez López, M^a. C. 1998. *La Arqueología en la Gasificación de Galicia 1: Programa de Control y Corrección de Impacto*. Criterios e Convencións en Arqueoloxía da Paisaxe, 4. Santiago de Compostela: LAFC.
- Criado Boado, F., Amado Reino, X., Martínez López, M^a. C., Covas Fernández, I. y Parcero Oubiña, C. 2000. Programa de Corrección del Impacto Arqueológico de la Gasificación de Galicia. Un ejemplo de Gestión Integral del Patrimonio Arqueológico. *Complutum*, 11: 63-85.
- Criado Boado, F., Villoch Vázquez, V. y Barreiro Martínez, D. 2000. *Arqueología y Parques Eólicos en Galicia: Proyecto Marco de Evaluación de Impacto*. Criterios e Convencións en Arqueoloxía da Paisaxe, 5. Santiago de Compostela: LAFC.
- Gómez Orea, D. 1994. *Evaluación de Impacto Ambiental*. Madrid: Editorial Agrícola Española.
